

## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 39

**Sesión plenaria**  
**8 de xuño de 2021**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Comparecencia

#### 1.1 16674 (11/CPP-000056)

Da conselleira do Mar, por petición propia, pola situación creada polo recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico respecto do Plan xeral de explotación marisqueira para o período 2021-2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020

### Punto 2. Mocións

#### 2.1 16667 (11/MOC-000046)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dun novo modelo eólico para Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 15829, publicada no BOPG nº 138, do 12.05.21, e debatida na sesión plenaria do 25.05.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020

#### 2.2 16668 (11/MOC-000047)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa participación equilibrada de homes e mulleres nos órganos da Administración e nos consellos de administración de sociedades (Moción consecuencia da Interpelación nº 15700, publicada no BOPG nº 138, do 12.05.21, e debatida na sesión plenaria do 25.05.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020

#### 2.3 16671 (11/MOC-000048)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio natural e a biodiversidade (Moción consecuencia da Interpelación nº 5617, publicada no BOPG nº 52, do 25.11.20, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020

### Punto 3. Propositions non de lei

#### 3.1 2553 (11/PPN-000255)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre o inicio polo Goberno galego, no último trimestre de 2020, do debate para a actualización do Pacto local de Galicia no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020



**3.2 5252 (11/PNP-000601)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da rebaixa ao 4 % do IVE sobre a electricidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

**3.3 12192 (11/PNP-001201)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as condicións laborais e salariais do persoal do Sergas.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 109, do 11.03.2021

**3.4 13689 (11/PNP-001341)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central de atención ás alegacións presentadas pola Xunta de Galicia respecto do Proxecto de orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

**3.5 14701 (11/PNP-001452)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co deseño e presentación oficial do Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

**3.6 15479 (11/PNP-001491)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de programas de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

**Punto 4. Interpelacións****4.1 14348 (11/INT-000828)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector da automoción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021



**4.2 15774 (11/INT-000896)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

**4.3 16363 (11/INT-000940)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144, do 26.05.2021

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****5.1 16728 (11/POPX-000033)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre o compromiso que ten o Goberno galego coas políticas ambientais e de coidado na natureza en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020

**5.2 16729 (11/POPX-000034)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para frear o espolio enerxético de Galicia e o dano ambiental que causa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 16713 (11/PUP-000184)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre as razóns do atraso na asignación ás autónomas e aos autónomos e ás pequenas e medianas empresas galegas dos fondos recibidos como consecuencia do Real decreto lei 5/2011, do 12 de marzo, de apoio á solvencia empresarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020

**6.2 16710 (11/PUP-000182)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e seis deputados/as máis**

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para defender a autonomía financeira de Galicia e tentar reverter a modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020



**6.3 11528 (11/POP-001630)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre o avance que presentan os traballos de ampliación da rede de centros integrados de formación profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

**6.4 15802 (11/POP-002072)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia relativas á conservación e posta en valor do ben de interese cultural da torre de Teodomiro, no concello de Aranga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

**6.5 15816 (11/POP-002073)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre as actuacións do Goberno galego respecto das previsións para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido

Publicación da iniciativa, BOPG nº 138, do 12.05.2021

**6.6 16711 (11/PUP-000183)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a ampliación da permanencia de mozos e mozas con discapacidade nos centros de educación especial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2020

**6.7 8883 (11/POP-001242)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a problemática xerada pola precariedade das instalacións do Servizo de Urgencias Extrahospitalarias situado no Hospital Comarcal de Monforte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

**6.8 11040 (11/POP-001571)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos resultados do proceso asistencial integrado para a esclerosis lateral amiotrófica (ELA), posto en marcha no ano 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

**6.9 16155 (11/POP-002112)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do reforzamento dos servizos do Centro de Saúde da Guarda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144, do 26.05.2021



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

*Antes de comezar co desenvolvemento da orde do día, o señor presidente convida a todos os membros da Cámara a gardar un minuto de silencio en memoria da deputada Isaura Abelaira Rodríguez, deputada do Parlamento de Galicia, falecida a semana pasada. (Páx. 10.)*

**Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, pola situación creada polo recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico respecto do Plan xeral de explotación marisqueira para o período 2021-2023. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 10.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 15.), Sra. Pérez Fernández (BNG) (Páx. 16.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 18.)*

*Réplica do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 22.)*

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 26.) Nesta rolda interveñen o señor Torrado Quintela (S) (Páx. 26.), a señora Pérez Fernández (BNG) (Páx. 27.), a señora Egerique Mosquera (P) (Páx. 30.) e a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 32.)*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dun novo modelo eólico para Galicia. (Punto segundo da orde do día.)**

*Intervención do grupo autor da moción: Sr. Seco García (S). (Páx. 36.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 39.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 43.)*

*Nova intervención do señor Seco García (S). (Páx. 47.)*



**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa participación equilibrada de homes e mulleres nos órganos da Administración e nos consellos de administración de sociedades.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 48.)

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 49.)

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 52.)

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 54.)

*A señora Díaz Varela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 57.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio natural e a biodiversidade.** (Punto segundo da orde do día.)

*Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 59.)

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Arangüena Fernández (S) (Páx. 62.) e Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 65.)

*Nova intervención do señor Bará Torres (BNG).* (Páx. 68.)

### ***Votación das mocións***

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dun novo modelo eólico para Galicia: rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

*Votación dos puntos 1 e 3 do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa participación equilibrada de homes e mulleres nos órganos da Administración e nos consellos de administración de sociedades: aprobados por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

*Votación do punto 2 do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa participación equilibrada de homes e mulleres nos órganos da Administración e nos consellos de administración de sociedades: rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa*





protección do patrimonio natural e a biodiversidade: rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 72.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre o inicio polo Goberno galego, no último trimestre de 2020, do debate para a actualización do Pacto local de Galicia no seo da Comisión Galega de Cooperación Local. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 72.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 73.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 76.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 79.)*

*A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 84.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da rebaixa ao 4 % do IVE sobre a electricidade. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 86.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 87.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Francisco Rivera (S). (Páx. 91.)*

*Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 93.)*

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 97.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as e máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as condicións laborais e salariais do persoal do Sergas. (Punto terceiro da orde do día.)**

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 99.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 102.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 105.)*

*Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 108.)*





**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central de atención ás alegacións presentadas pola Xunta de Galicia respecto do Proxecto de orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 110.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 117.) e *Sra. Prezas Bergantiños (BNG).* (Páx. 120.)

*A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 123.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereá Fraiz e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co deseño e presentación oficial do Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022.** (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vereá Fraiz (P).* (Páx. 126.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Gallego Sanromán (S)* (Páx. 128.) e *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 131.)

*Nova intervención do señor Vereá Fraiz (P).* (Páx. 134.)

*Suspéndese a sesión ás sete e vinte e catro minutos da tarde.*



*Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

*Ábrese a sesión.*

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo cal, non procedemos á súa lectura.

Antes de comezar co desenrolo da orde do día, convido a todas as súas señorías a gardar un minuto de silencio en memoria da nosa compañeira Isaura Abelaira Rodríguez, deputada do Parlamento de Galicia e falecida a semana pasada, a quen todas e todos recordamos coma unha galega boa e xenerosa. Gardamos un minuto de silencio.

*(Todos os deputados e todas as deputadas, así como todos os membros do Goberno e asistentes a esta sesión plenaria, postos en pé, gardan un minuto de silencio.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Continuamos, agora si, coa orde do día, co punto 1, de comparecencias.

**Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, pola situación creada polo recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico respecto do Plan xeral de explotación marisqueira para o período 2021-2023**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a comparecencia ten a palabra a conselleira do Mar, Rosa María Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Señor presidente, señorías, moi bo día.

Comparezo hoxe nesta Cámara, a petición propia, para dar conta dunha situación que pon en risco a continuidade do labor sostible desenvolvido dende hai décadas polas persoas que na nosa comunidade autónoma exercen o marisqueo.

Certo é que noutras ocasións Galicia e esta actividade se enfrontaron a situacións de ameaza por causas naturais imponderables, ou a circunstancias traídas pola man do home máis vencelladas a accidentes máis ou menos fortuítos ou inesperados. Agora, neste caso, non podemos dicir que a situación xurda espontaneamente ou que non sexa evitable, e mesmo ten un rumbo variable sen moito máis esforzo a aplicar para ser corrixido que a decisión das persoas da Administración que deberían velar polo benestar e o futuro da xente do mar e non por poñerlles atrancos.

Para ver como ese rumbo errado pode levar por diante a fundamentación da actividade deste sector, hanme de permitir que faga unha contextualización para ver onde están os marcos do eido normativo deste labor tan intrinsecamente ligado a Galicia como é o marisqueo.



Hai corenta e tres anos, a Constitución española foi aprobada polas Cortes e ratificada polo pobo español en referendo do 6 de decembro de 1978. O artigo 148.1.11º da Constitución española inclúe as competencias que poderán asumir as comunidades autónomas en distintas materias; concretamente habilita a Galicia para asumir competencias exclusivas en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura.

Hai corenta anos, o 6 de abril de 1981, aprobábase o Estatuto de autonomía de Galicia, que materializou esta facultade constitucional ao recoller no artigo 27.15 do noso Estatuto de autonomía, a competencia exclusiva en materia de pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura.

Respectando o marco competencial do Estado recollido no artigo 149.1.19º da Constitución de pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se lles atribúan ás comunidades autónomas, o artigo 28º.5 do Estatuto establece que Galicia ten competencia para o desenvolvemento lexislativo e para a execución da lexislación do Estado nos termos que aquelas establezan en materia de ordenación do sector.

Hai trinta e nove anos aprobábase o Real decreto 33/18, de 1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca, que enumera, entre as competencias asumidas por Galicia, as materias de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura. Tres anos despois, en 1985, aprobáronse dúas leis que regulaban a actividade extractiva pesqueira e as actividades marisqueiras e de cultivos mariños na nosa comunidade autónoma e que deron paso no ano 1993 á Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia.

Con tal desenvolvemento —e non é miña esta reflexión, senón do propio presidente González Laxe—, Galicia foi a comunidade autónoma pioneira do Estado en adoptar as primeiras normas en materia de cultivos mariños, e despois seguíronlle o resto das comunidades autónomas.

Quince anos despois, no ano 2008, aprobouse a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, onde se establece que a política da Administración autonómica terá, en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros obxectivos, o establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, á xestión e á explotación responsable racional e sustentable dos recursos mariños vivos.

Entre as medidas de conservación e xestión que recolle a dita lei, figura a adopción —logo da audiencia ao sector afectado— de plans de xestión definidos como medidas reguladoras da actividade pesqueira e marisqueira.

O modelo de aproveitamento do marisqueo que hoxe temos, a través do Plan xeral de explotación marisqueira, iniciouse no ano 1992 mediante o Decreto 59/1992, do 6 de marzo, polo que se regula a extracción de especies marisqueiras e a recolección de algas nas augas de Galicia.



Con posterioridade, no ano 1993, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 20 de xaneiro de 1994 o Decreto 4/23 de 1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños.

Na actualidade, o Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece que a extracción dos recursos xerais estará suxeita ao Plan xeral de explotación marisqueira, aprobado con carácter trianual pola Consellería do Mar, e regula os plans de xestión.

Cómpre aquí acudir á definición normativa de Plan de xestión do marisqueo nun posicionamento preliminar das consideracións desta consellería e do sector marisqueiro galego e verificar que este é un instrumento que establece un marco plurianual de medidas reguladoras da actividade marisqueira que ten por obxecto desenvolver unha explotación sustentable dos recursos que terá en conta aspectos de carácter social, ambiental e económico.

Os plans regularán medidas técnicas, horarios, réxime do uso de artes de marisqueo e, de ser o caso, limitacións de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro, sendo obxectivo xeral do Plan de xestión de marisqueo a sustentabilidade da actividade de marisqueo, tanto no plano biolóxico como no ecolóxico das poboacións explotadas e do seu hábitat, e tanto nos ámbitos social e económico das persoas relacionadas coa explotación dos recursos.

Para a presentación, contido e procedemento da aprobación, sinálase que as propostas dos plans de xestión serán presentadas polas entidades interesadas ante a dirección xeral competente en materia de marisqueo e que esta dirección, logo de audiencia aos interesados, determinará as medidas reguladoras da actividade marisqueira, e, de ser o caso, propondrá a aprobación do plan, que se realizará mediante orde da consellería competente en materia de marisqueo.

Cabe sinalar que este proceso, *mutatis mutandis*, vén sendo aplicado dende o ano 1992 ata a actualidade, e foron publicadas todas os anos as ordes no *Diario Oficial de Galicia*. É dicir, o Goberno galego leva vinte e nove anos tramitando e aprobando os plans de explotación marisqueira sen que ata o momento houbera problema ningún nin solicitude por parte de ningún dos gobernos, nin de ningún dos ministerios, de ningún informe preceptivo ao respecto. Tampouco se fixo referencia nin se adoptaron medidas, por parte do Goberno central, contra as diferentes normas, leis, decretos e ordes que dispoñen a formulación destes plans.

O 31 de decembro do 2020, o *Diario Oficial de Galicia* publicaba a Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023. A Consellería do Mar aprobou así un total de 94 plans de xestión de marisqueo de recursos xerais para os próximos tres anos, que definirán a actividade marisqueira das confrarías de pescadores e das entidades asociativas do sector de Galicia durante todo este período.

Mais —e indo ao proceso que nos preocupa— algo si que mudou este ano. O que nunca se nos demandara en vinte e nove anos foi demandado neste, incluso sen xustificación ou sustento da interpretación para facelo, pois nada cambiou na normativa. A mediados de febreiro



tivemos coñecemento da remisión, por parte da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, dun requirimento previo contra a Orde do 21 de decembro do 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023, documento no que se nos exhortaba a derrogar a dita norma. Amais, conforme o artigo 44.3 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no suposto de que dentro do mes seguinte á recepción do requirimento previo, esta Administración autonómica non contestara de acordo co indicado, procederíase á interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo para instar a anulación xudicial da sinalada orde. É dicir, nada de peticións de aclaracións nin de formulación de alegacións sobre a interpretación; só un mandato: *«derogue usted y deme la razón por escrito»*.

Con todo, e fronte a esta imposición, a Consellería do Mar, analizadas as alegacións nas que se fundamentou o requirimento, procedeu a dar contestación dentro do prazo establecido, sinalando que a aprobación desta orde con base no seu contido e competencia non require de ningún informe previo con carácter preceptivo e vinculante da Dirección General de Costas y el Mar, tal como se facía constar por parte do Ministerio.

Para esta consellería queda claro que na orde non se outorgan zonas de explotación marisqueira, nin en réxime de autorización nin de concesión, polo que non é necesario o informe sobre a ocupación do dominio público marítimo-terrestre. A orde o único que fai é marcar un conxunto de normas e directrices destinadas a regular e programar a explotación sustentable dos recursos marisqueiros nos diferentes bancos naturais. É dicir, Galicia explicou a improcedencia desta petición do Goberno central e aclarou, na resposta ao requirimento previo á presentación do recurso, que a orde pola que se aproba o plan non outorga zonas de explotación marisqueira nin en réxime de autorización nin de concesión, polo que non é necesario o informe sobre ocupación de dominio público marítimo-terrestre.

É ilóxico este requisito, posto que o plan para os anos 2021-2023 segue a mesma liña dos plans anuais anteriores, para os que non se requiría ese informe e que en ningún caso foron recorridos polo Executivo do Estado. O único que cambiou é que Galicia aprobou o Decreto 153/2019, do 21 de novembro, no que se adapta a regulación desta actividade á situación actual do sector e se mellora a eficiencia na resolución dos procedementos relacionados coa elaboración e o desenvolvemento das actividades dos plans de explotación marisqueira. A única novidade que xorde a raíz deste decreto é a de establecer a cogobernanza dos recursos marisqueiros con obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos a tres anos, pois se considera que é un período axeitado para observar a evolución e os posibles cambios de tendencia nos recursos e para facilitar así a xestión dos interesados.

Como non lle demos a razón á súa exixencia e inxerencia, o Goberno central acudiu aos tribunais para tombar o Plan xeral por entender que antes da súa aprobación a Dirección Xeral de Costas e o Mar debería emitir un informe preceptivo vinculante sobre a base do artigo 112 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e do artigo 30 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia. Xa que logo, o Goberno central fixo caso omiso das alegacións da Xunta, que a finais de abril recibiu o oficio anunciando a interposición do recurso contra o Plan xeral e solicitando a remisión do expediente da orde á súa aprobación.



Ante esta situación, a Xunta publicou a Resolución do 3 de maio de 2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, pola que se acorda a remisión do expediente administrativo correspondente ao recurso contencioso-administrativo 4053/2021 interposto contra a Orde do 21 de decembro de 2020 ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O obxectivo desta resolución é facilitar a posibilidade de que as confrarías, federacións ou asociacións poidan comparecer como parte nos autos no prazo establecido. Amais, con este paso a Xunta referenda o cumprimento estrito da lexislación e a súa vontade de seguir defendendo os intereses do sector ata o final, fronte a este recurso que supón xogar co seu futuro e poñelo en risco. A este respecto coñecemos a vontade e a decisión de moitas confrarías e das súas federacións para personarse como codemandadas no citado contencioso ao entender que este recurso presentado polo Ministerio pode ter moi graves consecuencias para o sector marisqueiro.

Certamente, a nosa valoración e postura neste asunto parte dunha discrepancia clara coa opinión e interpretación do Ministerio, con quen nin nós nin o sector coincidimos nin no fondo nin na forma da cuestión. No fondo da cuestión discrepamos e temos que sinalar dous elementos claros: se nada cambiou na normativa de protección e ordenación do dominio público marítimo-terrestre e na da xestión marisqueira simplemente se ampliou o período de vixencia dos plans, ¿por que agora piden o informe? É unha Lei de costas estatal que leva en vigor trinta e tres anos e levamos vinte e nove elaborando e aprobando os plans de explotación marisqueira, e agora por primeira vez piden un tal informe. Se non estamos falando para nada de outorgar concesións ou autorizacións e nin no decreto que ampara os plans nin na orde que os aproba se cita nada sobre este teor, ¿por que piden agora este informe?

Na forma da cuestión discrepamos tamén, e temos que sinalar dous elementos claros: este é un proceso levado a cabo sen diálogo e froito dun intento de imposición que soborda o marco competencial autonómico; feito sumamente grave por canto non ten sustento ningún que deixe marxe a unha interpretación dubidosa, como proban os 29 plans xerais anteriores aprobados sen mácula. Este é un proceso que carece de sensibilidade e de vontade por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica coa cadea mar-industria, obviando a súa realidade unha vez máis, e, neste caso, pon en tea de xuízo décadas de historia de xestión responsable e cogobernanza desta actividade. Mesmo na xuntanza entre o presidente Núñez Feijóo e a ministra Teresa Ribera de febreiro se sinalou este asunto, e naquel momento a ministra apuntou o seu descoñecemento sobre este feito e a realización de indagacións sobre el, atendendo á súa importancia e á vontade de solucionar esta discrepancia de forma directa e sen prexuízos para o sector marisqueiro galego. Lamentablemente, a única resposta que recibimos do Ministerio foi a interposición do recurso; é dicir, nulo interese e nula vontade de resolver o asunto tratado.

Pero o importante e a clave deste proceso non somos o Goberno galego e o Goberno central, o importante é o marisqueo galego. Esta batalla xudicial podería ter consecuencias moi negativas para o sector, xa que a posibilidade de que se suspenda preventivamente ou se derroque o Plan xeral xeraría un baleiro legal na xestión e explotación dos recursos marisqueiros ao deixar o sector sen as regras que garanten unha actividade ordenada, sustentable e respectuosa co medio ambiente. De anularse o plan vixente —unha decisión política do Goberno central de alta gravidade baseada nunha invasión evidente por parte dos





responsables do Goberno de España das competencias exclusivas de Galicia—, este paso ti-raría por terra o traballo das confrarías e asociacións marisqueiras do sector, que participa-ron no deseño e na elaboración dos 94 plans de xestión vixentes, actualmente incluídos no Plan xeral.

En definitiva, se o Plan xeral fose anulado, a incerteza xudicial botaríase de riba dunhas 8.700 persoas, así como da propia organización do traballo e da súa correcta xestión en ter-mos de sostibilidade ambiental, social e económica. Neste senso, a Xunta cumpre estrita-mente coa lexislación e seguirá defendendo os intereses do sector ata o final, fronte a un recurso que supón xogar co futuro e poñelo en risco. Sabemos de que parte estamos e que intereses defendemos, os do sector.

Xa que logo, á vista da importancia deste proceso e do renovado ataque que para o sector marítimo-pesqueiro galego supón, o Goberno galego desenvolverá as accións precisas para defender ata as últimas instancias os intereses do sector e un modelo de xestión con décadas de historia baseado na coxestión dos recursos, que ten demostrado a súa eficacia e a súa efectividade.

Agradezo desde aquí ao Grupo Popular e ao do Bloque Nacionalista Galego que asuman esta vontade de defender o marisqueo galego e pido que sexa toda a Cámara a que se una a esta postura, porque non é unha cuestión política, senón unha imposición carente de sentido e de sustento. En definitiva, isto non é unha guerra entre o Goberno central e o Goberno ga-lego; esta é unha guerra do Goberno central contra o sector do mar galego. Como ben di o noso himno: «¡non nos entenden, non!»

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día.

Señora conselleira, estivo vostede aquí 21 minutos facendo un mitin contra o Goberno do Estado, porque vostedes veñen aquí facer a guerra e non buscar as solucións. Entón, xa que vostede fixo todo isto, imos ir ao tema, que é moi fácil.

Mire, hai tres cuestións: primeira, pedir o traspaso das competencias para que de verdade sexan exclusivas —vostedes votaron en contra—; segundo, presenten un papel, deixen de facer de reféns a todo o sector por non presentar un papel, que llelo pediron dúas veces en





seis meses; *(Aplausos.)* e, terceira —e é relevante porque vostede di aquí que isto é unha cousa que quere o acordo da Cámara, e isto xa se votou a semana pasada, xa se votou neste Parlamento—, pedirlle ao Estado que retire o recurso. ¿Sabe o que vostedes fixeron? Votaron en contra. *(O señor Torrado Quintela mostra un documento.) (Aplausos.)*

Señora conselleira, non imos ser partícipes dunha feira que están vostedes facendo con isto; témoslle moito respecto a este Parlamento. Expliquen vostedes por que votaron en contra de transferir as competencias, de presentar o expediente por completo e de pedirlle ao Estado que retire o recurso. E o demais é un mitin no que nós non imos participar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señores deputados e deputadas.

Señora conselleira, moi bo día.

Señora conselleira, a mortalidade a moreas do marisco nas praias e a situación na que quedaron e na que están moitas confrarías e centos de mariscadoras e mariscadores; a afectación da covid e a vacinación dos mariñeiros, así como o espectáculo que montaron con este tema; o regulamento de control e a súa afectación no sector pesqueiro e tamén no marisqueiro; o Fondo de Reserva de Axuste do *Brexit* e a burla que significaría para Galiza que quedase como está; a eólica mariña, tema que xa delegou por completo na Consellería de Industria; o novo FEMP ou os proxectos para os fondos Next Generation para o sector, que ninguén sabe o que van facer; a negociación definitiva das cotas co Reino Unido... En fin, señora conselleira, xa nos gustaría a nós que todos estes temas —e moitos outros— mereceran a súa atención, mereceran a convocatoria do sector ao día seguinte, como fixo con este tema, e mereceran tamén a súa comparecencia hoxe nesta Cámara. *(Aplausos.)*

Pero non, señora conselleira, vostede escolleu este. Este é o único obxecto da súa comparecencia nesta Cámara dende hai tres meses. A nós parécenos tanto ou máis importante que a vostedes, pero tamén é tanto ou máis importante para o futuro do sector que calquera dos que lle acabo de citar e que para vostede parece que non teñen o mesmo interese. Ou probablemente neste tema é no que vostede se sinta máis cómoda porque, á fin e ao cabo, é ter un motivo máis para vir aquí e continuar con esa política partidista e de confrontación co Goberno do Estado que tanto lles gusta, pero que, sen embargo, é tan cansina e tan sumamente estéril.

En fin, é lexítimo, señora conselleira, mais recoñecerá que tamén resulta bastante vergoñento. E, ademais, resulta pouco críbel. Si, moi pouco críbel, porque o grupo ao que vostede



pertence —e, polo tanto, vostede— acaban de dicir non —absolutamente non— a semana pasada a unha iniciativa que o Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Socialista transaccionaron na Comisión de Pesca e que pedía o seu apoio, primeiro, para —leo textualmente o que era o acordo ao que chegamos o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego— «abrir un diálogo entre as administracións autonómica e estatal coa finalidade de resolver os posíbeis conflitos de competencias e administrativos na materia, partindo» —partindo— «da retirada inmediata do recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica en contra da Orde pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023». Vostedes, señora conselleira, dixeron que non; dixeron que non, polo tanto, á retirada dese recurso e a abrir un diálogo sensato e cabal co Estado para solucionar este conflito.

Esa iniciativa pedía, ademais —leo textualmente—, «a activación da Comisión de Transferencias co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso das competencias pendentes a Galiza, nomeadamente, tal e como se acordou polo Pleno do Parlamento no mes de marzo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a ordenación do sector pesqueiro e de investigación oceanográfica». Vostedes, señora conselleira, votaron que non, mesmo en contra do que acordou unanimemente esta Cámara no pleno do mes de marzo.

E a iniciativa tiña un terceiro punto que avogaba —leo textualmente— «por facer público o expediente completo sobre o Plan de explotación marisqueira». Vostedes, señora Quintana, votaron en contra. ¿Teñen algo que agochar? Así como hoxe nolo explicou aquí, facer público o expediente é un signo de transparencia e, efectivamente, de querer ir de fronte de cara á resolución dos conflitos.

Polo tanto, señora conselleira, ao seu relato sóbralle vitimismo e fáltalle decisión e convencemento nas posibilidades propias. A vostedes fáltales acreditar que un país que ten unhas competencias exclusivas debe exercelas con firmeza e sen subordinacións, e que debe blindalas ante calquera ataque posíbel. E, sobre todo, debe traballar para conquistar outras e ter a capacidade propia de decidir sobre os asuntos que nos competen e nos afectan directamente, como é este caso.

Señoría, nós, o Bloque Nacionalista Galego, fomos os primeiros en levantar a voz contra este atropelo e este ataque directo do Ministerio contra o establecido no noso Estatuto de autonomía como competencia exclusiva. Nós, o Bloque Nacionalista Galego, fomos os primeiros, aquí e en Madrid. E, por certo, non vimos que vostedes, máis alá dos titulares de prensa, levaran ningunha iniciativa de defensa das competencias propias ao Congreso dos Deputados por medio dos deputados e deputadas galegas que ten o Partido Popular no Congreso dos Deputados. Por iso, señora conselleira, o seu relato non é críbel; non é críbel.

Estamos, señoría, de acordo en que a través dos plans de explotación marisqueira —que comezaron a desenvolverse, como vostede ben dixo, no ano 1993 e que teñen a participación das confrarías e das agrupacións do sector— non se outorgan concesións, senón que se regula unha actividade que, efectivamente, ocupa directamente a máis de oito mil persoas no noso país. Os plans de explotación son as regras de xogo e non contradín nin a Lei de costas nin tampouco a propia Lei de pesca galega, que é ao que alude o propio Ministerio. E, polo



tanto, baixo o noso punto de vista, non necesitan ningún, absolutamente ningún, informe preceptivo do Estado. E, dende logo, pedilo agora é, simple e claramente, unha inxerencia inadmisíbel ao noso entender.

Estamos de acordo, señora conselleira. E por iso o noso relato é o mesmo aquí que en Madrid, por iso nós pedimos a retirada do recurso aquí e en Madrid, por iso levamos doce anos pedíndolle á Xunta que non sexa incompetente nas súas propias competencias, nas que o Estatuto lle outorgou como exclusivas. Doce anos, señora conselleira, baleiros, doce anos ermos nos que a Xunta vén consentindo continuas fallas de respecto ao marco competencial vixente. Non é esta a primeira vez que temos que aturar a invasión de competencias e o intento de recentralización, que é pegada dos gobernos de Madrid, de todos os gobernos de Madrid, a comezar polos do Partido Popular.

Para nós este asunto é de máxima importancia, por iso somos coherentes entre o que dicimos e o que facemos. E a nosa aspiración é que os demais —nomeadamente o Goberno galego— tamén o fagan. E digo que somos coherentes entre o que dicimos e o que facemos porque o que dicimos a través dunha iniciativa parlamentaria na Comisión de Pesca da semana pasada trasladámolo a todas as cámaras —ao Congreso dos Deputados e a esta mesma— e seguimos opinando o mesmo.

Nós non queremos converter este asunto noutra batalla estéril entre o Goberno galego e o Goberno do Estado. Por iso, señora conselleira, solicitámoslle encarecidamente que se dedique vostede e o Goberno do Partido Popular a defender as competencias que nos son exclusivas e, sobre todo, a reclamar as que nos corresponden. Moito mellor nos irá a todos e, dende logo, ao sector pesqueiro, que, por certo, está bastante falto de que miren por el, tanto o Goberno galego como o Goberno do Estado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Fernández.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Bos días.

Grazas, presidente.

Benvida, señora conselleira. Unha vez máis vén vostede aquí explicar a posición da Xunta de Galicia, que é clara e concreta, concisa, e, coma sempre, con total transparencia. É dicir, vostede, en nome do Goberno galego, presenta diante do Parlamento a situación e a posición da Xunta de Galicia ante unha inxerencia e unha discrepancia —como dixo vostede—, non ante unha dúbida sobre quen ten as competencias, nin para intentar abrir un diálogo cun goberno que realmente se inxeriu directamente nas competencias de Galicia e atacou directamente o sector pesqueiro.



Ao señor Torrado vou explicarlle que o que fixo o mitin aquí hoxe foi vostede, porque vostede na Comisión 8ª conseguiu o que quería con ese trilerismo político que practica, e entón hoxe xa non ten nada que dicir. Vostede non sabe e non pode, porque nunca defende o sector pesqueiro; polo tanto, non ten nada que dicir para defender o sector pesqueiro, porque outra vez máis está do lado de Sánchez, do lado de Teresa Ribera e non do lado de Galicia. Ese é outra vez máis o posicionamento do PSdeG, ao que estamos xa moi acostumados.

E ademais o BNG fixo un papelón. O BNG fixo un papelón porque o BNG tiña a oportunidade de que deste Parlamento saíse aprobada a súa iniciativa tal e como estaba redactada, sen un «pero», e dixo que non. Preferiron, tanto o Partido Socialista coma o Bloque, facer un acordo para lavarlle a cara ao Partido Socialista de Galicia antes que votar as iniciativas que eles mesmos presentaron, *(Aplausos.)* ¡que eles mesmos presentaron!

Vou explicar ben o que pasou na Comisión 8ª, señor Torrado.

Chegamos con dúas iniciativas sobre o mesmo tema, cun debate acumulado. Chegamos cunha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego con dous puntos, que dixemos claramente que estabamos dispostos a apoialos tal cal estaban redactados, e cunha iniciativa do Partido Socialista na que nun punto falaba da retirada do recurso e noutro punto falaba da necesidade do informe preceptivo, ao que dixemos: «Iso non o imos votar porque non se necesita ese informe preceptivo».

O señor Torrado xa rapidamente foi falar co Bloque Nacionalista Galego e intentaron facer unha refundición das dúas PNC e sen emenda. E non sei, terei que preguntarlles tamén aos letrados se é posible, porque iso non é unha transacción cunha emenda, senón que é refundir dúas PNC para evitar votar que o Partido Socialista de Galicia reclame ese informe. Porque o redactado na súa iniciativa, señor Torrado, pon literalmente... —vou lela, porque a teño aquí—. *(A señora Egerique Mosquera intenta ler un documento.)* ¿Onde teño a iniciativa? *(Pausa.)* Bueno, teño aquí a iniciativa, pero sen a resolución, e puña: «Presentar o informe preceptivo necesario coa maior brevidade para poder continuar co trámite previsto para o Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023». É dicir, vostedes na súa iniciativa xa deixan claro que sen ese informe non sería posible seguir co Plan xeral.

Polo tanto, ¿que se fixo? Un acordo de tres puntos co Bloque Nacionalista Galego —que outra vez se deixou enganar totalmente polo Partido Socialista; ou non, ou o fixo de verdade, a propósito, que é o de sempre, porque xa sabemos que vostedes teñen moitos pactos por aí adiante en deputacións, en concellos e o propio pacto co Goberno, e seguramente teñen que chegar sempre a acordos—. Pero realmente o que evitou o Partido Socialista de Galicia foi que votásemos ese punto que eles presentaron por rexistro neste Parlamento, porque están outra vez do lado de Sánchez e do lado de Teresa Ribera e non do lado de Galicia. Porque a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, tal e como estaba redactada, ía saír aprobada nesa comisión, pero decidiron vostedes facer ese acordo con tres puntos. E vou ler os tres puntos; puntos que, ademais, despois non permitiron que se votasen por separado. Porque nós si estabamos de acordo... Vostedes saben perfectamente cal é a postura do debate, cal é o posicionamento da Xunta e cal é o posicionamento do Grupo Parlamentario Popular, e non deixaron que se votase por puntos.



O primeiro era activar a Comisión de Transferencias co obxectivo de iniciar o procedemento para o traspaso de competencias pendentes a Galicia, tal como se acordou polo Pleno do Parlamento no mes de marzo. Non teríamos problema en apoialo, e así o sinalamos. Ademais, eu insisto en que este non é un debate de competencias. Vostedes —insisto, coma sempre, nese trilerismo político que practican— intentaron meter o tema das competencias para disimular, pero realmente estamos ante unha inxerencia do Goberno de España. Estamos directamente ante unha inxerencia, e o que teñen que facer é retirar ese recurso e retirar esa petición de informe preceptivo, porque non é necesaria.

Ben, o segundo era facer público o expediente completo sobre o Plan xeral de explotación marisqueira. Xa o pedía na PNC o propio Partido Socialista, que enganhou o Bloque para que tamén tivese que redactar ese punto, cando tiña unha PNC moi correcta —como digo, moi correcta—. Pero outra vez se deixou embaucar polo Partido Socialista —facendo un papelón— poñendo este mesmo punto no acordo. Nós non tiñamos problema en aprobar ese punto tampouco, pero cabe lembrar que vostedes teñen a posibilidade de pedilo a través do artigo 9.

E, por último, abrir un diálogo entre as administracións autonómica e estatal coa finalidade de resolver os posibles conflitos competenciais na materia, partindo da retirada inmediata do recurso interposto contra a Orde do 21 de decembro de 2020, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023. Isto é o que resulta incoherente nesta petición. ¿Por que insisten vostedes en abrir un diálogo entre administracións cando realmente foi un ataque directo? É un ataque directo, como dixo a conselleira, xa non á Xunta de Galicia, senón ao sector pesqueiro.

Polo tanto, esta proposta de acordo é un intento de branquear a imaxe do PSOE neste asunto, do Partido Socialista de Galicia, que non quixo votar nin sequera a súa propia iniciativa. Co cal, isto queda completamente claro.

Xa temos presentada unha iniciativa deste grupo parlamentario maioritario, que vai saír aprobada —esperemos que por unanimidade, pero vai saír aprobada—. E vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego, perderon a oportunidade de aprobar a súa iniciativa tal e como estaba redactada. Sairía aprobada, como mínimo, con 10 votos nesa comisión, pero vostedes negáronse a facelo.

O posicionamento do Partido Socialista de Galicia neste asunto é mimético sempre co Goberno central, señora conselleira. Realmente o señor Torrado, con moita habilidade, intentou xa evitar votar ese punto. Polo tanto, o que fixo foi refundir as dúas PNC nun acordo sen presentar tan sequera emenda. Nin sequera nós presentáramos unha emenda previa. Polo tanto, non estabamos dispostos a entrar nese xogo de trilerismo político, nesa pinza entre o Bloque e o Partido Socialista, para que o grupo maioritario da Cámara e o propio Goberno da Xunta de Galicia —que ten clarísimo o posicionamento— tivesen que entrar nesa votación.

Así que vostedes son os que están facendo o mitin e son os que fan a política esa de pacto, na que, en realidade, defenden antes o Partido Socialista e o Bloque que o propio sector pes-





queiro, que o propio plan marisqueiro, que son realmente os que necesitan que iso saia adiante e que non se permita e non se pida ese informe preceptivo. Este é un paso máis da lista de agravios e ataques do Ministerio de Transición Ecolóxica contra Galicia e o seu sector marítimo-pesqueiro —o Ministerio de «Traizón» Ecolóxica—.

O señor Torrado falou un minuto, falou hoxe un minuto, ou dous minutos. Só veu aquí explicar como lle saíu ben a súa xogada, pero non falou nada en defensa do sector pesqueiro. Non ten nada que dicir, porque nunca o defenden. Sempre están do lado de Teresa Ribera e do lado de Sánchez.

No cambio da Lei de costas xa vimos como, pola porta de atrás, tras intentalo co Regulamento de costas, se queren cercenar os prazos concesionais, aumentar a discrecionalidade da continuidade dos titulares das concesións... Así é todo, vai todo unido, ten todo unha coherencia do Partido Socialista, unha coherencia de ataque directo ao sector pesqueiro. Pechan Galicia, pechan a costa galega, pechan o sector pesqueiro. Directamente esa é a súa intención.

Sobre a prohibición de comercialización do marraxo, levan co marraxo... ¡Ah!, e outra cousa tamén, que o digo para o marraxo e tamén neste caso, neste propio tema do Plan marisqueiro: o papel. Están sempre cos papeis, que presentemos un papel. ¿Cre que así solucionamos todos os problemas?, ¿presentando un papel? ¡Dígallo ao sector do palangre, ao do marraxo, cantos papeis lle pediron, canta burocracia teñen que poñer en marcha para que poidan comercializar o marraxo! E seguen co problema enriba da mesa. Polo tanto, non hai solución, é un ataque directo ao sector pesqueiro.

Coa proposta do *Plan de España 2050, fundamentos y propuestas para una estrategia nacional a largo plazo*, aínda lembro cando a señora Toja se metía con nós porque dicíamos que estábamos pensando e facendo un plan para 2030. E agora resulta que fan un plan para 2050 en España que é unha liña de pesca, eu creo —nin sequera—: «*Abordar con decisión y contundencia la transformación de sectores como la pesca, la acuicultura, el transporte marítimo y el turismo, a fin de reducir su alto impacto medioambiental y de lograr una mayor sostenibilidad en ellos*». Iso é todo o que din —se é que isto é pesca— nese informe de 2050 no Ministerio de Transición Ecolóxica e no Goberno de España.

«*Propuesta de limitación de pesca de la anguila*». Por parte outra vez do mesmo ministerio inténtase incluír esta especie na listaxe de especies silvestres de réxime de protección especial, contra o criterio —outra vez— das comunidades autónomas do Cantábrico e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Polo tanto, un ministro de Pesca que mira para un lado e unha ministra de Transición —«de Traizón»— Ecolóxica que non fai máis que meterlle, de verdade, moitas trabas e moitos problemas ao sector pesqueiro e a Galicia.

Todos estes asuntos teñen dous denominadores comúns: ausencia total de vontade e entendemento por parte do Ministerio, de entendemento do que é Galicia, do que é o sector pesqueiro, do que se pode facer, e ausencia total de aliados e apoios nesta comunidade autónoma por parte do PSdeG. E comprobámolo claramente hoxe coa intervención —ou a non-intervención— do Partido Socialista de Galicia, porque ten un papelón; ten que defender



aquí un goberno que realmente ten toda a culpa de que hoxe esteamos falando deste asunto e de que o sector pesqueiro teña moitísimos problemas enriba da mesa para traballar, moitísimos, e unha perspectiva de expectativa de futuro moi complicada.

Vou rematando xa, porque aínda hai máis problemas, xurdidos pola emisión de informes de Costas e do Estado. Despois eu si que necesito tempo para explicar o agravio realmente do Goberno a Galicia e necesito tempo para defender o sector pesqueiro, aínda que para iso xa está aquí a señora conselleira, á que agradezo de novo a súa presenza, a súa transparencia e a súa acción e actividade, a pé de ría, co sector e coas confrarías, para que poidan resolver este desaguizado e este problema, no que só lles mentiu unha persoa que se chama Sánchez, e outra cómplice, Teresa Ribera, coa complicidade, por suposto...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:**...do PSdeG e do Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para a réplica, a conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Torrado, a verdade é que vostede non sei se me dá pena ou terror, *(Murmurios.)* porque dicir aquí que eu veño dar un mitin contra o Goberno central é ver que estivo moi pouquiño atento a todo o que expliquei e que o único que traía era unha frase modelo para sacar un titular. *(Aplausos.)* Porque creo que toda a miña intervención estivo baseada en argumentos xurídicos que defenden a capacidade que ten a Xunta de Galicia, con competencias exclusivas, para regular unha actividade tan importante nas nosas zonas costeiras como é o marisqueo. Foi o único que fixen ao longo da miña exposición.

É ben certo que teño que dicir que se todas as leis, a Constitución, o Estatuto de autonomía, a Lei de pesca de Galicia, e todos os decretos que desenvolven a actividade, nos dan esa competencia e o Goberno central se empeña en presentar un recurso, terei que dicilo. ¿Ou iso se entende que é un mitin político? ¿Vostede a quen quere enganar? ¿Como pode vir aquí, á sede do Parlamento de Galicia, a dicir o mesmo que lles está dicindo aos medios de comunicación: que a Xunta entregue un papeliño? ¿Que é iso «dun papeliño»? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Facer un informe, solicitar un informe preceptivo e vinculante, sería que a Comunidade Autónoma de Galicia renunciase ás súas competencias exclusivas do marisqueo, e non o vou facer. *(Aplausos.)* Non é un papeliño, é unha renuncia expresa ás competencias que nos dá a Constitución e o Estatuto de autonomía. E, se non, pídolle unha





cousa: se non estivo atento á exposición que eu lle dei, colla a Lei de costas do Estado, lea o artigo 122 e dígame vostede en cal dos apartados do artigo 122 da Lei de costas do Estado di que a Consellería do Mar ou a Xunta de Galicia ten que pedir informe preceptivo e vinculante para regular a actividade do marisqueo, para o que temos competencias exclusivas.

A verdade é que vostede ten que xogar un papelón, porque ter que defender a actuación que está facendo o Goberno central en contra dos intereses do sector marítimo-pesqueiro é un papelón, pero vostede xa está acostumado, porque xa o vivimos cando foi o tema do Laboratorio de Control de Moluscos Bivalvos. ¿Acórdase vostede daquilo? (*O señor Torrado Quintela asente coa cabeza.*) Aínda non se puxo colorado no día de hoxe, porque vostede nos botou a nós a culpa de non conseguir nada e, cando chegou a súa ministra e puxo en valor o que conseguimos para o laboratorio comunitario de referencias, vostede quedou caladiño, nin colorado se puxo.

A señora Pérez veu aquí sacarme un montón de temas: mortalidade, vacinación, o regulamento e control, o Fondo de Reserva do *Brexit*, a eólica mariña, a negociación de cotas co Reino Unido... ¿Que ten vostede que dicir de todo isto? Porque nos medios de comunicación ben que dixo, respecto da vacinación, que Galicia non vacina os mariñeiros porque non quere. ¿E que ten que dicir das declaracións da señora ministra de Sanidade cando eu dixen que iamos vacinar os mariñeiros, que dixo: «*Los criterios de vacunación no los define ese departamento, sino la Comisión de Salud Pública. Tengo un grupo de asesores técnicos que no considera que los marineros merezcan un trato especial en la inmunización*»? ¿A quen lle fago caso, á ministra de sanidade, ao señor Torrado, ao señor Caballero, que se pasearon por todos os portos dicindo que a Xunta non vacinaba porque non quería? Baixe a cabeza, porque a verdade é que ten que baixar a cabeza; pero ten que baixar a cabeza diante do sector, señor Torrado. Así non se pode ir. Aquí estámonos xogando que sigan dicindo que o Goberno central queira asumir competencias da Xunta de Galicia. Somos unha comunidade exemplo en toda a Unión Europea, tanto en materia de pesca como en marisqueo e como de acuicultura. O noso modelo de xestión en marisqueo pídennolo da Unión Europea. Para a defensa do que estamos facendo en acuicultura a semana pasada houbo un comité científico e técnico para definir os criterios de acuicultura en toda a Unión Europea. ¿E quen estaba invitada a participar pola Comisión Europea nese debate? A conselleira do Mar. Non estaba ninguén do Goberno central.

¿Que temos que dicir con todo o proceso da covid? ¿Quen defendeu o sector pesqueiro, por moito que a señora Pérez veña hoxe aquí botar en cara non sei cantas cousas?

Pedimos axudas para a frota que estivo activa. Só a Xunta de Galicia, con fondos propios, deu esas axudas. Pedimos axudas para as confrarías, e o Goberno central entendeu que só para as organizacións de produtores. A Xunta tamén fixo axudas para as confrarías e pedimos axudas para as mariscadoras a pé. No Parlamento Europeo os grupos que non eran do Partido Popular —non vou dicir cales eran— dicían que para as mariscadoras era suficiente co Sure, que non necesitaban unha axuda especial. ¿Onde defenden vostedes o sector?, ¿na calle?, ¿nos portos? Díganlle a verdade á xente. Digan o que están facendo con este sector. ¿Empezamos a sacar a lista de agravios comparativos? Empezando polo marraxo, como dicía a señora Teresa Egerique.



Á frota de palangre e superficie —unha frota que nunca tivo problemas— este ano e o ano pasado, precisamente —un ano complicado pola covid—, lle poñemos outro problema máis. Hai unha organización internacional, o ICCAT, que é a que, cos asesoramentos científicos, define as capacidades de pesca que ten cada país. Dannos unhas posibilidades de pesca, o Ministerio de Pesca dá autorización para pescar o que nos deu o ICCAT, e o Ministerio de Transición Ecolóxica di que non se pode comercializar ese peixe. ¡Ah!, lo podemos pescar, pero no lo podemos comercializar. ¡Lindo lo hacemos!

A pesca da anguía. Galicia leva dende o ano 1993 modelizando uns plans de xestión da anguía. É unha especie que temos aquí, ben conservada, que todos os anos se mantén nos topes de rendemento máximo sostible, e agora o Ministerio de Transición Ecolóxica tamén quere meter a anguía na lista de especies para protexer. (*Murmurios.*) Todo é conservacionismo, si, si, e sigamos así.

Din que me boto para atrás coa eólica mariña; nunca. Coa eólica mariña estamos facendo estritamente o que recomendan as directivas da Unión Europea: o primeiro, crear un observatorio co sector, cos técnicos, para analizar os posibles impactos que poidan ter este tipo de instalacións e que non prexudiquen a actividade pesqueira. Creo que xa o temos defendido aquí, que xa o temos explicado, e o sector é plenamente consciente dende o minuto un. Non se vai desenvolver a actividade eólica mariña en Galicia se afecta dalgunha maneira a actividade pesqueira e marisqueira. Esa é a liña vermella que se lle está poñendo. Non sei o que van defender outros, pero si temos claro o que imos defender dende a Xunta de Galicia: facer todos os estudos que nos manda a Unión Europea, analizar todos os impactos que nos manda a Unión Europea, e, se é posible desenvolver unha actividade económica compatible coa actividade pesqueira e marisqueira, farase. Se non é compatible coa actividade pesqueira e marisqueira, non se fará, non teña ningunha dúbida.

A verdade é que hoxe o que me trae aquí é a preocupación, porque cun modelo de xestión que temos, establecido en cogobernanza co sector, que nos leva dando tantos e bos resultados, entendemos que resulta incoherente que agora a señora ministra de «Intransición» Ecolóxica se veña fixar tamén neste sector.

Xa tivemos moitas cousas que adaptar, para non entrar en pelexas. Vostedes saben que nós lles aprobamos todos os anos uns proxectos ás confrarías para incrementar a produción dos bancos marisqueiros e que se fan traballos de rexeneración, de limpeza, de traslado, de adición de áridos... Eses foron os traballos que se fixeron toda a santa vida. Pois hai tres anos o Ministerio de Transición Ecolóxica empezoulles a demandar ás confrarías ás que lles aprobamos eses proxectos a necesidade de presentar a petición dun informe preceptivo e vinculante para ver «la afectación que esos trabajos podían tener sobre el medio marino». ¿Alguén pode imaxinar que un agricultor ao que lle deramos unha axuda para facer un arado, para sementar as patacas tivera que pedir un informe preceptivo e vinculante ao ministerio correspondente? (*Murmurios.*) Pois aquí é o que está a pasar. Tivemos que modificar as ordes de axudas e pasalas a que foran plurianuais porque o Ministerio só tarda un ano en dar ese informe para poder facer esas actuacións. ¿Algún de vostedes imaxina o que sería ter á espera os plans de explotación un ano para que o Ministerio poida dicir se se pode aprobar ese plan de explotación ou non? ¿Pero de que papeliño estamos a falar aquí? ¿Estamos a falar de que



existe empatía con este sector ou de que existe unha vontade política do Goberno central de acabar co sector da cadea mar-industria? Porque todos os pasos que están dando dende que chegaron ao Goberno van nesa mesma liña e dirección. Empezaron coa Lei de costas. Foi a primeira metida de pata. Cando se deron de conta de que non podían modificar a Lei de costas cun regulamento, dixeron: imos para atrás e imos modificar a Lei de costas, pero farase co consenso do sector, coas comunidades autónomas, modificaremos a lei... E, mentres todos estabamos preocupados por resolver o tema da pandemia e da covid, o Ministerio de Transición Ecolóxica preséntase no Congreso cun anteproxecto de lei de cambio climático e métenos un artigo —daquela era o artigo 18; agora é o 20— onde nin máis nin menos recortan o período concesional de todas as industrias que están instaladas en zona de dominio público marítimo-terrestre. Vostedes din... (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, non; non é nada; non é nada. Como dicía unha amiga miña: «no era nada lo del ojo..., y lo tenemos en la mano».

De acordo coa Lei de costas do ano 2013, todas as empresas que estiveran xa ubicadas na zona do dominio público marítimo-terrestre, ao finalizar o seu período concesional, poderían ter unha prórroga extraordinaria de setenta e cinco anos. ¿Si ou non? ¿Digo algunha mentira? Con esta nova lei que vostedes acaban de aprobar, esa posibilidade córtase. O período concesional non admitirá prórrogas extraordinarias.

Claro, despois pasan casos moi curiosos neste país, como o de Thenaisie Provote. Din: ¡Que a Xunta busque un investidor! ¡Ah, claro! Buscamos un investidor, pero ¿quen quere investir nunha empresa á que non sabe cantos anos lle quedan de concesión? ¿Ou é que estamos parvos aquí? ¿Ou é que cando defendemos as cousas as defendemos porque si ou porque non? E agora din —para quedar bien con la sociedad, porque aquí se trata de ponernos cartelitos de sostenible— que as instalacións en dominio público marítimo-terrestre poden afectar a erosión, poden afectar o cambio climático, poden afectar non sei cantas cousas. E a señora ministra, por carta, á conselleira de Medio Ambiente e a min o que nos vén dicir é: *Entiendo que setenta y cinco años ya son muchos, y que lo bueno es favorecer la competencia competitiva.* Entón, non é que as industrias que están hoxe instaladas estean facendo ningún mal, é que queremos sacárllelo ás industrias, aos que as están explotando hoxe, para dállelo a outros, a non sei quen. Ese é o resumo do que estamos a vivir.

E nós dende Galicia nin nos preocupamos nin nos inmutamos polo que está facendo o Goberno central. Nós, ao noso, traballando para defender os intereses do sector marítimo-pesqueiro, porque, por sorte ou por desgracia, os únicos que estamos apoiando e defendendo o sector somos o Goberno da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) E iso podo dicilo con moita honra. Rétoos a vostede, señor Torrado, para que veña aquí e diga unha soa iniciativa que fixo o Goberno central na defensa dos intereses do sector marítimo-pesqueiro. Pídolle por favor que teña un pouquiño de respecto polas máis de 8.700 persoas que nestes momentos están preocupadas polo futuro dos seus plans de explotación e que retire o de que a Xunta entregue un «papelíño».

Vostedes acúsanme a min de non presentar aquí o expediente. Como ben dixo a señora deputada: podían solicitar polo artigo 9 e xa llelo entregaría, (*Pronúncianse palabras que non*



*se perciben.*) ¡Perdón, perdón, non se...! Agora mesmo llo fago chegar á Cámara. ¡Se non teño ningún problema! Non teño ningún problema en facerlles chegar ese expediente, pero tamén lles farei chegar os dos anos 2006, 2007 e 2008, para que se vexa que documentación levaban naquel momento e que documentación leva agora o expediente. ¿Ou vostedes cren que eu cando publico unha orde no *Diario Oficial de Galicia* non leva os informes xurídicos correspondentes? ¿A que estamos a xogar? ¿A quen queremos enganar? ¿Que máis transparencia queren? A orde está publicada no *Diario Oficial de Galicia*, cumprindo estritamente o que di a normativa vixente, como non podería ser doutra maneira, como fixeron vostedes cando gobernaron no ano 2006, 2007 e 2008. Todos eses anos aprobaron uns plans de explotación que viñan seguindo a mesma estela dos anos anteriores. Non hai ningún problema, non temos nada que ocultar. Nós non dicimos unha cousa aquí, outra na calle, outra nos portos e outra en Bruxelas. Nós dicimos o mesmo aquí, na calle, no Goberno central e en Bruxelas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, vostedes non din o mesmo nin sequera aquí, hoxe, nin a semana pasada. Fai unha comparecencia para pedir que retiren o recurso, votamos sobre iso a semana pasada, votamos a favor o BNG e nós, e vostedes votan en contra. *(Murmurios.)* ¡Se é que vostede fai hoxe unha comparecencia para falar mal do recurso e para pedir que o Estado o retire, nós propoñemos esa votación —que parece que lle pareceu mal que a propuxeramos— a semana pasada na Cámara, e vostedes votan en contra. ¡Non, se ao final imos acabar pedindo nós que retiren o recurso e vostedes non! *(Aplausos.)* Que igual non é tan descabellado, igual a vostedes lles gusta que lles presentaran o recurso. Pero esa é outra historia. ¡Igual a vostedes lles gusta!, pero, en fin, iso deixámolo para outro momento.

Cita vostede, señora conselleira, moitas cousas. Cita a Lei de cambio climático, que era malísima. Ían presentar un recurso de inconstitucionalidade. Cando chegou ao Congreso, terían que votar en contra, ¿non? Pois non. Tiñan o problema coas concesións e coas prórrogas das concesións, emendouse a lei para garantir as concesións e as prórrogas da concesións, ¿e votaron a favor da emenda? Non. Pero é que vostedes estaban facendo nos portos unha diatriba contra o Regulamento de control da Unión Europea, e dicían que se acababa de aprobar. Falta un ano, falta máis dun ano para que se aprobe, e pararon. ¿Cando? Cando se deron conta de que en Europa votaron a favor. *(Aplausos.)*

Fálame vostede do Laboratorio europeo de control. Señora conselleira, eu pregunteille e tivemos algún debate sobre iso. ¿Lembra o que vostedes dixeron? Que non presentaban a ini-



ciativa. Pero é que trouxeron aquí unha PNL a este Parlamento e si que o solicitaran a Ecosán. Plantexáronlle esa demanda a Ecosán, gobernando Rajoy, e díxolles, primeiro, non, e, segundo, non é nesta porta, é noutro ministerio. E vostedes despois non o presentaron. ¿Pero que exemplo me está poñendo? ¡Se vostedes están na guerra e lles encanta! Por iso digo que lles gusta o recurso, porque están na guerra.

Eu creo que este é un debate político, e sobre leis podemos debater. Vostede citou o artigo 120 da Lei de costas, e eu cítolle o 112.10, por exemplo, ou o 30.1 da Lei de pesca de Galicia, que fala do informe perceptivo. Pero, xuridicamente, avogados ten a santa Igrexa, incluso tamén a Xunta de Galicia e o Goberno de España, para que debatan. Mire, é que nós aquí facemos política, e xa sei... Bueno, vistas algunhas intervencións, creo que igual o tempo que non gastei eu aínda podía deixarllo ao Partido Popular para que explicase por que non votou a favor do acordo a semana pasada. Pero fíxoo a señora Pérez. Fíxese se o tiñan tan claro que incluso o votamos dúas veces. O PP estaba un pouco perdido na Comisión e fixémolo votar dúas veces. ¡O mesmo acordo! E votaron as dúas veces en contra. ¡As dúas!

Fala de activar a Comisión de Transferencias. ¿Para que? Para reclamar en exclusividade a plena xestión do dominio público marítimo-terrestre. E votaron en contra. ¡Se iso, ademais, permitiría —expúxoo a señora Pérez claramente o outro día, que, ademais, era un eixo clave da súa intervención na Comisión, e nós estamos nesa posición— resolver este problema *ad futurum*, para non ter que estar debatendo isto, para ter a xestión plena das competencias! Nós votamos a favor, o BNG, tamén; e o PP, en contra.

Respecto de facer público o expediente completo... Bueno, o do artigo 9... (Risos.) ¡O do artigo 9...! O número debe de ser polo tempo que tardan en dalos. (Aplausos.) (Risos.) E non lle estou contando nin en días nin en semanas, ¡eh! ¡Cando os dan! Pero, se vai facer público o expediente, ¡fantástico!, así poderemos ver se lle reclamaron ese informe. ¿Sabe o que hai que facer para que non lle reclamen o informe? Ter a xestión completa das competencias. ¿Sabe que hai que facer para iso? Demandalas. Activar a Comisión de Transferencias. ¡Ah, que curioso, se votamos a favor disto! Vostedes, non.

Pero o que queren vostedes é pedirlle ao Estado que retire o recurso. É que vostedes están aquí defendendo... Voulle ler literalmente: «Abrir diálogo entre as administracións autonómica e estatal» —debe ser que isto lles gusta pouco— «coa finalidade de resolver os posibles conflitos competenciais e administrativos na materia, partindo da retirada inmediata do recurso». E vostedes votaron en contra, ¡dúas veces!

Pero ¿a que veñen aquí?, ¿a falar mal do recurso? ¡Pero se é que nós pedimos que o retiraran! ¿Con que non están de acordo nesta proposta? A proposta di: activar a Comisión de Transferencias para ter a xestión completa do dominio público marítimo-terrestre, facer público o expediente e pedir a retirada do recurso, abrindo un diálogo coa Administración para resolver os problemas. ¿Con que non están de acordo? ¡Se esta é a cuestión! Vostede aquí, señora conselleira, falou de innumerables cousas. E si, e se a lei agora non nos gusta, cambiémola, pero hai que cumprir as leis, incluso cando non nos gustan. Nós estamos a favor de cambiala e de ter a xestión a completa. Estamos a favor, ¡a favor! Vostedes non, que votaron en contra. É que en doce anos, ademais, non fixeron nada para pedir a transferencia





completa. ¡Se aí están os problemas, en pedir as transferencias e logo en non facelo! Nós pedímolas, e vostedes aquí levan doce anos e cero transferencias. Aí están os problemas.

Se é unha cuestión de papeis, expliquen tamén por que levan seis meses facendo unha guerra e non presentando un informe, porque a esas 8.700 familias, se saben —¡que o saben!— que se resolve presentando un informe, igual non lles parece ben que vostedes veñan aquí facer mitins en vez de facer o seu traballo. Fagan o seu traballo e fagan política, e a política faise tamén no Parlamento con respecto ao Parlamento. E cando un vén aquí facer unha comparecencia sobre algo que se votou a semana pasada e se votou en contra, polo menos hai que ter a entereza de explicar por que, ou, se non se é capaz —que por agora non vin moita posibilidade de explicar moitas cousas—, polo menos explicar cal é a súa posición política, máis alá de dicir que os outros son moi malos porque son os outros, ou de insultar os voceiros, como fixeron vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor presidente, a ver se me pode aclarar unha cousa, na orde do día que nos chegou, o primeiro punto da orde do día desta sesión dicía: Comparecencia da conselleira do Mar. Recurso do Ministerio de Transición Ecolóxica sobre o Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023. ¿É así, señor presidente?

**O señor PRESIDENTE:** Supoño que os servizos xurídicos o farían de acordo co acordado na Xunta de Portavoces.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Vale, era para situarme, porque aquí, como dicía Serrat, «¡cada loco con su tema, cada uno es cada uno, y cada cual es como es!» Efectivamente. *(Aplausos.)*

Señora Egerique, vostede dixo que o BNG fixo un papelón. O papelón, señora Egerique, fíxoo vostede o outro día na Comisión de Pesca, que, ao final, despois de votar dúas veces o mesmo, non sabe o que votou, nin nese momento sabía o que estaba votando, porque preguntou: «¿e non falta un punto por votar?». E agora, no día de hoxe, unha semana despois, segue sen saber o que se votaba.

Por certo, se ten que consultar cos servizos da Cámara se a transacción se podía facer ou se non se podía facer, consulte o que vostede queira. O que había para votar eran tres puntos, que llos lin eu anteriormente, que os leu vostede despois, que os leu o señor Torrado e que na Comisión os lemos como tres veces. E aínda seguen dicindo que non a tres cuestións absolutamente claras, transparentes e nítidas.





Ben, efectivamente, artigo 9. Voulle traer unha listaxe, señora Egerique, o próximo día — non mañá, que non me dá tempo, pero o próximo día—, de todos os artigos 9 que temos solicitado e dos que aínda non temos resposta no día de hoxe. (*Aplausos.*) ¿E vostede quere que solicite polo artigo 9 o expediente? ¿Quere que solicite polo artigo 9 o expediente? Non, non, ¡se xa se ve para quen funciona o artigo 9! Para o Partido Popular, porque o resto estamos *in albis*, ¡eh! Estamos esperando a que nos conteste a unha mancha de artigos 9.

En fin, señora Egerique, vostede, coa súa actitude, como dicía aquel, «*con su talante*», continúe así pola política e pola vida, que ben lle vai ir ao sector do mar.

Señora conselleira, falou vostede dun montón de temas, o que nos vén dar a razón á nosa primeira intervención. Había e hai un montón de temas, un montón de problemas sobre o sector pesqueiro e marisqueiro galego que vostede non veu explicar a esta Cámara e que hoxe, aproveitando, a verdade, a intervención do señor Torrado... Porque é curioso e paradoxal, o señor Torrado falou un minuto e a señora conselleira responde con quince minutos. Eu fixen a miña intervención cos dez minutos que me correspondían, e vostede nin me contestou. (*Aplausos.*) Bueno, en fin, non sei se iso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non se moi ben como temos que interpretar iso. Agora ben, eu... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu, insisto, había moitos temas dos que falar. Tiña vostede que comparecer máis a miúdo, e non só vostede aquí, na Cámara, señora conselleira, tamén os distintos cargos da Consellería na propia comisión, que aínda non compareceron para temas explícitos que non foran preguntas.

Por certo, só unha cuestión —e despois volvo ao meu libro—, unha pequena cuestión. Efectivamente, lei de cambio climático, en fin, e todas as cousas do Ministerio de Transición Ecolóxica..., pero, señora conselleira, eólica mariña. Falou vostede aquí de que están cumprindo estritamente —¡estritamente!— o que marcou a Unión Europea a respecto da eólica mariña. Só unha frase, ¡eh!, porque xa teremos tempo de falar do tema. Revise, píddollo por favor —e, se non, solicítello, que seguramente a vostede lle vai facer máis caso ca a min—, ao seu compañeiro, o conselleiro de Industria, que revise o procedemento de creación e de conformación do Observatorio da Eólica Mariña, que non se está a facer con transparencia nin con rigor. ¡Solicítello, por favor!

Imos falar do libro do que viñamos falar. É claro e evidente que aquí hai unha inxerencia do Goberno do Estado. É claro e transparente que Galiza, segundo di o propio Estatuto de autonomía, ten unhas competencias exclusivas nesta materia da que esta a falar, marisqueo en concreto, pesca e marisqueo. Ben, pois se é claro que temos competencias, se é claro, efectivamente, como o é, que desde o ano 1993 funcionan os plans de explotación e que este plan deste ano, a pesar de ser trianual —que é a única diferenza que ten cos trinta anteriores—, foi recorrido por primeira vez nin máis nin menos que no xulgado, non hai outra maneira de cualificalo, señor Torrado. De verdade, efectivamente, xa llo dixen na Comisión, isto non é un papel, isto é unha competencia, pero, precisamente, de aí deducimos que as competencias, tanto a uns como a outros, realmente lles interesan pouco.

E, señora conselleira, este problema —como tantos outros que temos no sector do mar e noutros ámbitos, pero no sector do mar en concreto— resólvese, pódese resolver. ¿E sabe



como se resolve? Pois non estando doce anos á bartola —como se di no meu pobo—. ¡Doce anos sen solicitar unha soa competencia no eido do ámbito público marítimo-terrestre! (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Remato, señor presidente.

Señora conselleira, alegroume, polo menos, escoitalle que neste tema van chegar ata o final. Si, si, van chegar ata o final para defender, efectivamente, as competencias exclusivas —as raquíticas competencias exclusivas— que se nos outorgan por medio do Estatuto de autonomía.

O Bloque Nacionalista Galego vai estar aí, como o estivo sempre, desde o principio, defendendo as nosas competencias. Agora ben, señora competencia... —perdón, desculpe— (Risos.) (A señora Pérez Fernández bota a man á cabeza.), señora conselleira, vostede forma parte do Goberno. Nós estamos na oposición. Vostede é quen ten que moverse para activar a Comisión de Transferencias e para que esas competencias que agora temos se blinden e solicitar as novas. Así, por moito «papelito» que nos pidan, efectivamente, non terán nada que facer.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Señora Pérez, eu creo que, ao mellor, a conselleira non contestou o que vostede quería oír, por iso cre que lle contestou soamente ao señor Torrado. Pero realmente o Goberno que está agora en Madrid —como vostede fixo nas súas intervencións e na intervención tamén na Comisión—, o Goberno de España, é do Partido Socialista; e a ministra que meteu esa inxerencia —como ben vostede di tamén— é do Partido Socialista. Polo tanto, hai que deixar claro que o Partido Socialista de Galicia se alía co Partido Socialista de España en contra de Galicia sempre. E vostede sábeo ben, porque eu mesma llo dixen no debate, que iamos apoiar a súa iniciativa tal e como estaba redactada. ¿De que falaría hoxe o señor Torrado se non os embaucara a vostedes con ese acordo ao que chegou despois? (Murmurios.) Porque, ¿sabe o que evitou o señor Torrado? Evitou votar este punto —que vou ler outra vez—: «Presentar o informe preceptivo necesario á maior brevidade para poder continuar co trámite previsto para o Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023». Non votamos ese punto porque iso é realmente o que quere facer o Goberno de España e o que o señor Torrado non quixo votar, porque a ver que dicía hoxe aquí se someteramos a votación esta iniciativa. Por suposto, este punto non o iamos votar a favor. (O señor Torrado Quintela nega coa cabeza.)



E, mire, eu seguirei coa mesma coherencia e co mesmo talante que vostede me di, porque non iamos votar ese acordo; sei perfectamente o que votamos. Vostedes non nos van embaucar a nosoutros —como os do Goberno— nos seus acordos e nas pinzas que fan para evitar facer papelóns aquí. Porque o señor Torrado fala do «papelíño» para non falar do papelón; do papelón que ten que facer, porque esta iniciativa está rexistrada na Cámara, rexistrada polo Partido Socialista de Galicia sen emenda. Fan vostedes un refundido de dúas PNC para evitar votar este punto.

Dígolle unha cousa. Nós rexistramos unha iniciativa, imos votala a favor. E vostede verá tamén o que quere votar ou o que non quere votar. Poderá vostede pedir a votación por puntos, facer emenda..., poderá vostede utilizar todas as ferramentas que queira. Nós sabemos o que realmente hai que pedirlle ao Goberno de España, e o que tiñamos claro tamén na Comisión —e deixámolo moi claro na Comisión— eran os dous puntos do Bloque e o primeiro punto do Partido Socialista. Porque seguimos sendo coherentes e tendo talante; talante para defender a Galicia e talante para defender o sector marisqueiro, non para defender os nosos dirixentes de Madrid, os nosos partidos concretos en situacións concretas. Non, señor Torrado, iso é o que están facendo vostedes e o que fixeron con esa votación.

E, mire, non vou perder máis tempo, porque isto xa está máis que aclarado. Hai outros agravios con Galicia e co sector marítimo-pesqueiro nos que o PSdeG outra vez e tamén o PSOE fixo seguidismo, ou foi desautorizado. Xa empezou a conselleira falando do Laboratorio comunitario, no que vostede tivo tamén que cambiar de opinión. Falamos da vacinación de mariñeiros, da que vostedes tamén estiveron por aí predicando falsidades. Falamos do Regulamento de control tamén, que dicían: *«Si hay pequeños barcos que permanecen en la ría y es fácilmente demostrable, no tiene lógica que lleven GPS»*. Frase do outro día da deputada do Partido Socialista, que veu aquí emendar o que fixo en Europa. E o Bloque Nacionalista Galego vota cos Verdes en Europa, malia que diga que non. *(A señora Pérez Fernández nega coa cabeza.)* Polo tanto, nós si que facemos o mesmo en Galicia, en España e en Europa, e ímolo defender sempre.

Modificación da Lei de costas pola parte de atrás, outro auténtico despropósito. É que, ademais, aí si que deron marcha atrás os dous partidos. Tanto o Bloque como o PSdeG falaban de que metiamos medo, de que estabamos inventándonos un tema que é a pura realidade. E acabaron vostedes votando iniciativas tamén neste Parlamento a favor de que se modifique ese artigo. Polo tanto, nós seguiremos defendendo a Galicia e seguiremos defendendo o sector pesqueiro.

Insinúan que, como chegaron a un acordo vostedes e non quixemos pregarnos ás súas peticións, non defendemos o sector. É que é todo o contrario.

Polo tanto, señora conselleira, como ve vostede, é unha risa cando fala vostede da Lei de costas, é unha risa cando fala do Regulamento; din que vostede non vén aquí explicar nada, que vén facer mitins... É que o que fixo aquí vostede foi exactamente explicar cronoloxicamente todo o que pasou e o que fixo a Xunta. Entón, creo que as comparecencias e as intervencións dos deputados da oposición a verdade é que non teñen ningún tipo de credibilidade.



Eu vou dar datos do sector marisqueiro e da importancia que ten, ademais. Porque vostedes falan doutra cousa —da que non vou entrar aquí en debate, xa que tampouco teño tempo—, falan da transferencia de competencias, de que pode haber aí un diálogo entre administracións. E, mentres tanto, ¿que? Mentres tanto, ¿baixo que paraugas está regulado o sector marisqueiro para traballar? Outra vez, sen pensar neles; deixaríanos no limbo.

Mire, vou rematar con datos do sector marisqueiro, no que a media de ingresos medrou un 40 % dende o ano 2009 —tamén pola xestión, por outra parte, que fixo a Xunta—. Diciamos que houbo 29 plans marisqueiros sen ningún tipo de problema, funcionando, e ten que vir un «ministerio de traizón ecolóxica» novo, totalmente novo, a meternos aquí outra vez a zarpa. A media de ingresos durante o goberno de Feijóo medrou un 13 % con referencia á do Bipartito. Esa bicefalia PSOE-BNG xa a coñecen os galegos, esa bicefalia PSOE-BNG xa a coñece o sector pesqueiro. ¿E saben o que lles dixeron cando intentaban xestionar a pesca? ¡Non! E nós, no Grupo Parlamentario Popular, maioritario, o outro día dixémoslles que non, que non ao seu trilerismo, que si ao sector pesqueiro e que si ao sector marisqueiro, pero que non a eses acordos pola porta de atrás para evitar nin tan sequera votar o que vostedes mesmos redactan.

Nós, señora conselleira —como xa lle dixen—, dende o Parlamento presentamos unha iniciativa para defender a postura da Xunta de Galicia. Realmente nós cremos que é a correcta. E aquí nos terá para apoiar sempre, dende a Comisión 8ª ou dende os propios debates no Pleno, o sector pesqueiro e o sector marisqueiro, tal como vostede o leva facendo tantos anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Pече da comparecencia por parte da conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, presidente.

Acábolle de facer entrega ao presidente do Parlamento do expediente, ao que lle agradecería que logo llelo trasladara a todos os grupos.

A min moléstame soberanamente cando un toma as cousas a cachondeo. Fixen referencia a que podían telo solicitado polo artigo 9, e gustaríame que dixeran se desde esta consellería teñen algún expediente pedido polo artigo 9 que nunca se entregara. Ao mellor si que o señor Balseiro —que agora non está na Cámara e era portavoz de Pesca durante o goberno do Bipartito— podería dicir se lle entregaron ¡algún! expediente de todos os que solicitou polo artigo 9. Ou sexa, non confundamos as cousas, que eu creo que aquí bastante hai que explicar.

Señora Pérez, díciame que eu soamente lle contestei ao señor Torrado e non a vostede. Creo que intentei facer unha relación de todos os temas que vostede plantexou nunha soa liña —



vacinación, mortaldade, Regulamento de control... — e creo que intentei explicar a nosa postura sobre todas esas cuestións que vostedes plantexaba.

Non hai ningún problema por vir comparecer aquí ou por que comparezan os directores xerais na Comisión, ningún problema. Compareceremos as veces que se considere, tanto a petición de vostedes como a petición propia. A verdade é que eu creo que en toda esta lexislatura as comparecencias sempre foron a petición propia; nunca tiven ningunha petición de comparecencia. Pero, bueno, insistirei máis na necesidade de facer estas comparecencias para debater, porque a min me parece ben debater no Parlamento e poñer os puntos sobre os is respecto de moitas cousas que vostedes din aquí e doutras que din fóra de aquí.

Señor Torrado, falábame vostede do artigo 112 da Lei de costas e do artigo 30 da Lei de pesca, e segue insistindo en dúas cousas que, dende o meu punto de vista, son contraditorias. Por unha parte, di que demandemos máis competencias para a Xunta de Galicia, pero, por outra parte, pídenos que lle presentemos «o papeliño» ao Ministerio de Transición Ecolóxica. ¿Para que queremos máis competencias se cando goberna o Partido Socialista en Madrid quere saltar todas as competencias que xa temos no día de hoxe? ¿Para que? (*Murmurios.*) Porque pedir ese papeliño é ir directamente ás competencias exclusivas que ten a Comunidade Autónoma de Galicia.

Esa é a diferenza entre vostede e a seriedade coa que traballa, porque o artigo 112 —por se non quere vostede perder o tempo lendo— di: «*Corresponde a la Administración del Estado emitir informe con carácter preceptivo y vinculante: a) Para los planes y normas de ordenación territorial o urbanística y su modificación o revisión*» —non é o caso—, «*b) Para los planes y autorizaciones de vertidos industriales y contaminantes al mar desde tierra*» —non é o caso—, «*c) Proyectos de construcciones de nuevos puertos y vías de transporte de competencia de las comunidades autónomas*» —non é o caso—, «*d) Declaraciones de zonas de interés para cultivos marinos, concesiones y autorizaciones, de acuerdo con la legislación específica*», que tampouco é o caso. Porque eu estou regulando unha actividade, non estou dando unha autorización ou unha concesión.

No día de hoxe eu teño un medo e un temor —e espero que non se cumpra; jespero que non se cumpra, mire ben o que lle digo!—. Eu non sei se o que vostedes ou os seus amigos de Madrid están intentando facer con esta necesidade de pedir ese informe preceptivo e vinculante é porque queren derrogar as autorizacións e as concesións das diferentes confrarías que hai en Galicia. (*O señor Torrado Quintela fai un aceno desde o seu escano.*) ¡Non, non me faga así, porque cousas peores xa vimos! Eu recórdolle a vostede que a Lei de pesca do 2008 tivo que modificala este grupo nos primeiros seis meses de goberno porque vostedes se cargaban a figura das confrarías de pescadores, ¡porque se cargaban a figura das confrarías de pescadores!, porque vostedes nesa lei degradaban o Instituto de Control do Medio Mariño a un simple servizo, porque vostedes nesa lei se negaron a poñer os contadores das concesións de bateas a cero. E tivemos que facer esa modificación... (*O señor Torrado Quintela fai acenos desde o seu escano.*) ¡Non lle dea á cabeza! É ben fácil coller a lei do ano 2008 e a súa modificación posterior. E dígame vostede se mentín en algo en todos estes argumentos que dixen e no que tivemos que correr para facer esa modificación da Lei de pesca.





¿Modificamos e puxemos os contadores a cero das bateas? Si. ¿Devolvemos a figura de lei ás confrarías de pescadores? Si. ¿Devolvemos a figura de dirección xeral ao Instituto para o Control do Medio Mariño? Si. ¿Estaban eses tres puntos na Lei de pesca do ano 2008? Tamén.

E agora ¿por que este tema de confundir o que é a regulación da actividade marisqueira, que é o que estamos a facer nós dende o ano 1992 a través dos plans xerais de explotación marisqueira co tema de solicitar *«informe preceptivo y vinculante para la ocupación del dominio público marítimo-terrestre»*? ¿Terán na súa cabeciña suprimirlles as autorizacións e as concesións ás confrarías? Bote a man á cabeza, pero eu teño ese temor. E cando vostede, despois de lerlle o artigo 112 da Lei de costas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de explicarlle as competencias que nos dá a Constitución e as competencias que nos dá o Estatuto de autonomía, segue insistindo en que presentemos *«o papeliño»*, é que algo terán. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Algo terán!, porque o que teño eu ben claro é que para regular a actividade temos competencias exclusivas, e nos plans xerais de explotación marisqueira, tal como se establece no preámbulo do decreto que os desenvolve, o único que se regula son as normas, as zonas, as épocas, os horarios de traballo e os topes que se poden sacar de cada unha desas zonas. Iso é actividade, non é ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

Claro que a min se me van unindo as cousas e, por unha parte, temos a carta da ministra de Transición Ecolóxica, onde se nos di que *«Setenta y cinco años ya es bastante y que debemos de sacar a concurrence competitiva las concesiones y autorizaciones»*, e agora, de repente, despois de tres anos no Goberno, tres anos consecutivos, aprobando os plans de explotación e sen solicitarnos a petición dese informe, de repente, solicítano.

O Bloque pídenos que abramos diálogo e que non xeremos problemas. O diálogo abrímolos; o propio presidente da Xunta foise reunir coa ministra Teresa Ribera. E a ministra Teresa Ribera díxolle: *No te preocupes, que lo voy a mirar.* Y tanto lo miró que la siguiente comunicación que tuvimos fue la interposición del recurso.

Se houbera vías de diálogo, creo eu que nunha relación entre administracións, como se fai de forma habitual, hai unha chamada de teléfono: oe, explícanos isto; oe, temos unha reunión; clarificamos as posturas, e resólvese o tema. Pero aquí non houbo diálogo previo. Aquí o primeiro que se fixo o 17 de febreiro foi: mando comunicación, requirimento e: *o deroga usted la orden, o la llevo al contencioso- administrativo.*

Paso que dá a Xunta, o presidente da Xunta: *la máxima autoridad en Galicia se reúne con la señora Ribera, que es la ministra competente.* E dille na reunión que non sabe nada do tema, pero que non se preocupe, que o averiguará, e que iso se resolverá porque non podemos poñer en xogo o traballo de máis de oito mil setecentas persoas. Ben, quedamos á espera. Como pasaban os días, contestamos ao requirimento, porque dixemos: a ver se se nos vai pasar o prazo... Contestamos o requirimento. Tiñamos a crenza de que podían entender as razóns xurídicas que se daban como resposta a ese requirimento e que aí pararía a cousa. Pois non, a seguinte noticia foi a interposición do recurso. É dicir, a postura da señora Ribera é: *o me das la razón o te llevo al juzgado.* ¡E vostede pídemelo diálogo! *¡Hombre, vaya, por favor, que uno también tiene su dignidad, eh! (Murmurios.)*





Regulamento de control. Vostede dixo aquí que andamos polos portos... Está vostede moi equivocado. Os que andaron polos portos foron vostedes. *(O señor Torrado Quintela nega coa cabeza desde o seu escano.)* Si, si. Sen poñerse nin colorados. É que a min é o que máis me sorprende.

Mire, co Regulamento de control, o Pleno do Consello Galego de Pesca aprobou un ditame por unanimidade. Para analizar ese ditame, convocouse a todos os eurodeputados galegos a que viñeran a unha reunión ao Pleno do Consello Galego de Pesca. A ponente dese regulamento, a que ten a capacidade de propoñer que é o que quere que conteña o regulamento, é a señora Clara Aguilera, que creo recordar que non é, precisamente, do Partido Popular, senón que é eurodeputada socialista. Explicóuselle durante a reunión de traballo, á parte de darlle a documentación, cales eran as diferenzas fundamentais do traballo da pesca e do marisqueo e da acuicultura en Galicia con respecto ao resto das comunidades e das rexións europeas. Pedíuselle que, por favor, tivera en conta esas disposicións á hora de facer a súa proposta para o regulamento. Caso omiso. Debateuse a proposta de regulamento de control na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo. O único grupo que defendeu todas as posicións do ditame do Consello Galego de Pesca foi o Grupo Popular, ¡o único! Cando foi ao pleno... *(O señor Torrado Quintela fai acenos desde o seu escano.)* Non faga así, porque teremos que chamar aquí a comparecer os eurodeputados, entón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale, pois traerémolos. *¡Hombre, es que ya solo me falta que me engañe usted, eh!*

Cando foi a votación ao Pleno, o Partido Popular votou a favor... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, un segundo, é que eu non teño ningún problema en explicar a nosa posición de voto; outros teñen problema para explicalo e non se lles cae a cara de vergonza.

Nós votamos a favor. ¿Por que? Porque conseguimos moitas das cousas que se pedían, e os que votaron en contra votaron en contra porque aínda querían que fora máis duro e non querían que se aprobaran as cousas beneficiosas que se sacaron adiante. Esa é a realidade.

Pero vostede teno moi fácil, porque a ponente agora ten que traballar nos trílogos. ¡Que defenda o que ten que defender! O que non pode a ponente é vir aquí, a Galicia, reunirse con determinados representantes do sector da pesca e dicir: *Si, entiendo que Galicia es diferente, que los barcos que trabajan a menos de 100 metros de la costa igual no es necesario que lleven el GPS. Voy a proponer que los barcos de menos de ocho metros queden exentos.* Cando ela sabe que hai unha proposta xa do Consello de Ministros para que queden exentos os barcos de menos de nove metros. ¿Para que nos fala de oito? Para despois xa dicir que conseguiu un metro máis. ¡Home, non! Mire, as cousas non se poden facer así! Un non se pode chotear do sector e un ten que ter a suficiente cara alta para explicarlle ao sector como é o funcionamento de Bruxelas, que é o que se vota a favor e que é o que se vota en contra. O demais, o que fixeron vostedes na Comisión, quedará na súa conciencia. Porque é que, se non, non tiñan argumentos para vir hoxe como se veu aquí, que non falaron nada da defensa do sector marisqueiro. Segue vostede insistindo en que presentemos o papeliño. Non o vou presentar. Non o vou presentar porque entendo que é saltar as competencias exclusivas que ten Galicia. *(Aplausos.)* ¿Quedoulle claro?



Señora Pérez, eu alabo a súa defensa neste caso. Dáme pena que se deixara liar na comisión do outro día, porque a verdade é que podíamos ter alcanzado un bo acordo, un acordo que dera tranquilidade ao sector marisqueiro de que tiñan a maioría dos deputados deste Parlamento defendendo o seu labor, o seu traballo e a súa organización. De calquera maneira, o que si lle digo é: pediremos as competencias, como estamos dicindo, na ordenación da costa, por suposto, e en investigación oceanográfica, por suposto. Así o estamos a facer, pero é que de pouco vale pedir competencias se logo goberna o PSOE en Madrid co apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Pasamos ao punto 2º da orde do día, mocións.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dun novo modelo eólico para Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Esta fin de semana vivimos unha multitudinaria manifestación en Santiago onde milleiros de galegas e galegos protestaban polo actual modelo eólico do Partido Popular en Galicia; un malestar que medra día tras día sen que o Goberno galego escoite unha cidadanía que pide cambios para protexer o noso territorio.

Señores do Partido Popular, vostedes, como dicía o outro día o vicepresidente Conde no Día Mundial do Medio Ambiente, son un goberno moi comprometido co medio ambiente. Atrévíame a dicir que están igual de comprometidos co medio ambiente que coa igualdade cando forman eses consellos de administración nos que non existen mulleres. *(Aplausos.)* E, como di o señor Tellado: non cun ecoloxismo de propaganda, cun ecoloxismo de verdade, un que non saben nin en que consiste, porque en doce anos nunca fixeron políticas medioambientais, pero que queda moi ben nos beizos de políticos sen ataduras, non como outros que dependen das migajas das deputacións para vivir. ¡Que profundidade a do señor Tellado! ¡Vaia lección de grandeza política para quen, fóra do ámbito político, ten tan amplo currículo laboral!

Señores do Partido Popular, ¿que se lle ocorre ao seu partido despois desta mobilización do sábado?, ¿propoñer cambios? Non, activar o único recurso que teñen para intentar xustificar a súa inutilidade á fronte do Goberno galego: culpabilizar o Goberno de España. Unha vez máis, o malévolo Sánchez como culpable de todo.



Resulta que a falla de planificación do noso territorio, a falla de protección dos nosos humi-  
dais, a falla de ampliación da Rede Natura, a falla dun retorno económico xusto para a po-  
boación e para concellos son culpa de Pedro Sánchez. ¿Como non caeramos ata este momento,  
señorías do Partido Popular? O único que se lle ocorre ante o inmenso problema que temos  
no noso país é culpabilizar o Goberno do Estado para pedirlle que non tramite os proxectos  
que, por ser da súa competencia, teñen que avaliar, sexa afirmativa ou negativamente.

Señora Nóvoa, estou esperando a vela toda exaltada denunciando esa falla de nivel político,  
o máis baixo que recorda nesta Cámara, impropio de grupos parlamentarios desta institu-  
ción. E agora o grupo que sostén o Goberno galego pídelles ao Goberno central non que avalíe  
negativamente un proxecto, non, pídelles directamente que non tramite un proxecto. ¿Como  
dicía o outro día vostede na Comisión? ¿Non sería prevaricación que se negaran a avaliar os  
proxectos aínda que logo non se autoricen? Debe estar moi preocupada hoxe por ese nivel  
tan baixo que vostede mesma denunciou, pero o curioso é que é vostede a que asina esta  
propia proposta. ¡Que cousas ten isto da política!

E pídeno, ademais, porque os proxectos están fóra das áreas de desenrolo eólico do Plan sec-  
torial; esas mesmas ás que vostedes acaban de renunciar por lei hai poucos meses para a  
implantación de proxectos de especial interese.

¿Que lles parece se modernizan o Plan sectorial cunha planificación que data do ano 1997 e  
que nin tan sequera someteron á avaliación ambiental estratéxica? ¿Que lles parece se au-  
mentan as distancias ás vivendas coas que se poden instalar os muíños eólicos? ¿Ou é que  
lles obrigou tamén Pedro Sánchez a ter un mínimo de 500 metros de distancia ao núcleo  
rural, cando en Asturias e Valencia, con gobernos socialistas, teñen 1.000 metros de distancia  
mínima grazas a Feijóo?

Dende o Grupo Socialista pedímoslles, unha vez máis, que abran o debate, que fagan algo  
para demostrarlle á cidadanía galega que o Goberno está ao seu carón e que non traballan  
para beneficiar os intereses das grandes compañías enerxéticas deste país, esas mesmas que  
logo colocan cun portazo xiratorio a súa compañeira Beatriz Mato no consello de dirección  
dunha empresa do sector; como dicía o outro día o meu compañeiro Pablo Arangüena, cunha  
porta xiratoria do tamaño do Pórtico da Gloria —eu case diría que do tamaño do pórtico de  
Navantia, en Fene—, pasando a dirixir unha empresa sobre a que tomou decisións dende a  
Consellería de Medio Ambiente.

Dende o Partido Socialista levamos tratando de convencerlos de que pedir cambios non é estar  
en contra do sector das empresas eólicas, de que os socialistas somos firmes defensores da  
implantación de enerxías renovables e da loita contra o cambio climático en Galicia, pero  
necesitamos que o Goberno galego faga un esforzo para darlle seguridade a unha cidadanía  
de que a instalación de novos parques eólicos vai respectar o noso territorio, a calidade de  
vida dos cidadáns do noso rural, a viabilidade das explotacións agrarias e gandeiras e o noso  
patrimonio cultural, o noso medio ambiente e a nosa paisaxe.

Dende o Grupo Socialista sabemos que a enerxía eólica é importante para Galicia. Queremos  
defender o sector que representa case o 1 % do PIB galego; un sector que aporta miles de



postos de traballo, que é esencial na inaprazable loita contra o cambio climático e que entre o 2015 e o 2019 evitou a emisión de 33 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>.

Pero aínda que o sector é importante, señores do Partido Popular, Galicia xa ten unha forte implantación de enerxía eólica, moita máis que na maioría das comunidades autónomas do noso país e, polo tanto, todo proxecto de enerxía eólica que chegue a Galicia debера de ser analizado con moito sentidíño.

Na moción de hoxe volvemos pedirllas que abran o proceso de negociación para chegar a un novo plan sectorial eólico, que o que temos quedou anticuado, que debemos estudar a situación actual de Galicia, establecer onde poden situarse as novas infraestruturas eólicas, cales son as zonas que debemos de preservar do impacto destes parques, que límites debemos ter nesta implantación e, por suposto, que regulación debemos poñer enriba da mesa ante unhas infraestruturas eólicas que mudarán moito nestes anos, xa que nada teñen que ver os muíños que se instalaban nos anos noventa cos actuais, que poden chegar a ter ata 200 metros.

Señorías do Partido Popular, non se neguen a cambiar a regulación. Se o fixeron no ano 2017 e neste 2021 para facilitar a implantación da enerxía eólica, poderían tamén facer os cambios para protexer a nosa cidadanía e o noso patrimonio. Vostedes, que fai ben pouco estableceron que se puidera implantar enerxía eólica fóra das áreas de desenvolvemento eólico e que tamén permitiron que o servizo de inspección ambiental o poidan desenrolar empresas privadas, poden aumentar a distancia mínima á que se teñen que situar os muíños das vivendas; só teñen que ter a convicción e a iniciativa política para facelo posible.

Terán o noso apoio para facelo. Deberían estudar o que está a suceder tamén con esas enormes superficies poligonais que aparecen implantadas cos proxectos de parques eólicos, que fai que as propiedades que se sitúen no seu interior queden afectadas. É dicir, que cambian as condicións nas que se atopan as propiedades de moitos veciños, que non reciben ningún beneficio económico pola implantación destes eólicos, pero ven limitadas as posibilidades e diminuído o valor dunhas propiedades que, en moitos casos, lles custaron tempo e sacrificio conseguir.

¿Para cando a ampliación da Rede Natura, señores do Partido Popular —unha ampliación que para o seu grupo era urxente hai máis de dez anos, pero que segue bloqueada—? É terrible ver como en Galicia temos menos da metade da media estatal de superficie desta rede. Protexan as nosas zonas húmidas, incluídas as turbeiras presentes en moitos dos lugares onde se proxectan parques eólicos, que apenas están contempladas nos estudos de impacto ambiental, dado que, coa excepción das cinco zonas húmidas protexidas en Galicia, estas turbeiras nin tan sequera están incluídas no inventario de zonas húmidas previsto pola normativa autonómica dende hai tamén máis dunha década. Este inventario nunca foi realizado.

O outro día o vicepresidente Conde falou da elaboración dunha proposta técnica de declaración de novos lugares de importancia comunitaria para os hábitats de turbeira, pero, ao mesmo tempo que lle contestan isto nunha interpelación, dinlle ao colectivo Quijote de Outes, cando lle piden a catalogación de novas zonas húmidas, que o rexistro de zonas hú-



midas só está a nivel estatístico e, polo tanto, non implica protección. Esta é a resposta que lle dá o Goberno galego a algo tan importante como é a protección da auga, as brañas e turbeiras do noso territorio, un tipo de zona húmida que xa recibe o alto grao de importancia que teñen para combater o cambio climático ao ser acumuladores naturais de CO<sub>2</sub>.

Señores do Partido Popular, entendemos que lles custe admitir as eivas do sistema actual, pero, igual que admitiron a necesidade de crear estas oficinas de asesoramento aos concellos, que antes negaban, propoñémoslles as mesmas cuestións de sempre: poñan medios para mellorar as rendas que chegan aos propietarios, equilibrando as negociacións entre promotores e propietarios coa publicación dun contrato tipo para que a cidadanía teña este contrato como base para negociar coas promotoras; creen unha base pública de información de prezos alcanzados nas negociacións para informar a poboación; muden o marco regulador para volver conseguir que, para chegar á declaración de utilidade pública dun terreo e que un promotor consiga unha expropiación, sexa necesario xustificar a existencia dunha negociación e a imposibilidade de chegar a acordos, unha condición que vostedes modificaron e que debería existir; aumenten a repercusión económica nos concellos e comunidades do rural, modificando a regulación actual para que o canon eólico sexa establecido pola potencia instalada nos parques e non por muíño —neste momento no que se instalan moitos menos muíños pero de maior tamaño e potencia—; e poden mudar a repartición do dito Fondo de Compensación Ambiental, que agora é completamente opaco e que deberían facela con criterios obxectivos e actuando directamente nas comunidades afectadas pola instalación de enerxía eólica.

No caso dos parques eólicos situados nas comunidades de montes veciñais, propoñémoslles que, igual que fai o Principado de Asturias, o canon ou renda non poida ser inferior ao 3 % do valor dos beneficios obtidos pola promotora, e que eliminen a prevalencia xenérica do interese social e utilidade pública dos parques eólicos en relación cos montes veciñais en man común, que debería ser estudada caso a caso.

Señores do Partido Popular, na súa man está facer caso, tomar a iniciativa e ir modificando un modelo eólico que está completamente anticuado e que a sociedade galega cada día exige con máis forza que se cambie.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Martín Seco.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eu, como reflexión inicial, direi que durante o que levamos de lexislatura debatemos longo e tendido sobre os problemas que estaba habendo no actual modelo de implantación eólica





do Partido Popular. E agora que a vida social e tamén política se está a desconfinar e que é posible xa ter grandes convocatorias sociais, creo que o Partido Popular debería ir abrindo os ollos e debería ver o que aconteceu este pasado sábado nas rúas de Santiago de Compostela... *(O señor presidente indícalle á señora Presas Bergantiños que pode quitar a máscara para a súa intervención.)* Perdón, estaba toda concentrada. Así, moito mellor, a verdade.

Como dicía, este pasado sábado nas rúas de Santiago de Compostela vimos unha manifestación grandiosa, exitosa, convocada por máis dun cento de colectivos e que tivo milleiros de galegos e galegas reclamando o que levamos moito tempo trasladando neste Parlamento: ese clamor social por un novo modelo eólico que acabe cos problemas que está tendo o que impulsou o Partido Popular. E baixo ese lema de «Eólica, así non» —que tamén se pode resumir naquilo de «Eólica si, pero non así»—, o que reclamaban era un cambio de modelo. Realmente o Partido Popular debería saír da súa torre de marfil e escoitar o que están dicindo estes colectivos, que quizais a súa mensaxe estaba silenciada por esta época na que a participación pública tivo tantas limitacións, pero, dende logo, está aí. E ten que pensar o Partido Popular que non pode ser que eles teñan a razón poderosa e que todo o resto do mundo sexa quen está equivocado.

Polo tanto, deben atender a mensaxe que se lanzou este sábado, que non deixa de ser unha mensaxe dun país que ten dignidade, dun país que quere enerxías renovables, que quere avanzar nunha transición enerxética que sexa xusta, pero que non sexa a custa dos seus intereses e a custa, precisamente, de danos no noso sistema medioambiental que sexan irreparables. Polo tanto, non se pode dar este debate co mesmo ton mecanizado e o mesmo rol autómatas do rodillo no que o Partido Popular nos tivo durante estes últimos meses, senón que apelamos a que haxa un cambio de conciencia, aínda que só sexa por aquilo de verlle as orellas ao lobo e de ver que van ter que acabar rectificando.

Van ter que acabar rectificando, igual que fixeron co de «Verín non se pecha», igual que fixeron coa mina de Touro, con Corcoesto, coa Lei de acuicultura e con tantas outras cuestións, señores do Partido Popular. Porque neste debate están quedando absolutamente sós ante un clamor social que é imparable, porque realmente os moitos problemas que está deixando no territorio este modelo de implantación van por ese camiño, por que sexa imparable.

E tamén teñan un pouco de responsabilidade, de precaución, porque o que están facendo vostedes no territorio é xerar un impacto negativo sobre as enerxías renovables, e xa no día de hoxe, coa que está caendo, é case imposible que desde as veciñanzas, comunidades de montes e asociacións de veciños non vexan como un problema o que debería ser un paso adiante no noso país. Está sendo un problema grazas á política do Partido Popular. Polo tanto, desde o BNG remitímonos a este clamor social que se viu esta pasada fin de semana. Non é a primeira vez que o vemos, que tamén houbo mobilizacións anteriores moi importantes. Pero, desde logo, dá idea de que este país ten unha enorme dignidade e unha capacidade de sobreporse e de contestar a todo este tipo de agresións. *(Aplausos.)*

E tamén hai que dicir que este clamor social era contra a política eólica do Partido Popular na Xunta de Galiza, pero que tampouco se libraba o intento de implantación de parques de ámbito estatal que está facendo o Goberno central. Eu tamén convidaría o Partido Socialista





a que deixe de facer este exercicio que fai por veces de amnesia selectiva e de olvidar tamén que moitos dos proxectos de ámbito estatal que hai enriba da mesa —por non dicir todos— son un enorme problema.

É certo que o Partido Popular adoptou unha posición de autoexculpación moi cómoda e moi perversa. Agora sae o Partido Popular coa súa chaqueta verde ecoloxista, que tanto lles gusta a algúns dos seus voceiros, para dicir que eses proxectos non, que o Goberno central non pode facer o que está facendo o Partido Popular en Galiza, que é saltar a Rede Natura, saltar os proxectos de ampliación ou saltar os intereses sociais e económicos. O Goberno central non pode facelo. Nós estamos de acordo en que non pode facelo, pero tamén lle pedimos á Xunta de Galiza que aplique o conto. Polo tanto, eu apelaría a que ambos partidos políticos defendan tamén o dereito a decidir de Galiza sobre a súa política enerxética, a que todas as instalacións eólicas se tramiten desde o ámbito galego e a que tamén desde o Partido Popular haxa unha rectificación e haxa un novo plan sectorial eólico, unha nova regulación que corrixa todos estes problemas, que basicamente nós resumimos desde o BNG en tres grandes ámbitos: estamos vendo un enorme problema ambiental, estamos vendo un enorme problema social e estamos vendo tamén un enorme problema económico.

Porque, claro, aquí o Partido Popular intenta pintar a caricatura de que esta contestación son catro «locos» e un tambor —pouco menos—, e menospreza esta mobilización social intentando pintala de que simplemente é unha cuestión de que hai tres ou catro persoas ao longo do territorio que non queren un eólico cerca da súa casa e de que non hai máis problemas, cando, en realidade, hai un grave problema ambiental, social e económico de fondo que vou intentar resumir nesta intervención.

Hai un problema ambiental que xa temos posto enriba da mesa moitas veces, porque vostedes premeditadamente non ampliaron a Rede Natura e porque vostedes premeditadamente fixeron unha transposición da regulación ambiental internacional e estatal a esa Lei de patrimonio natural —pero que non cumpren; non cumpren con ese principio de cautela e de prevalencia do interese ambiental e de protección por riba doutros—. E tamén hai un enorme problema ambiental, porque vostedes, como parte activa do problema, non están fiscalizando a fragmentación dos parques que se tramitan no noso país. Iso fai que a tramitación ambiental sexa —digamos— máis parcial, e iso fai tamén que non se estea vendo o impacto de forma acumulativa. E temos exemplos ao longo de todo o país, desde Valdeorras a Vimianzo —tamén fragmentados—, ou podemos ir a toda a zona do Suído... Dá igual cara a onde miremos, o *modus operandi* habitual é a fragmentación e o silencio da Xunta de Galiza, malia o que nos dixeran as sentenzas de Sasdónigas ou do Oribio.

Por outra banda, hai tamén un enorme problema social de participación e de acceso á información. Primeiro, vimos que, ademais, aproveitaron vostedes a pandemia para relaxar os trámites de participación pública e para acurtalos no tempo con esa Lei de simplificación administrativa, que vén chover sobre mollado da Lei de implantación empresarial ou «lei de depredación» do 2017. Pero, non contentos con iso, vostedes o que fan é favorecer que as tramitacións sexan máis rápidas e máis beneficiosas para as empresas, pero que sexan cada vez menos transparentes para a veciñanza, que ten que facer case unha operación de investigación e autoorganización para poder saber que proxectos afectan o seu territorio e



como, e para poder alegar nuns prazos moi curtos de tempo e sen ter tamén o máis mínimo asesoramento por parte da Administración.

Isto é «a lei da selva», unha expresión que, ademais, uniu os colectivos que traballan no territorio e a patronal, porque a propia patronal fala de «lei da selva», coa que está caendo co Goberno do Partido Popular. E, diante disto, o PP lanza ese globo sonda das oficinas provinciais de atención, que basicamente é que van reunir algúns alcaldes, non se sabe aínda se son do Partido Popular ou se hai algún máis, para explicarlles, antes de que eses proxectos estean sometidos a tramitación pública, de que van; supoñemos que para ir apagando lumes e así evitar que tamén concellos do Partido Popular se sumen a mocións pedindo outro modelo eólico e que concellos do Partido Popular impulsen alegacións pedindo tamén respecto no territorio e outro modelo eólico. Entón, ese mecanismo de contención dos propios lumes municipais do Partido Popular agora preséntano como un avance na democratización destes procesos, cando en absoluto é algo así.

E, por outra banda, quería facer algunha mención tamén aos múltiples problemas económicos que estamos vendo no territorio. Primeiro, xa hai unha cuestión de fondo, que é que estes proxectos están todos en mans de grandes empresas, que o Partido Popular renunciou á participación pública de beneficios do sector, renunciou ao control público do sector e que, polo tanto, aí xa hai un problema de base, pero na aplicación tamén dun modelo de canon eólico inservible e obsoleto que nos deixou no pasado episodios como que Galiza ti-vese que pagar a factura máis alta do Estado e que non teña un retorno adecuado nin para os concellos onde están implantados estes eólicos nin para as sociedades que alí viven. Polo tanto, é unha fonte máis de conflitos en lugar de ser un paso adiante. Habería que ir a outro modelo, pero tamén hai que poñer enriba da mesa que o retorno monetario para comunidades de montes, para propietarios, incluso para os propios concellos, é ínfimo, comparado cos grandes beneficios do sector. E tamén temos que deixar enriba da mesa como reflexión que nunca antes Galiza xerou tanta enerxía eólica e que nunca tivo tantos postos de traballo asociados. Estamos vendo deslocalizacións como a de Siemens-Gamesa, vimos peches inentendibles como o de Isowat, na Coruña, mentres si se salvaba a filial castelá, e vemos tamén como as grandes empresas se dedican a deslocalizar os postos de traballo que terían que fiscalizar a rede neste país. Polo tanto, é imposible esa cábala que fai a Xunta de Galiza da man das empresas de gran xeración de traballo no noso país; isto para alén doutros múltiples exemplos, como a incompatibilidade cos usos socioeconómicos do territorio e un longo etcétera.

Estes tres grandes ámbitos de problema son só a punta do iceberg, e o Partido Popular ten que rectificar, porque hai marxe para un cambio de modelo, porque non necesitamos correr tanto, porque temos unha boa posición xa de renovables e porque podemos permitírnos parar un momento a pensar antes de que o dano sexa irreparable. Iso é o que pediu a sociedade o sábado pasado, e o que tanto tempo levamos pedindo.

Polo tanto, cada vez o Partido Popular está máis só, máis acurralado e máis presionado para que isto sexa así. Entón, canto antes cedan, canto antes senten a falar e asuman que deben gobernar para este país e non para as grandes empresas, mellor nos irá a todos e todas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Señor Seco, vostede, coma sempre, surfea; surfea pola superficie, analizando os modos ou formas de intervención, igual que analizando os currículos da xente que intervén aquí. Non sei se a súa procedencia de Repsol é a máis axeitada para falar aquí de enerxía verde, señor Seco. Un respecto por todos os intervenientes neste Parlamento, señor Seco. *(Aplausos.)*

Miren, o Partido Socialista volve opoñerse, volve situarse no lado dos que se opoñen a todo: no lado dos que se opoñen ás instalacións dos eólicos, pero din defender as enerxías renovables e o medio ambiente, e dos que se opoñen ás empresas privadas, pero din estar a favor do emprego, que, obviamente, xera a instalación e o mantemento da enerxía renovable. En definitiva, señorías, volven poñerse do lado dos que din «non» a Galicia.

Miren, o rural galego non necesita falsos salvadores, senón servidores públicos que anteponan o interese xeral fronte ao seu interese político ou ideolóxico. Estamos ante unha enerxía limpa e sostible, con vinte e cinco anos de historia e convivencia na nosa comunidade; unha enerxía que evolucionou moito tecnoloxicamente para poder ser máis eficiente e para buscar un menor impacto ambiental; unha enerxía que evita as emisións de CO<sub>2</sub>, principal causante do cambio climático, e que ameaza irreversiblemente os ecosistemas naturais e a biodiversidade.

Señorías, ou están a favor de que Galicia avance na súa transición enerxética orientada á recuperación económica cara a un modelo máis sostible, aproveitando as oportunidades que abre a industria renovable —por suposto, sen deixar a ninguén atrás—, ou están en contra. ¿Cal é o seu modelo enerxético? ¿Cal é o modelo enerxético da oposición?, ¿estar a favor do peche anticipado das centrais térmicas polo Goberno do Estado, deixando na rúa a centos de persoas, pero tamén atacar o desenrolo renovable en Galicia, como se leva feito ata o de agora de forma ordenada?

Ten graza, señor Seco, que fale vostede de que presentamos propostas ilegais. ¡Un pouco de pudor! ¡Un pouco de pudor! Levamos tramitando e debatendo propostas neste Parlamento dende que comezou a lexislatura, todas contrarias á legalidade, e pedindo paralizar proxectos e non tramitalos. Non me fale de propostas ilegais. Vostedes piden sistematicamente incumplir a lei.

Mire, falan aquí de falta de planificación, dun modelo de sector eólico ordenado, cando contamos cun plan sectorial eólico que define as áreas onde se teñen que implantar os parques eólicos. Esa é a legalidade do sector eólico galego. E por este motivo, a Lei de reactivación



económica de Galicia, que aprobamos recentemente, impide implantar parques fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico, a excepción, señorías, de proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social e posúan unha función vertebradora no territorio.

Pero miren, este grupo pregúntase por que, neste afán de comunicación e información que lle están a dar á cidadanía —iso si, de forma nesgada e interesada—, non lles contan a realidade e lles din a cantidade de parques eólicos que se van tramitar polo Estado, megaproxectos de moitos aeroxeradores colocados onde non o permite a lei galega.

Vou darlle unha relación de megaproxectos presentados que o Goberno central insiste en tramitar fóra do Plan sectorial eólico galego:

Provincia da Coruña: Ardemil, A Pobra, O Cabazo, A Armada, Lavandeira, Cova da Vella, Nordés, Tornado, Orzar, Berdoias, Pedrabante, Pena do Corvo, Garveiras, Gondre, Taboada. Quince parques eólicos, 937 megavatios, 30 concellos.

Lugo: Boura, Monzón, Levante, Borrasca, Mistral, Ventisca, A Pastoriza, A Fonsagrada, Balindos, Roidiz. Dez parques eólicos, 750 megavatios de potencia, 17 concellos.

Ourense: Rebordechao, Barjas, Prada, Alto Cabrera. Catro parques eólicos; total: 590 megavatios de potencia, 16 concellos.

Pontevedra: Galerna, Brisa, Tramontana, Céfiro, Monte dos Porcallos, Val do Folgoso. Total: 6 parques eólicos, 358 megavatios de potencia, 5 concellos.

Señorías, total: 68 concellos de Galicia; (*A señora Nóvoa Iglesias mostra un mapa de Galicia.*) un de cada cinco concellos de toda Galicia afectados por megaparques (*Aplausos.*) situados fóra das áreas do Plan sectorial eólico, fóra da norma, señorías. ¡Esta é a foto, señora Presas e señor Seco, que vostedes non queren ensinar! Esta é a realidade, en aras do seu servilismo ao señor Sánchez, señor Seco e señora Presas. Esta é a foto que non lles queren ensinar vostedes a todos os galegos e galegas.

Miren, o marco legal actual galego é garantista, e segue unha normativa ambiental estatal, señora Presas e señor Seco, como levamos falado constantemente. Somos conscientes dos valores naturais da nosa comunidade, non nolo teñen que vir dicir aquí vostedes, non. Miren, todos os LIC están incluídos na Rede Natura. Non ocorre así noutras comunidades. Miren, todos os proxectos eólicos levan unha tramitación ambiental ordinaria —¡todos os proxectos eólicos!— e analízase na tramitación ambiental a sinerxía dos parques. E non se pode falar de fragmentación cando se analizan ata quince quilómetros á redonda deses parques.

Vostedes o que fan aquí, señora Presas, é deostar a función pública e falar de que os funcionarios galegos non tramitan os proxectos co mesmo rigor que os funcionarios estatais. É que vostedes defenden os funcionarios e a función pública cando lles parece, señoría. Non sempre, como fai este grupo e o Goberno.



Miren, esta Lei galega de tramitación ambiental complementábase coa Lei de patrimonio natural, que, ademais, no seu artigo 2 —e vostede si estaba aquí cando se tramitou; o señor Seco é o que non estaba—, nos apartados f) e g), di: «A prioridade» —resalta a prioridade— «da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística», e ademais establece «a precaución nas intervencións que poidan afectar o patrimonio natural ou a biodiversidade» presentes na nosa comunidade.

Miren, falan de que non hai retorno económico á cidadanía. Pois xeran postos de traballo. Hoxe é case o 1 % do PIB en Galicia, 7.000 empregos na nosa comunidade, 581 millóns de euros —como digo— que contribúen ao PIB galego. E Galicia conta cun canon eólico, que tamén o teñen implantado dúas comunidades en España, coma nós, que son Castela e León e Castela-A Mancha. Leva recadado, dende que se puxo en marcha, 250 millóns de euros. É un canon que se destina aos concellos afectados. Neste ano 2021 están orzados 7,7 millóns de euros só para os concellos con eólicos.

Insisto, non se pode gravar por potencia, porque, se non, volveríamos estar falando aquí dun suplemento territorial que, desgraciadamente, tivemos que asumir por un fallo na lei do sector eléctrico dun ano correspondente ao 2012. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señora Presas, se quere, falamos en serio. Se non, pois facemos demagogia, como fan vostedes.

Miren, á parte do canon eólico, as empresas pagan nos concellos o ICIO, o IBI e o IAE. No ano 2019 deixaron ingresos de 37,6 millóns de euros. E xa é o colmo que vostedes falen de Muras por aí e que falen de que baixa a luz. Pero é que ¿grazas a que baixa a luz o Concello de Muras —de 600 habitantes—?, ¿grazas a que? ¿Con que presuposto lles baixa a luz aos habitantes? ¡Dígaos vostede aquí! ¡Co canon! ¡Un pouco de pudor, señoría! (*Aplausos.*) É grazas ao canon e aos impostos que recadan. ¡Un pouco de pudor! (*Aplausos.*)

Miren, cando falen de transparencia e participación, eu aconséllolles que, á parte dos proxectos galegos, falen tamén dos proxectos estatais, que os teñen ocultados. Téñenos ocultados aí, pero resulta que afectan todos eses concellos que lles dixen antes, a un de cada cinco de toda Galicia. Miren, os parques eólicos están declarados de utilidade pública por unha lei estatal, pola Lei do sector eléctrico, e faise en Galicia igual que no resto de España. E, de todos modos, a porcentaxe de acordo nos 18 parques postos o ano pasado foi dun 85 %. Pero é que en moitos foi do cen por cento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Como que claro! ¡Non, non é extorsión, é acordo voluntario, señor Bará! (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio, señor Bará! ¡Silencio!

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Cre o ladrón que son todos da súa condición, señor Bará. (*Murmurios.*)

Miren, en canto á transparencia e á participación —insisto—, a lei xa argumenta que calquera persoa afectada, ou os concellos, poden alegar durante a tramitación dos proxectos. Pero é que hai cuestión duns meses, a Xunta —en aras desa transparencia e colaboración





institucional con todas as administracións— puxo en marcha a rede de información provincial para todos os concellos afectados de forma adiantada e a través das xefaturas territoriais.

Miren, a realidade é que claro que non, que nós non somos coma vostedes. Claro que o noso modelo cre na empresa. Cremos na empresa, na empresa privada, que é clave para xerar emprego. O noso modelo permite que calquera promotor, con independencia do seu tamaño —señora Presas, con independencia do seu tamaño—, poida desenvolver un parque eólico en Galicia; moitos de capital social. Na nosa comunidade están hoxe a desenvolver parques eólicos en Galicia. *(A señora Presas Bergantiños fai acenos desde o seu escano.)* E non diga que non, porque é que si. O noso modelo permite que, garantindo todas as proteccións ambientais necesarias, se compatibilice o desenvolvemento económico no medio rural e o medio ambiente. Si, o noso modelo si permite iso. Tamén permite fomentar o autoconsumo. Levamos anos facéndoo, señorías.

O que vostedes están conseguindo —insisto—, o que están intentando conseguir, é amedrentar a poboación con falsidades, señorías. Non todos os proxectos eólicos van saír adiante, e vostedes sábeno, pero vostedes o que están é dicindo que van saír, e colocan todos nun mapa —non estes que eu lles ensinei a vostedes, que si que o Estado pretende tramitar e instalar en Galicia—. Vostedes colócanos todos, e non é verdade que todos vaian saír adiante. Sairán os que cumpran todas as garantías técnicas e medioambientais, señora Presas. Iso non é como vostedes din.

Miren, o que queren impedir é o rexurdimento de Galicia. Temos unha oportunidade, unha oportunidade. *(Murmurios.)* Galicia ten unha fortaleza en enerxías renovables, e vostedes propoñen unha moratoria, que xa é o colmo que os dous partidos que aquí se din defensores das enerxías renovables e do medio ambiente propoñan unha moratoria, como escoitamos o outro día nun debate no que estivemos todos, señorías. Nisto, de verdade, deberían ter un pouco de pudor. Os que din defender o medio ambiente queren coartar a implantación da enerxía renovable. ¡É que é surrealista, señorías!

Miren, nós non podemos, evidentemente, aprobar esta iniciativa. E se continúan en aras do mesmo, os que se repiten constantemente, señorías, son vostedes. O que fai este grupo é cumprir...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...e instar a Xunta a que cumpra a lei e a que siga tramitando os proxectos, como fai hoxe. Os que cumpran a legalidade sairán adiante; e os que non, non sairán.

Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Nóvoa.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*





Polo grupo autor da moción, ten a palabra o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Señora Nóvoa, traemos sempre as mesmas iniciativas, e seguirémolas traendo unha e outra vez ata que vostedes escoiten a poboación e a todos os colectivos que por toda Galicia están pedindo estas cuestións, como o propio Observatorio Eólico de Galicia; incluso moitos dos seus alcaldes, señora Nóvoa. E, ademais, traerémolo porque incluso, fíxese vostede, algunha das iniciativas que nós presentamos no mes de decembro agora as presentan vostedes; polo tanto, quere dicir que pouco a pouco van recoñecendo que o sistema galego ten certas eivas e que hai que ir mudando o modelo. Porque aquí ninguén está en contra da enerxía eólica e ninguén está en contra de que se instale enerxía eólica no noso país, pero o que lle pedimos é que se modifique o modelo eólico, que se faga mellor, que entre todos construíamos un sistema mellor para protexer o noso territorio, para protexer o noso medio ambiente, tamén para que o retorno económico sexa mellor e, ¿por que non?, tamén para que se xere actividade industrial.

Mire, vostede dicía que eu teño que respectar a todos os compañeiros. Respéctooos absolutamente a todos, non me meto en absoluto coa actividade laboral de ninguén. O que pido é o respecto, precisamente, para aqueles que di que viven das migallas que deixan as deputacións. Esa era a miña crítica, señora Nóvoa. Polo tanto, ese é o respecto que pido precisamente: que ninguén chegue a este tipo de comentarios que tan danos son para a política.

Vostedes están, por un lado, a favor da transición e en contra do cambio climático e, por outro lado, son os maiores defensores das enerxías que máis contaminan. Vostedes non saben ben o que queren. Por un lado, queren manter as empresas que contaminan co carbón e, ao mesmo tempo, falan mal delas e non votan a favor dunha Lei de cambio climático que significa tanto para este país. De verdade que son vostedes os que teñen que empezar a preguntarse realmente por cal é o camiño que quere tomar o Partido Popular. *(Aplausos.)*

Con relación aos proxectos que ten o Estado, dá a sensación —tamén incluso escoitando a voceira do BNG— que é o Estado o que implanta os proxectos; ou sexa, en Galicia implántanos as empresas, pero no Estado implántaos o Estado. Non, implántanos as empresas promotoras de enerxía eólica. Evidentemente, presentan os seus proxectos, que poden estar avaliados positiva ou negativamente. Esa é a realidade. E, ademais, van estar, evidentemente, baixo unha lexislación, que é o que lle pedimos insistentemente que cambien: que protexan precisamente os humedais, que fagan ese inventario de humedais que non fan, que amplíen a Rede Natura e que protexan o noso territorio e as nosas actividades primarias. É o que lles estamos pedindo insistentemente dende o Partido Socialista, porque, ao final, se vai avaliar segundo as condicións que teña a lexislación, nin dunha forma nin doutra. E, polo tanto, o Goberno galego está na súa obriga de intentar informar de cal é a situación na que se atopan eses proxectos eólicos e de dicirlle ao Ministerio que non aprobe ese tipo de proxectos que poden ser danos para a nosa poboación.

Miren, eu vólvolle repetir que para nós este é un sector importante e que a implantación de enerxía eólica deba de ser algo pactado co territorio, pactado cos colectivos e pactado cos



concellos. Os propios promotores eólicos falan de que isto é a lei da selva, porque vostedes nin tan sequera son capaces de planificar o sector. Polo tanto, pedímoslles unha vez máis que modifiquen o modelo eólico actual, xerando máis garantías para o noso patrimonio, para o noso medio ambiente e tamén para a economía dos nosos concellos. Vostede di que reciben parte polo canon eólico, pero quero recordarlles que o Fondo de Compensación Ambiental é un sistema completamente opaco e que non beneficia directamente as comunidades rurais que se ven afectadas polo eólico. (*Murmurios.*) Polo tanto, deberían facer modificacións, así como modificar aquelas cuestións que equilibren a negociación entre propietarios e promotores e non deixar ao albur das empresas enerxéticas os cidadáns do noso rural, que ven como se achegan moitos promotores eólicos á súa porta sen que ninguén lles bote unha man, sen ter un contrato tipo para saber como negociar coas promotoras eólicas e sen ter un rexistro de prezos alcanzados nesas negociacións para poder guiarse e poder plantexar unha negociación con grandes sectores enerxéticos. ¿Por que non fan este tipo de cuestións?

Eu creo que non lles estamos propoñendo cuestións que en ningún caso non poidan realizar.

Polo tanto, pedímoslles que pouco a pouco vaian modificando a súa posición e que vaian cara a un camiño dun modelo eólico máis democrático, que reparta maior beneficio polo territorio e que respecte o noso medio ambiente e a nosa poboación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Seco.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á seguinte moción.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa participación equilibrada de homes e mulleres nos órganos da Administración e nos consellos de administración de sociedades**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(*O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción. Emenda de modificación.*)

O texto da parte resolutiva quedará redactado como segue:

«1. Continuar avanzando na procura da paridade entre mulleres e homes, fomentando a súa participación equilibrada en todos os ámbitos de xestión e toma de decisións, tanto de administracións públicas como privadas, promovendo a evolución profesional das mulleres e o seu acceso a postos de responsabilidade.



2. *Facer efectivo o acordo aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia na súa sesión do 9 de marzo de 2021 que insta a Xunta de Galicia a asegurar que a perspectiva de xénero estea presente nos proxectos presentados pola Administración autonómica galega aos Fondos Next Generation».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a moción ten a palabra a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Eu non quixera comezar este debate, un debate sobre igualdade, sen poñer en valor o incansable traballo da nosa compañeira Isaura precisamente neste ámbito. (*Aplausos.*) Os seus bos consellos sempre foron, para esta deputada que fala, guías e ferramentas coas que actuar na miña tarefa parlamentaria. Dende logo, ímola botar moito de menos, e eu tamén.

Como falamos de Isaura, temos que falar de feminismo, desa loita das nosas compañeiras, das nosas irmás —como ela—, que ao longo dos últimos anos conseguiron que a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a non-discriminación fosen principios recoñecidos nos marcos normativos de practicamente todo o mundo. Porque a participación en igualdade das mulleres na vida política, social, económica e cultural é —ou debera ser— un obxectivo primordial e presente en todas as políticas públicas a fin de lograr un mellor equilibrio entre sexos nos postos decisorios e de liderado. Claro, pero é que non podemos quedar só nos papeis, temos que ir á acción, e esa acción, dende logo, ten que vir primeiro da man dos poderes públicos dos gobernos, que deben coller a bandeira do feminismo e facela súa, para logo servir a xeito de espello onde se deban mirar o resto das organizacións. E de aí a nosa moción de hoxe.

Miren, cada sociedade elabora as súas normas de xénero segundo as súas crenzas ou segundo os seus intereses, e case sempre as pautas resultantes foron asimétricas e limitadoras para un deses xéneros. ¿Adiviñan para cal? Está bastante claro. A nosa sociedade non foi allea a isto, e durante toda a nosa historia os roles masculinos foron mellor valorados e asociados ao poder; e, por certo, ao poder, pero tamén ao poder dos homes sobre as mulleres. O rol de xénero masculino asociouse —e, lamentablemente, aínda se asocia— á actividade e presenza pública, ao poder e á responsabilidade, mentres que o rol feminino relegábase —lamentablemente, aínda se relega— ao ámbito privado, á actividade doméstica e ao coidado dos nosos. Eles son os dominantes, os fortes, os autoritarios, os competitivos; e elas —nós— son as febles, as sensíbles, as submisas, as serviciais, as comprensivas, as protectoras, tamén as que merecemos —parece que merecemos— protección. E, claro, deses roles chegan os estereotipos que se asocian exactamente a cada unha desas cualidades e que provocan unha correspondencia coas tarefas a desempeñar. Porque esa socialización de xénero —ou o que chaman «socialización diferenciada»— é a que atribúe papeis masculinos e femininos a través dos que se reparten ámbitos de actuación e parcelas de poder, e disto é do que estamos falando hoxe.

Afortunadamente —e, repito, grazas á loita feminista—, como sociedade avanzada que somos, por fin entendemos que isto non se sostiña e que había que dar un xiro de 180 graos



a estas consideracións. E así o fixo a maior parte da sociedade, que entendeu que o sistema patriarcal establecera de maneira inxusta relacións de subordinación e subsidiariedade do xénero feminino respecto do masculino. Entendeuno a sociedade, entendeuno —a maioría, polo menos—, e os poderes públicos, loxicamente, son tamén sociedade. Agora só temos que actuar para demostrar non só que o entendemos e interiorizamos, senón que o practicamos.

De aí a nosa moción de hoxe. A nosa moción de hoxe o único que pretende é afianzar —como digo— o que xa está escrito; que o que está escrito deixe de ser papel mollado. E, por favor, non combatan aquí este argumento tildando de anécdota o que reclamamos, porque non o é. A nosa visibilidade, a visibilidade das mulleres na esfera pública, é vital para combater o machismo, porque a igualdade de oportunidades é unha cuestión de xustiza social que, ademais, contribúe ao desenvolvemento democrático das sociedades, e é tamén un criterio de eficacia da sociedade no seu conxunto. É necesaria a presenza das mulleres nos postos de toma de decisión política para conseguir unha sociedade xusta e democrática.

Bueno, é certo que non temos tempo hoxe aquí para asociar esta moción —que, como ven e como saben, é moi concreta— co que de verdade debера ser o necesario debate, de aí o noso pesar. O necesario debate debера ser —que, ademais, xa o trouxemos algunha outra vez a esta Cámara nós e o outro grupo da oposición e que, sen dúbida, volverá— o debate acerca da conciliación, da corresponsabilidade, do uso e da repartición dos tempos. Porque estes temas —os que acabo de mencionar— están directamente relacionados co que tratamos hoxe sobre a visibilidade da muller e a súa participación neses órganos de toma de decisión. Aí radica moita da solución. Pero, claro, mentres tanto, temos que ir dando pequenos pasos para avanzar, como o que hoxe plantexamos. Hai que rachar cos malditos «teitos de cristal», esas barreiras invisibles, pero, lamentablemente, eficaces que se presentan no noso itinerario profesional —no das mulleres— e que impiden a nosa promoción a altos postos de decisión e poder dentro das organizacións —por certo, dominadas na súa maior parte por homes—. E son invisibles estas barreiras porque a realidade é que non existen normas nin dispositivos sociais que impoñan ás mulleres esas limitacións, é certo. ¿E por que? Bueno, porque están edificadas sobre a base de construcións culturais e sociais androcéntricas —ou sexa, patriarcais—, moito máis difíciles de identificar; e, como son moi difíciles de identificar, tamén son moi difíciles de rachar.

Existe un concepto en toda esta teoría que estou hoxe aquí expoñendo que se chama «regra de proporcionalidade inversa», pola que en calquera ocupación laboral prestixiada ou con algo de prestixio, canto máis alto é o nivel de profesionalidade, menor é a presenza das mulleres. E isto, que é un feito, provoca cuestións que merecen, dende logo, a nosa atención. ¿Que provoca? Provoca menor consideración social da importancia das nosas ideas; provoca menores posibilidades, obviamente, de ascenso nas organizacións, o que supón tamén menores posibilidades de ter maior poder adquisitivo; e tamén provoca maiores posibilidades de acoso sexual no traballo. ¿Por que? Porque as mulleres quedamos en postos inferiores e estamos sometidas, ao final, ao poder xerárquico deses homes. E todo isto, de maneira silente, perpetúa esa cultura machista, con modelos masculinos nos que os homes son líderes innatos e son, ademais, símbolo de éxito profesional e de plena dedicación ao traballo. Por iso nós queremos enlazar, aínda que moi someramente —non temos tempo—, eses teitos



de cristal con eses roles de xénero e coa corresponsabilidade, os coidados e o uso e a repartición dos tempos, porque, en realidade, todo é un e merece unha reflexión pausada, pero urxente. Non será hoxe, seino, e por iso con esta moción pretendemos só poñer un pequeno gran de area. O importante está por conseguir aínda, sabémolo perfectamente, pero, como dixer, hai que ir tomando medidas, poñendo solucións, e o que si podemos é facelo de inmediato.

Nós no PSdeG hoxe non vimos a este debate con outro carácter que non sexa absolutamente propositivo, convencidos e convencidas, ademais, de que os tres grupos presentes na Cámara compartimos o que estamos a explicar. Pero non debemos quedar só no que pensamos, e debemos —como dicía— pasar á acción para institucionalizar o que para nós, dende logo, debера ser unha obriga. No pleno pasado puxemos un exemplo de todo o inaceptable, pero —e temos que ser honestas— a realidade é que existen moitos máis exemplos así, moitos máis, e en todos os niveis políticos e organizacionais. Pero xa o outro día tamén o dixemos: a exemplaridade debería ser un valor que se debера ter en conta; non podemos exixir o que non cumprimos nós mesmos e nós mesmas.

A igualdade entre mulleres e homes debера ser a base sobre a que se asente toda a Administración gobernamental, o principio que deba rexer a actuación dun goberno e dunha sociedade. E ese principio ten que verse materializado en gran medida co respecto e a consecución da participación e coa representación equilibrada de ambos sexos en todos os aspectos da vida; en todos, comezando, dende logo, pola política e a Administración, por iso falo da exemplaridade. E esa consecución —de aprobarse esta moción— pretendemos que chegue a este goberno, pero, dende logo —porque estou convencida de que haberá gobernos progresistas e moi pronto—, tamén eses gobernos progresistas terán que obrigarnos a nós tamén a facer o mesmo. Isto ten que ser —que é o que plantexamos hoxe— unha obriga de futuro.

E nós por iso o que propoñemos hoxe na nosa moción é asegurar a participación equilibrada entre homes e mulleres que establece a disposición adicional primeira da Lei orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que fala dun 40 %-60 % en todos os órganos superiores e de dirección da Administración xeral galega, así como tamén en todos os seus entes instrumentais; instar a Xunta para que non poida participar en ningunha sociedade na que non se cumpra esta representación equilibrada nos seus consellos de administración; e, ademais, tamén facer efectivo o acordo aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, na súa sesión do 9 de marzo, que instaba a asegurar que esa perspectiva de xénero estaría presente neses proxectos que se presentan aos fondos Next Generation —porque, dende logo, se as mulleres xa non estamos neses centros de toma de decisións que deciden cales van ser os fondos, preocupáanos que isto non se leve a cabo—.

En esencia, non imos solucionar —sabémolo— o problema do machismo con isto, pero si estaremos poñendo un gran de area para acadar a igualdade real e efectiva. Insistimos na idea da exemplaridade e comezamos, dende logo, por esta administración, pero isto non significa que non deba facerse extensivo a todos os ámbitos do público.

E nada máis, grazas. (*Aplausos.*)





**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Díaz.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero tamén trasladar, tanto a nivel persoal como dende o Grupo Parlamentario Popular —xa o fixemos—, o noso pesar polo falecemento da compañeira Isaura Abelairas, coa que tamén tivemos algún debate neste ámbito da igualdade. Foi pouco tempo, pero suficiente para coñecer o seu compromiso neste ámbito. Todo o noso cariño para a súa familia. *(Aplausos.)*

Esta moción, señora Díaz, é froito dunha interpelación na que vostede, no pasado pleno, amosaba unha fotografía dun consello de administración da sociedade impulsora dos fondos Next Generation; unha fotografía que a nós tampouco nos gusta. É unha realidade que un consello formado só por homes non nos pode gustar, non só como mulleres, senón como representantes dunha sociedade plural na que hai homes e mulleres e na que todos temos as mesmas capacidades. Estamos convencidos de que hai moitas mulleres que poden estar aí e que deben estar aí. Pero é que esa fotografía, como lle explicou o señor vicepresidente, estaba incompleta porque, efectivamente —como el dixo—, se van incorporar máis mulleres ao consello de administración e ademais —e non é unha cuestión menor, e é bastante importante— a directora xeral vai ser unha muller. E pediu prudencia por unha cuestión de confidencialidade, e creo que debemos respectala. Debemos respectar os momentos e os tempos para que esa muller poida facer fronte a ese cargo tan importante como é presidir e dirixir esa sociedade impulsora para os fondos Next Generation.

Como é sabido por todos e todas, quen ten maior peso nas sociedades son os CEO, as persoas que son directoras xerais, as que realizan a estratexia empresarial e as que se encargan de proporcionar os medios necesarios para levala a cabo. E o seu cargo céntrase tanto na relación co resto do persoal como na transmisión da información e, no que é máis importante, na toma de decisións.

Falaba vostede, señora Díaz, da toma de decisións por parte de mulleres. Creo que é fundamental que neste ámbito haxa unha muller á fronte da sociedade que sexa quen tome as decisións e quen dirixa a estratexia, porque todos somos conscientes —e vímolos na Comisión de Reactivación— de que esta crise á que nos enfrontamos —non só sanitaria, senón económica e social— afecta fundamentalmente sectores máis feminizados. Hai moitísimas mulleres en situación precaria, e é fundamental que esta sociedade, que vai impulsar proxectos fundamentais e importantísimos para Galicia, teña non só a perspectiva de xénero pola súa situación, senón que tamén teña á fronte unha muller. E o consello de administración non deixa de ser un consello asesor. Son asesores, e a responsabilidade e o groso da toma de decisións recae na directora xeral, que é a persoa que ocupa o posto máis importante da compañía e a que establece as estratexias.





Eu pídolles que non se preocupen só por unha foto senón que realmente teñan altura de miras e valoren outras cuestións que están detrás desta foto. Porque, detrás desta foto, hai moito traballo, hai un traballo dunha comisión de expertos económicos que leva traballando en Galicia dende o primeiro momento da crise económica, unha comisión de expertos económicos que puxo en marcha e que impulsou a Xunta de Galicia e que estivo traballando dende o primeiro momento neses proxectos que hoxe están aí para ver a luz e para ser financiados. E, nese sentido, tamén lle pedimos a súa colaboración, señora Díaz, para que dende o Goberno do Estado non se discrimine a Galicia no financiamento deses fondos e que se vexan con financiamento suficiente para poder impulsar medidas e proxectos que realmente afecten a sociedade galega en xeral, pero as mulleres en particular, porque, como dicía antes, son as máis afectadas pola crise económica. Unha foto non pode ser a desculpa para tapar iso, unha discriminación que pode sufrir Galicia porque se desvíen cartos cara a outros territorios con outros fins que todos coñecemos. Por tanto, o que temos é a obriga de impulsar a economía cara a unha maior empregabilidade das mulleres, que iso, en realidade, señora Díaz, é o que realmente importa.

Pero se seguimos falando de presenza feminina en postos de representación na Xunta de Galicia, non hai máis que mirar os postos do segundo nivel do Goberno galego. A Administración autonómica galega conta con cinco mulleres á fronte das nove consellerías que conforman o Goberno. E, se baixamos ao nivel de direccións xerais, tres destas cinco consellerías —tres das cinco, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Mar e Emprego e Igualdade— están formadas na súa totalidade por mulleres. E seguindo o criterio de presenza equilibrada, pois, ¡home!, estaríamos incumprindo o 40 % de representación dun xénero, pero neste caso do masculino, porque o cen por cento das directoras xerais destas tres consellerías son mulleres. E con respecto a toda a Xunta e tendo en conta tamén a Presidencia e as dúas vicepresidencias, case a metade —máis do 40 % que exige a presenza equilibrada da que vostede falaba—, o 45,3 % das súas secretarías xerais e direccións xerais —29 de 64— están lideradas por mulleres, e un 56,2 % do seu persoal funcionario —consellerías e organismos autónomos— son persoas do sexo feminino.

Tamén quero incidir en que boa parte dos organismos dependentes da Xunta, ostentando cargos de directores ou xerentes, contan con mulleres á súa fronte. E de 89.774 funcionarios que ten a Xunta de Galicia, 64.139 son mulleres. Estamos falando do 71,4 % das persoas traballadoras da Xunta de Galicia, que son mulleres.

Falando de sociedades, entes e fundacións da Administración galega, pois hoxe hai 186 mulleres que participan nestas sociedades; representan o 40 % do total. E hai 280 homes, que son o 60,09 %. Por tanto, é verdade que hai que avanzar cara a unha maior presenza feminina, pero creo que o equilibrio, neste caso, se está a dar.

Vostedes na moción piden que se aplique como obriga para a Xunta de Galicia a participación de mulleres que establece a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, como recomendación para a Administración xeral do Estado. Ben sabe vostede que esa lei se aplica á Administración xeral do Estado e non ás comunidades autónomas, e vostede pide que esa recomendación que se pide para a Administración xeral do Estado se aplique como obriga para a Xunta de Galicia. Iso é o que pide vostede no seu punto 1. Nós, como fomento, como avance e demais



estariamos de acordo, e por iso despois, á parte da nosa emenda, se quere, podemos chegar a algún acordo nesta materia, porque non parece proporcionado que nós lexislemos por riba dunha lei orgánica e que cheguemos a un acordo no que poríamos unha cuestión de máximos por riba do que establece a propia lei orgánica.

E vostedes piden no punto 2 que a Xunta non participe en ningunha sociedade na que non se cumpran eses criterios de recomendación, cando en moitas desas sociedades está presente o Estado e non se cumpre ese equilibrio. Entón, nós pedimos que a Xunta siga presente nesas sociedades, neses organismos, pero a Xunta ten que velar por ese cumprimento do equilibrio e participar. Se non participa dende fóra, dificilmente se vai poder fomentar e avanzar no equilibrio e na paridade.

Nós presentamos, señora Díaz, unha emenda en consonancia co que di non só a lei do Estado de 2007, senón a propia lei galega e o Decreto lexislativo 2/2015 para favorecer e fomentar a paridade e a presenza equilibrada de mulleres e homes. Decía vostede que vén con ánimo propositivo. Eu cóllolle o guante e creo, señorías, que hoxe podemos chegar aquí a un acordo. Se o que realmente importa e o que realmente queremos e procuramos nestes debates é chegar a acordos e ao consenso, eu téndolle a man para chegar a un acordo neste tema e para seguir avanzando na procura da igualdade real. Se o que queren é ter un motivo de confrontación e criticar a Xunta, aí non nos vai atopar. Pero creo que ese non é o debate e creo que nos últimos tempos temos chegado a acordos moi importantes na área e na materia da igualdade. Por iso, creo que podemos seguir nesa liña e, se vostedes así o consideran, podemos chegar a un consenso.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eu tamén quero trasladarlles en nome propio, pero sobre todo no do Grupo Parlamentario do BNG, unha vez máis, o noso pésame polo falecemento da señora Isaura Abelairas, e tamén o noso recoñecemento a todo o traballo que, ao longo da súa traxectoria política, fixo, especificamente no que ten a ver na loita pola igualdade e os dereitos das mulleres. *(Aplausos.)*

Pero tamén, se mo permiten, vou romper un pouco o guión. Hai un director de cine, do Novo Cinema do Brasil, que se chamaba Glauber Rocha —marabilloso, e ademais estivo en CineEuropa, aquí, en Santiago de Compostela, nunha das súas edicións—, que dicía: «A función do artista é violentar». E engadiría eu á súa palabra —collendo, ademais, a súa



profesión—: «e romper o marco, romper o guión». Eu vou traer na miña intervención tres reflexións con ese prisma de Glauber Rocha de que a función do artista é violentar, e vou coller tamén o espírito da súa interpelación no que ten a ver coa empresa creada pola Xunta de Galiza para decidir o futuro —unha parte importante do futuro— deste país e no que ten a ver coa plasmación ou a materialización deses fondos *Next Generation*, os fondos de reconstrución europea.

A primeira reflexión que ten a ver con esa fotografía —e tamén collo unha frase que dicía a señora Prado na súa intervención— é: miren detrás da foto. Pois imos mirar detrás da foto tamén. Primeira reflexión: efectivamente —e collendo o que dicía na interpelación a señora Díaz—, existe unha discriminación nese consello de administración, nese «chiringuito» que montou o Partido Popular para que os seus amiguets e as empresas dos seus amiguets decidan o futuro deste país. E é evidente que esa discriminación existe mirando a foto, por pura estatística e pura probabilidade. As mulleres representamos o 52 % da poboación galega. Calquera espazo, calquera, no que non haxa unha soa muller representada é un espazo discriminatorio e excluínate, e, como tal, antidemocrático. Os dereitos das mulleres son dereitos fundamentais, a súa negación, a súa violación ou o non recoñecemento deses dereitos é simplemente antidemocrático porque atenta contra os dereitos fundamentais de máis da metade da poboación deste país.

Esa foto —a do consello de administración dese chiringuito máis privado que público que montou a Xunta— é un síntoma —mirando máis alá da foto—, e é o reflexo de algo que está a acontecer e que leva acontecendo nos últimos anos non só en Galiza: e é que hai moito discurso para lavar a cara —iso que se chama en feminismo *purplewashing* ou *pinkwashing*—, pero, á hora da verdade, o poder continúa nas mesmas mans de sempre, e non só cando falamos de xénero; mesmo continúa nas mesmas mans de sempre habendo mulleres que non van cuestionar como ese poder se exerce nin a que intereses responde, porque defenden os mesmos intereses. Aí a segunda reflexión: ser muller non define por si propio determinados comportamentos nin actitudes, nin moito menos predetermina ideoloxías. Dito doutra maneira: non todas as mulleres son Alexandra Kollontai, que llo pregunten a Margaret Thatcher. Claro, eu, preparando esta intervención, acordeime da máis grande, de Margaret Thatcher. Era muller, non cabe dúbida, a primeira muller en ser primeira ministra do Reino Unido, a única muller dese goberno, do seu goberno, e era a única por decisión propia, por convencemento. Unha poderosa imaxe. A imaxe ten un valor fundamental nas nosas sociedades que queda para a historia, e precisamente a dela era: soa, vestida de azul e rodeada de todos aqueles homes, que tan ben representou a serie de *The Crown*. Thatcher é un bo exemplo de como se pode non romper os teitos de vidro, senón atravesalos e tirar a escaleira detrás dunha mesma para que ningunha máis poida subir por eles. Thatcher era unha muller e antifeminista. Esta non é unha opinión, foi unha antifeminista declarada, que se ve nunha frase tamén célebre, case tanto coma ela mesma: «*I hate feminism*» —dicía—, odio o feminismo. «*It's poison*», é veneno. Era unha muller, pero exerceu o poder con máis dureza e atacou os dereitos da clase traballadora, das maiorías sociais británicas, mesmo de pobos —e aí está para a lembranza tamén o de Irlanda—, moito máis ca ninguén antes ca ela.

¿A onde quero ir con isto? Volvemos a Glauber Rocha: «a función do artista é violentar». ¿A onde quero ir? Se no consello de administración desa empresa chiringuito que montou o



Partido Popular na Xunta de Galiza estivesen Ana Patricia Botín, as irmás Koplowitz ou Marta Ortega, ¿sentiríámonos máis representadas? Eu xa lles digo que non, porque a raíz do problema é a natureza mesma desa empresa e de moitos outros concellos de administración. O obxectivo para o que é creada é para introducir, neste caso concreto, no centro de decisión política, ese poder económico que non se presenta as eleccións; (*Aplausos.*) é dicir, para poñerlles unha cadeira no Consello da Xunta a empresas seleccionadas a dedo, amigas, ademais, do poder político deste país, co obxectivo de que quen non se presentou ás eleccións —que é o que está preparando o Partido Popular con esa empresa máis privada que pública, con ese chiringuito—, esas empresas, deseñen, tracen e decidan o futuro de Galiza, o modelo produtivo deste país, e por suposto para levar un bo pedazo da cantidade inxente de recursos públicos que se van mobilizar nos próximos anos para esa reconstrución económica. Primeiro foi a banca en 2008 e agora van ser as empresas do IBEX as que saian beneficiadas desa crise económica e social. (*Aplausos.*) Para iso está montando ese chiringuito o Partido Popular.

É discriminatorio, por suposto, que non haxa ningunha muller nese consello de administración, pero, o feito de habela, non a convertería nunha empresa feminista, non. Porque hai cousas que nos unen como xénero, diso non cabe a menor dúbida, sen dúbida ningunha, pero tamén hai que ter igual de claro que a ideoloxía e a clase social existen e que hai factores económicos que determinan a opresión das mulleres. (*Aplausos.*) Efectivamente, esta crise —e a anterior— golpeou enormemente as traballadoras, as mulleres traballadoras, pero non vai ser Naturgy, a parte privada de Reganosa, Inditex ou Abanca quen lastren ou deixen atrás ese modelo económico, esa estrutura económica que é a que lastra, perde ou nega dereitos ás mulleres e fai que sexamos precisamente nós as que acabemos pagando o prato roto, unha crise tras outra. É con eses factores económicos cos que hai que acabar. Noutras palabras, «as mulleres podemos chegar a ser verdadeiramente libres e iguais só nun mundo organizado mediante novas liñas sociais e produtivas» —esta frase é de Kollontai, esta si, de 1907—, non da man —insisto— de Naturgy, de Abanca, da parte privada de Reganosa ou doutras grandes transnacionais. Debera ser este Parlamento —e aquí si está representada toda a diversidade da sociedade deste país, non só por razón de xénero— quen decidira, xunto co Goberno da Xunta e con outros órganos de participación pública como o Consello Económico e Social, cales van ser as liñas sobre as que pivote a reconstrución económica e social, despois desta enorme crise que aínda segue enriba nosa.

E aí está a terceira reflexión, para non perder a perspectiva. Crearon vostedes da nada —¡da nada!— unha empresa privada para decidir e condicionar os proxectos que se financien cos fondos públicos; unha empresa privada dirixindo e pilotando o futuro das maiorías sociais deste país. (*Aplausos.*) É un escándalo democrático de proporcións insospeitadas. Pero resulta curioso que xerou maior polémica e escándalo público neste país que o Partido Popular en Madrid, que a señora Díaz Ayuso —¡ollo con isto!, que di moito tamén da sociedade e do sistema no que vivimos—, lanzase un proceso de licitación pública para que unha empresa privada xestionase os Next Generation en Madrid. ¿Lembran? Pois moito máis que o feito de que aquí o Partido Popular, sen concerto nin licitación e absolutamente da nada —¡da nada!— creara *ad hoc* un chiringuito privado para pilotar o futuro deste país. Cren tanto na empresa privada— alguén o dicía antes nunha intervención—, tanto cren na empresa privada, que a colocan para que governe directamente, (*Aplausos.*) substituindo as funcións do



Goberno e do Parlamento por un chiringuito, para que tres empresas —¡tres!— escollidas a dedo —a la sazón, Abanca, Naturgy e a parte privada de Reganosa— corten o bacallau sobre os fondos europeos e para que decidan como vai ser a reconstrución deste país; sen mulleres, pero tampouco están representadas as traballadoras, os traballadores, as maiorías sociais. E, por se alguén non se decatou, as decisións que se tomen agora e a que interese respondan marcarán as próximas décadas de todas e de todos.

Nós imos votar a favor desta proposta, entendendo tamén a marxe que vostedes teñen para negociar coa emenda que presentou o Partido Popular. Nós imos votar a favor. Cremos que temos que ocupar os espazos que nos corresponden por dereito. Diciao ao comezo da miña primeira intervención: somos máis da metade da poboación. Aquel espazo no que non estamos representadas é directamente antidemocrático, pero que a árbore non nos impida ver o monte. Hai moito máis que a ausencia de mulleres nesa fotografía: é quen vai decidir e a que interese responderán as decisións que adopte ese poder económico que non se presenta ás eleccións e ao que lle acaban de poñer unha silla no Consello da Xunta.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo autor da moción, ten a palabra a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidente.

Queremos agradecer o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego. Evidentemente, non vou entrar a ese debate que puxo aquí, enriba da mesa, a señora Rodil. Non é hoxe, dende logo, o debate que traemos nós con esta moción. E tampouco é bo entrar nesa foto. Xa ven que si foi a miña interpelación ao conselleiro, pero non quería hoxe entrar nesa foto, non pretendía hoxe facer ningún comentario, aínda que, ao final, si que vou ter que facelo, porque tentan xustificarse con esa suposta directora xeral, pero a realidade é que todo o mundo entendeu —e así o entendemos nós— que é unha xustificación, dende o noso punto de vista, do inxustificable. Agradecemos que rectifiquen, pero, por favor, nós, e eu, dende logo, como muller, non quero ser sempre unha rectificación, por iso non entendemos moi ben que continúen argumentando por aí.

Sobre a emenda. Señora Prado, nós esa emenda non a podemos aceptar porque, en realidade, non di nada. Fala de fomentar e de fomentar, e iso, precisamente, é ao que nós non vimos aquí, senón un pouco a todo o contrario, a deixar de fomentar, a deixarnos de discursos, a funcionar como exemplo, con esa tarefa que temos de exemplaridade, e a intentar realmente poñerlle couto a ese fomento. Entón, non dubidamos da súa vontade de querer continuar coa procura da paridade. Ademais, agradezo... Aquí estaba convencidísima de que ás mulleres do Partido Popular tampouco lles gustou esa foto, pero esta emenda non é o que propoñemos, porque, en realidade, desa maneira desvirtúase, queda sen contido; coa súa emenda





queda sen contido o que nós pretendemos, que é poñerlles deberes, compromisos, ao Goberno galego, á Xunta de Galicia, á Administración autonómica.

Falou vostede de cifras, de moitísimas cifras, pero, claro, a cuestión aquí non é tan cuantitativa como cualitativa; esa é a cuestión. Eu tamén podo poñer cifras. Vostede falaba de tres consellarías nas que só hai mulleres, e eu dígolle que hai tamén tres consellarías nas que só hai homes, e ademais con bastantes máis persoas nestes cargos de segundo nivel. Se facemos un cómputo cuantitativo, finalmente, saen vostedes peor parados. Entón, nós non queríamos falar agora mesmo deste asunto.

O que si que nos sorprende é que se están tan convencidas e tan convencidos do que estamos hoxe a falar aquí, non sei por que temen tanto falar deste cumprimento ou comprometerse a ese cumprimento do que nós estamos dicindo. Se xa, como vostedes aseguran, o están cumprindo, entendemos que non terán ningún problema en aprobar isto que hoxe estamos propoñendo aquí.

Si quería facer unha pequena mención ao discurso da señora Rodil. Podo entender o que vostede dixo e mesmo tamén compartilo, pero si é certo que aquí estamos falando doutra cuestión, ao noso modo de ver, e é que é máis unha cuestión de visibilidade, de visibilidade desas mulleres. Precisamos espazos para que sexan referentes, para que nós aparezcamos como referentes para outras mulleres, aínda que teñamos que vernos no espello e atoparnos con Margaret Thatcher. Pero é que Margaret Thatcher foi tamén unha muller; antifeminista, efectivamente, si que o foi, pero foi unha muller que estivo onde estivo. Entón, si que, certamente, ao mellor, xa non tanto para nós, as mulleres, que coñecemos o noso potencial, pero eses referentes son necesarios precisamente para os homes, para que haxa homes que vexan que existen mulleres que poden chegar a onde sexa, aínda que non sexan, precisamente, as que van loitar polos nosos dereitos probablemente en moitas desas ocasións. Esa era a nosa intención.

Como digo, a cuestión da visibilidade das mulleres nos centros de toma de decisións é un problema social que existe, e ademais quedou aquí posto de manifesto por parte dos tres grupos, e parécenos inadmisíbel —por iso o dicimos— en democracia, por canto é un grande obstáculo para o desenvolvemento social. Non queremos —de aí a nosa moción— que a idea de representación equilibrada pase a ser un mero concepto que sexa tido en conta; non, nós o que queremos é que sexa un requisito *sine qua non* da actuación das administracións públicas e na composición dos distintos órganos da toma de decisións. ¿E é unha medida de discriminación positiva? Probablemente, e probablemente e oxalá sexamos capaces de que isto xa non sexa necesario, pero nestes momentos pensamos que si o é. Xa dixemos hai dúas semanas —e volvemos repetilo— que a participación equilibrada de mulleres e homes na toma de decisións é vital para a igualdade, e, ademais, un dos seus primeiros chanzos, de incumprir esta participación equilibrada, é que seguiremos perpetuando estereotipos de xénero que queremos desterrar e que son en moitas ocasións a causa de desigualdades que, moitas veces, lamentablemente, rematan en violencia.

Rachar cos teitos de cristal que impiden ás mulleres ocupar postos de responsabilidade non é só unha cuestión de xustiza social, senón que, ademais, como digo, contribúe a romper os





estereotipos sobre os que se asenta o machismo. A ausencia de mulleres en postos de toma de decisións está finalmente xerando eses modelos de desigualdade que nada facilitan o bo funcionamento da democracia.

Xa o dixemos o outro día tamén —remato xa— e non paramos de repetilo —no PSdeG non cesaremos de repetilo—: aplicar a transversalidade da igualdade na acción política é isto; é, precisamente, isto.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio natural e a biodiversidade**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Grazas, presidente.

Teño unha pregunta para vostedes. A verdade é que estou intrigado, a ver se ma poden responder: ¿segue existindo a Consellería de Medio Ambiente? Porque realmente a conselleira de Medio Ambiente está desaparecida, está *missing*. Non comparece no Pleno, non dá a cara..., e a verdade é que non nos estraña, porque, coa que está caendo, coa cantidade de megaproxectos que están ameazando e invadindo os espazos naturais e o medio rural galego, non me estraña que estea metida debaixo dunha mesa e non queira comparecer no Parlamento. Porque son, efectivamente, proxectos, megaproxectos industriais, que ameazan e que invaden o medio rural e o medio natural. E, miren, para demostrar isto, voulles poñer uns exemplos. ¿Ven estes produtos que teño na man? *(O señor Bará Torres mostra uns produtos lácteos.)* Son produtos de excelencia do rural galego, concretamente da Casa Grande de Xanceda. Pois ben, estes produtos, este proxecto, está ameazado por un parque eólico e por unha subestación eléctrica. É así, e, se non, vaian dicirllo á Casa Grande de Xanceda, que xa foi petar na porta da Consellería de Industria para dicir que isto é unha aberración. Isto é o que están facendo cunha aldea modelo. Esta é unha aldea modelo de verdade, non as de propaganda que están montando, e queren botala abaixo, queren destruíla cun proxecto absolutamente aberrante. Isto é o plan eólico do Partido Popular.

Pero non é só na comarca de Ordes, que podemos dicir que é unha especie de zona cero da invasión eólica. Isto está pasando tamén na comarca do Xallas, na comarca do Deza, na comarca de Terra de Montes..., nun número de concellos do país que están sufrindo esta in-



vasión eólica. E este é un plan aberrante, teñen que asumilo, teñen que recoñecelo. A xente, ademais, estao vivindo con desesperación, estao vivindo con angustia, estao vivindo con sufrimento, e a vodedes dálles exactamente igual. A Xunta do Partido Popular erre que erre co seu plan obsoleto, co seu plan anticuado e irracional.

E que lles quede clara unha cousa: van ter que cambialo si ou si; ímolo cambiar porque non o imos permitir. Porque, ademais, este plan non ten nada que ver co que estaba escrito no ano 2001 cando se aprobou definitivamente o Plan sectorial eólico; cambiou a tecnoloxía e cambiou tamén a lexislación ambiental. E vouldes poñer só un exemplo: as distancias dos muíños con respecto aos núcleos habitados. Non ten nada que ver un muíño de 60, 70 metros de altura, como os que se facían hai quince anos, cos muíños de case 200 metros de altura que se están proxectando e instalando agora. Fíxense que a altura da ponte de Rande —para que fagan unha comparación— é de 152 metros. Estamos falando de muíños que teñen 180–200 metros de altura, ¡unha auténtica aberración! E vostedes seguen igual, erre que erre, non modifican as distancias con respecto aos núcleos habitados. ¿E saben por que? Porque a Xunta, porque o Partido Popular, porque o señor Feixóo gobernan ao servizo das grandes empresas do *lobby* enerxético e non defenden a xente deste país, o rural deste país (*Aplausos.*) Esa é a realidade.

O plan vixente da Xunta, do Partido Popular, que foi modificado ao longo do tempo en numerosas ocasións, que xa non ten nada que ver co do 2001, resulta que é un plan que ten dúas características: é un plan contra o rural e é un plan contra natura. É un plan contra a xente do rural, que pode levar, literalmente, á expulsión do rural de moita xente, que ten alí os seus proxectos de vida e os seus proxectos de traballo. Efectivamente, porque a ubicación dos parques está cambiando con respecto aos que se fixeron hai quince ou vinte anos. Están enriba —como vimos neses caos, en moitos casos— das explotacións agrarias.

Vostedes debían crear un departamento de espolio dos recursos naturais ou un departamento de despoboación rural, porque este é o risco que se corre. Deberían chamarlles ás cousas polo seu nome, debían crear a «Dirección Xeral de Exterminio do Rural». Así de claro, chamándolles ás cousas polo seu nome, sen rodeos.

Ademais, é un plan contra natura, un plan que, tal como está concibido, se se leva a cabo, levaría a provocar danos irreversíbeis en espazos e en hábitats e que a Comisión Europea lles di que eran de interese prioritario, que había que protexelos. Hai un mandato da Unión Europea que vostedes están incumprindo.

No ano 2008 iniciouse unha ampliación da Rede Natura que prevía a protección do 18 % do territorio galego. Vostedes paralizárona, e no ano 2012 iniciaron unha nova tramitación que prevía a protección do 15,2 % do territorio galego. Teño aquí o DOG do 2 de xaneiro do 2012, que publicou ese trámite de ampliación da Rede Natura, e dicía literalmente: «Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión Europea das dúas decisións do 2004 e do 2006, é urxente iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 galega e dar así cumprimento ao mandato da Comisión» —2 de xaneiro de 2012—. É urxente iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 galega. Pasaron dez anos e seguimos na mesma, porque vostedes paralizaron este plan porque ía en contra dos intereses do *lobby* enerxético.



(Aplausos.) Eses son os que mandan, eses son os que deciden e eses son os que lles dan as ordes.

Pero voulles dicir máis. O DOG do 1 de xaneiro do 2012, un día antes deste DOG da ampliación da Rede Natura, publicaba a disposición adicional quinta da Lei de desenvolvemento eólico, que dicía: «Suspensión da tramitación de parques eólicos na ampliación da Rede Natura. O anuncio da exposición pública da proposta de ampliación do ámbito da Rede Natura determinará por si mesmo a suspensión do procedemento de autorización dos parques eólicos que se sitúen en todo ou en parte no ámbito territorial do obxecto da ampliación».

¿E que fixeron vostedes? ¿Suspenderon os proxectos eólicos? Non, o que suspenderon foi a ampliación da Rede Natura. ¡É un auténtico escándalo! Se non é prevaricación, parécese moito; e o BNG vaino denunciar alí onde sexa necesario, tamén diante da Comisión Europea.

Miren, fronte ao abuso, fronte á prepotencia, fronte á depredación coa que están levando este proceso, este plan, hai un auténtico clamor, unha revolta social, que se puxo de manifesto o pasado 5 de xuño nas rúas de Compostela. Vostedes parece que non o queren ver. E non é só nas rúas de Compostela, é ao longo de gran parte do país, en moitas comarcas do país, porque a xente se está revolvendo contra este espolio, contra este abuso, e tamén en moitos concellos do Partido Popular, que están aprobando mocións e alegacións contra estes parques. E se lles lese aquí algún deses acordos, poríaselles a cara vermella. Despois, se teño tempo, aínda, ao mellor, leo algún.

Pero é que non ten nada que ver o que está pasando agora co que pasou hai quince, dez ou vinte anos. Daquela non houbo esta oposición. ¿Por que? ¿Por que non houbo daquela esta oposición? Porque non tiña nada que ver o que se estaba programando daquela co que se está programando agora. E non é só o clamor social da xente que se está revolvendo, é tamén o que lles está dicindo a universidade galega a través do Observatorio Eólico de Galiza, o que lles está dicindo o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que lles está chamando «agresores». É algo absolutamente aberrante; é algo absolutamente delirante e irracional.

Por iso, o BNG trae aquí unha serie de propostas para poñerlle freo a este despropósito. Son propostas construtivas, propostas en positivo, propostas que defenden a racionalidade e propostas que defenden o equilibrio entre o ambiental, o social e o económico; propostas que se poden resumir nese lema que xa está moi estendido de: «eólicas si, mais non así». E estas propostas que traemos nesta moción pódense resumir en tres cuestións concretas:

A primeira, aplicar os principios de precaución e de prevención do cambio climático, que están, efectivamente, na lexislación, están na lexislación estatal e tamén na galega, o problema é que vostedes non os aplican nestes proxectos. Debíase someter todo o plan a estes principios, e non o fan. Igual que a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación urbanística, que tampouco a aplican; está na lei e pásano polo forro.

En segundo lugar, propostas de protección da biodiversidade, porque a biodiversidade debemos vela como un escudo protector, como un seguro de vida colectivo. Por iso propoñemos a ampliación da Rede Natura con prazos e con espazos tamén de protección, seguindo as re-



comendacións internacionais. Propoñemos tamén que se inicie a tramitación da Estratexia de Infraestrutura Verde dunha vez, para blindar a conectividade ecolóxica entre os espazos protexidos, e que se cree o Fondo de Conservación da Natureza. E, por último, propoñemos a protección das augas e dos humidais, que son fundamentais para prever o cambio climático.

O PP ten que escoller de que lado está. O BNG teno claro, está do lado de Galiza, do lado da protección ambiental, do lado do rural e, sobre todo, do lado da xente, que se está revolvendo contra estes proxectos abusivos.

Nós témolo claro. Vostedes tamén terán que asumir as consecuencias, se seguen así.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Co gallo desta proposta do propio Día Mundial do Medio Ambiente, cómpre reflexionar sobre o papel de Galicia diante da idea do novo Pacto verde, que leva desenvolvéndose no mundo máis dunha década, pero que cobrou máxima importancia nos últimos tempos.

Europa, coa súa axenda verde, quere liderar esa transformación. China, que está afeita a planificar a longo prazo, dá mostras de entrar con moita forza na transición enerxética e ecolóxica, a partir dunha economía altamente contaminante. E en Estados Unidos, a vitoria de Joe Biden e os seus movementos na liña dunha aposta verde, claramente ambiciosa, eliminan un gran obstáculo para desenvolver globalmente políticas como era o negacionismo de Trump, na primeira potencia do mundo.

Tres bloques xeopolíticos aliñados na dirección dun cambio fundamental para a humanidade. E España pasou da negación de Rajoy ao compromiso activo do actual goberno progresista: a idea de que a transición ecolóxica non é opcional, senón inevitable, e de que o noso país debe actuar para situarse na vangarda dese proceso.

Pola súa banda, Galicia, que ten claras vantaxes para este cambio global, falla na visión e na vontade política. O orzamento medioambiental da Xunta é de 199 millóns de euros no 2021, moito menos dos 295 millóns do ano 2009 do último Goberno Touriño, cando xa pasaron, nada máis e nada menos, que doce anos; doce anos nos que fomos cara a atrás coma os canxrexos. Somos a última comunidade de España —ja última!— en superficie protexida pola Rede Natura 2000, con menos da metade da media estatal, e a actual expansión eólica afecta zonas que deberían formar parte da futura ampliación desa rede, postergada máis dunha década. Estamos moi lonxe dos obxectivos europeos en reciclaxe de residuos, a calidade das nosas augas deixa moito que desexar tras vinte e un anos de vixencia da Directiva marco



das augas da Unión Europea e o noso monte trócase aceleradamente nun monocultivo de eucalipto con intensa perda de biodiversidade e coa Xunta mirando descaradamente para outro lado. Porque a realidade das políticas medioambientais da Xunta de Galicia é que se pintan espazos protexidos nun papel única e exclusivamente porque hai unha Unión Europea que establece obxectivos e normativas de protección do medio ambiente. E os exconselleiros de Medio Ambiente do Partido Popular rematan en Ence, ou en empresas do sector das enerxías renovables

—por certo, no caso da exconselleira Bea Mato, sen pudor, menos dun ano e medio despois de deixar a Xunta de Galicia— e o dereito constitucional ao medio ambiente convértese en papel mollado en Galicia e pisotéase cada día do ano.

Temos a Rede Natura máis pequena de España, a enorme distancia do resto das comunidades autónomas. A nosa superficie terrestre, incluída na Rede Natura, non chega ao 12 %; é, por tanto, menos da metade da media estatal, que é do 27,35 %, segundo datos oficiais.

E o 20 de decembro do 2011, como mencionou o señor Bará, a Xunta emitía unha nota de prensa recollida ese día por *Europa Press* nos seguintes termos: «*Galicia completará antes del verano su Red Natura 2000, que pasará del 12 % al 15 % del territorio*» —decembro do 2011—. E o 2 de xaneiro do 2012 poñíano branco sobre negro no *Diario Oficial de Galicia*, dicindo literalmente por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta que é urxente iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 galega. Era urxente en 2011. É dicir, no 2011 e no 2012, o propio Goberno autonómico do Partido Popular, presidido polo señor Feijóo, recoñecía a urxencia de iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 de Galicia, pero nunca máis soubemos desa ampliación.

Coa particularidade de que no maior informe sobre a Rede Natura publicada en España pola organización WWF, que analizaba a xestión da Rede Natura 2000 nas comunidades autónomas, Galicia figuraba na última posición de España. E WWF consideraba —e cito literalmente— que «*Galicia conta co peor plan de xestión de espazo Rede Natura de España*». E sinalaba a responsable de Rede Natura de WWF nesas datas respecto do Plan director de Galicia que «*es con diferencia la peor planificación. Muchos coincidimos en que ni siquiera se le puede llamar plan de gestión*», isto dicía naquelas datas a responsable de Rede Natura de WWF.

Dous dos seis parques naturais de Galicia non teñen nin sequera plan de xestión. O Parque Natural das Fragas do Eume —un espazo emblemático que leva vinte e tres anos sen o instrumento fundamental para a protección e a xestión dun parque natural—, respecto dese parque, dicía o outro día o señor Feijóo que agarda que sexa posible no ano 2022. ¡Unha auténtica tomadura de pelo á cidadanía e á sociedade de Galicia! No caso do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, a situación é aínda peor, porque leva vinte e oito anos sen plan reitor de usos e xestión, cando a Lei de conservación da natureza de Galicia establece no seu artigo 35.4 a obriga legal de aprobar eses plans no prazo máximo de dous anos desde a declaración do parque.

Se falamos de biodiversidade, Galicia ten dúascentas unha especies ameazadas, setenta e cinco das cales están en perigo de extinción, e a Lei de biodiversidade estatal do ano 2007 establece a obriga de adoptar un plan de recuperación de especies ameazadas no prazo má-





ximo de tres anos desde a súa inclusión no catálogo correspondente. Pero Galicia só conta con plans de recuperación para tres das setenta e cinco especies en perigo de extinción. Unha mostra máis da total, completa e absoluta desidia da Xunta en materia medioambiental, e tamén, por certo, do desprezo inaudito pola lexislación vixente, que, en materia medioambiental, incumpre flagrantemente en distintos aspectos, en moitísimos aspectos.

A iniciativa do BNG recolle a proposta dun novo modelo eólico para Galicia máis social e ecolóxico, que a nós nos parece ben, na medida en que xa plantexamos un documento cunha serie de propostas para cambiar o actual modelo eólico de Galicia dentro das competencias da Xunta.

E no tocante á cuestión medioambiental plantexamos catro propostas concretas que foron rexeitadas na Comisión 2ª do pasado xoves, e que eran as seguintes —e, por certo, admitiamos a votación por puntos, cousa que lles dixemos, señores do Partido Popular, e deulles igual—:

En primeiro lugar, paralizar a implantación de proxectos eólicos en zonas incluídas nas previsións de ampliación da Rede Natura 2000. O PP votou en contra.

En segundo lugar, someter a avaliación ambiental e estratéxica o Plan eólico, que é do ano 1997, ou elaborar un novo plan que sexa sometido a avaliación ambiental estratéxica. Porque, incrivelmente, un plan do calado ou da importancia que ten o Plan eólico de Galicia non foi sometido nunca a avaliación ambiental estratéxica, nin o vai ser, porque a vostedes non lles interesa en absoluto analizar o impacto conxunto da eólica en Galicia. Por iso o PP votou en contra.

En terceiro lugar, propoñiamos maximizar o rigor nas avaliacións ambientais dos proxectos que están a desenvolverse no noso territorio, e o PP votou en contra. É dicir, votou en contra do rigor na avaliación ambiental dos proxectos, o que é para nota.

En cuarto lugar, aumentar a distancia mínima das instalacións eólicas respecto das vivendas e explotacións agrícolas e gandeiras para compensar a tendencia a instalar muíños cada vez máis grandes. Por suposto, o PP votou en contra.

En canto aos humidais, o Decreto 127/2008, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia, establece a obriga legal para a Administración autonómica de crear, regular o Inventario de humidais de Galicia. A pesar desa obriga legal, doce anos despois da entrada en vigor desta norma non existe tal inventario; non existe, directamente. E fóra dos cinco humidais teoricamente protexidos polo Convenio de Ramsar, o resto dos humidais de Galicia, que son máis de mil cen, de elevada importancia ecolóxica, tampouco existen para a Administración galega, polo que habitualmente nin sequera son tidos en conta nas declaracións de impacto ambiental. Pero nun exemplo máximo do seu cinismo e descaro absolutos, cada ano a Xunta celebra o Día Mundial dos Humidais, falando da súa importancia coa foto e nota de prensa correspondente. E os humidais teñen unha especial importancia na loita contra o cambio climático, porque actúan como sumidoiros de carbono, singularmente, as turbeiras. E o cambio climático é, sen o menor atisbo de dúbidas, a maior ameaza



á que se enfronta a humanidade, na medida en que o clima determina directa ou indirectamente todos os aspectos das nosas vidas.

E cando a práctica totalidade das comunidades autónomas de España e o propio Estado declararon a emerxencia climática, vostedes néganse a declarala, a pesar de que aprobaron vostedes mesmos unha resolución nesta cámara, precisamente, para declarar a emerxencia climática no debate do estado da Autonomía do ano 2019, e que vostedes nin sequera foron capaces de cumprir.

Por tanto, estas son as políticas medioambientais do PP de Galicia: depredación do territorio, destrución da biodiversidade, negacionismo climático encuberto, propaganda verde, ecopostureo e portas xiratorias. Por iso e por outras razóns, votaremos a favor desta proposta do BNG.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Bará, outra vez Rede Natura, eólicos... Xa non sabemos, ¿non? Dende o Grupo Parlamentario Popular creo que dende o inicio da lexislatura, e sobre todo especialmente a actividade deste mes de maio, en concreto na Comisión —tanto en pleno como en comisión— creo que se lle debeu responder suficientemente a estas cuestións. Ou, en todo caso, ás veces, as dúbidas que se nos plantexan son se realmente non lles valen esas respostas, porque non escoitan evidentemente o que lles gustaría ou o que quixerían escoitar.

De verdade, cústame entender que non escoitara falar de cando tratamos este tema na Comisión do 18 de maio e no que respecta á ampliación da Rede Natura; que non escoitara a directora xeral nesa mesma comisión falando dos parques eólicos e da súa insistencia na afectación da Rede Natura; ou que non escoitara tampouco o vicepresidente segundo, o señor Conde, cando lle explicou desde este mesmo atril, o pasado 26 de maio, cal era o compromiso ambiental da Xunta. Eu creo que, se non o escoitou, ou non o entendeu o suficientemente ben, voulle intentar repetir unha serie de ideas fundamentais.

O Goberno galego ten un compromiso inquebrantable coa protección, coa conservación e coa mellora do medio ambiente e do patrimonio natural. Sen distincións, señor Bará, sen distincións e sen filtros partidistas nin partidarios. Porque cando se fala de medio ambiente, o Goberno galego mira cara a adiante coa atención posta no que sempre vai quedar por facer, porque sempre haberá que facer. E non agochado no seu vello discurso alarmista que vai



distorsionando a realidade. Pero que xa non engana os galegos e as galegas, e para mostra está a representatividade nesta cámara.

Anticuoado si que quedou o seu discurso, señor Bará, porque hai un compromiso inquebrantable co noso medio ambiente, un desenvolvemento garantista e ordenado do sector eólico de Galicia. Tanto que repito as palabras do señor Conde cando dixo que fomos pioneiros en aplicar o procedemento de estudo ambiental aos parques eólicos. E tamén o señor vicepresidente, polo que dixo hoxe na súa intervención, creo que si lle fixo caso coa lectura da Lei de patrimonio natural de Galicia con esa prevención e precaución que aparecían recollidos perfectamente na lei.

E sabe vostede sobradamente —ou debería sabelo— que esta lei outorga prioridade á protección ambiental sobre a ordenación tanto territorial como urbanística. E ademais establece esa precaución nas intervencións que poidan afectar ao patrimonio natural e á biodiversidade de Galicia. Si, señoría, si, señor Bará, señor Arangüena, vostedes sábeno, o Bloque sábeo perfectamente, aínda que non queira recoñecelo, que o Goberno galego ten o obxectivo de facer compatible a actividade económica coa preservación do medio ambiente. Pois así é, señorías, e voulles repetir que non hai ningún parque eólico previsto en ecosistemas protexidos, por máis que insistan en dicilo, e que a Xunta de Galicia non puxo en funcionamento ningún novo parque eólico en espazos de Rede Natura dende o ano 2009. Ningún, señorías, ningún.

E non se preocupe se falo tanto do señor Conde —como dicía vostede que botaba en falta a conselleira de Medio Ambiente, que está coa súa axenda, ou a directora xeral de Patrimonio— porque a diferenza doutros, que non todos poden dicir o mesmo, o Goberno galego xa se lle dixo que fala cunha única voz. Por iso tamén lle vou falar do que di a Consellería de Medio Ambiente respecto da exhumación, do seu programa de goberno respecto do medio ambiente. Señor Bará, como xa se dixo esta mañá na primeira moción, todos os parques eólicos sométense a procedementos específicos de avaliación ambiental, que inclúen as afectacións aos hábitats prioritarios ou de interese comunitario. Na tramitación ambiental aplícase o principio de prevención para aqueles hábitats que o requiran, como é o caso das turbeiras ou os seus hábitats asociados para garantir a súa conservación.

A normativa ambiental prevé desde a súa orixe a participación social na avaliación de impacto dos parques eólicos, garantindo a intervención de toda persoa e órgano afectado ou interesado. Créase tamén esa rede de información provincial para que os concellos poidan coñecer os futuros proxectos antes de iniciar a súa tramitación.

A Xunta de Galicia avoga, polo tanto, polo desenvolvemento ordenado desa enerxía eólica coas máximas garantías técnicas, xurídicas e ambientais. E todo iso malia o Goberno do señor Sánchez, señor Arangüena, que só procura xerar un caos cunha normativa que provoca un efecto chamada para que se levanten en Galicia parques eólicos mesmo onde a lexislación non o permite.

O Goberno socialista insiste en avaliar proxectos de parques eólicos informados negativamente pola Xunta. Así, mentres o Goberno do señor Sánchez si quere promover parques eó-



licos en áreas de máxima sensibilidade, onde, como moito, lles din aos promotores que non está moi recomendado...; a diferenza de que en Galicia están prohibidos. A Xunta de Galicia non permite estes parques nestes espazos protexidos, señorías, nos hábitats de turbeiras ou nas zonas de voo da aguiá real.

Sobre a ampliación da Rede Natura, tamén, señor Bará e señor Arangüena, creo que quedou suficientemente explicado na Comisión 2ª do pasado 18 de maio. O tempo é escaso e, en todo caso, repítolles que se están a realizar as avaliacións de distintos espazos para a determinación desas ampliacións. E non hai ningún atraso; claro que non o hai, porque é un traballo continuado que require de moitos meses e de moito labor.

E respecto de todas as cuestións que falan vostedes de protección, de preservación do medio ambiente..., aí está reflectido nese orzamento da Dirección Xeral do Patrimonio Natural cun incremento do 8 %, que é a máis clara e a mellor proba da firme aposta da Xunta de Galicia pola protección do seu patrimonio natural. Tense duplicado ademais o orzamento no que respecta á redacción de propostas técnicas de plans e instrumentos de ordenación de espazos naturais de conservación de especies. Un orzamento que permite aos espazos sobre todo naturais protexidos continuar apostando pola súa protección e destinando preto de catro millóns de euros para as axudas á conservación destes espazos.

En 2021, a Consellería de Medio Ambiente, señorías, vai completar a renovación dos instrumentos de xestión dos parques; instrumentos polos que vostedes tanto preguntan. Está a punto de aprobarse o parque das dunas de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, e proximamente quedará O Xurés e Fragas do Eume. Tamén se traballa no Plan estratéxico da Ribeira Sacra, posto en marcha no 2020 cun investimento de tres millóns e medio de euros para executar dez medidas que encaixan coa dinamización económica de áreas protexidas solicitadas na súa moción.

En todo caso, os orzamentos da Consellería inclúen partidas para a preservación da biodiversidade, creación e xestión de áreas protexidas, axudas aos concellos, a propietarios de terreos en Rede Natura, parques naturais... Actuacións específicas sobre todo relacionadas coa conservación dos ríos, señor Arangüena, e de zonas húmidas, que terán ademais unha liña específica de accións de conservación nos fondos Next Generation, con actuacións encamiñadas á mellora de hábitat fluvial e melloras encamiñadas á protección de especies piscícolas.

E sobre a xestión das especies ameazadas en Galicia, existen catro plans de xestión incluídos no catálogo, referidos ao oso pardo, á subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras, ao sapoconcho común e á pílara das dunas. Actualmente, Patrimonio Natural tamén dispón de propostas para noventa e tres especies incluídas no catálogo, que, aínda sen plan de xestión aprobado, conteñen información técnica de base que se aplica igualmente para a conservación destas especies. Falamos da aguiá real, do mazarico real, do corvo mariño crispado ou especies endémicas de flora ameazada nas áreas de serpentinias de Melide.

En canto ás especies exóticas invasoras, cómpre aclarar que Galicia conta cunha proposta técnica deste plan, un plan estratéxico de xestión. Neste marco tamén se desenvolve un sis-



tema de análise de riscos, que constitúe a ferramenta técnica para elaborar e priorizar as propostas de xestión destas especies. Dende o ano 2012, actuouse sobre un total de dezanove especies exóticas, incluíndo accións de divulgación, tanto en centros educativos como para a cidadanía en xeral. E tamén se está traballando para este ano nunha actualización desta proposta coa correspondente licitación dos estudos necesarios.

A Xunta de Galicia vai seguir na defensa dos seus espazos naturais e dun desenvolvemento eólico con moito sentidiño. Como se ten feito ata agora, porque, mal que lles pese, Galicia vén ser unha referencia a nivel estatal. Galicia ten un gran potencial para ser un referente enerxético verde e de patrimonio natural, porque temos recursos naturais privilexiados; porque temos experiencia no seu aproveitamento e proxectos solventes para optar a financiamento europeo; porque contamos cun goberno responsable, garante respecto ao medio ambiente e ás demais actividades económicas; porque se segue a traballar na avaliación de espazos para a determinación desa ampliación da Rede Natura, e porque hai un incremento orzamentario para cumprir co compromiso de protección medioambiental natural de Galicia.

Volveremos falar deste asunto, non me cabe a máis mínima dúbida. Porque tampouco teño dúbidas de que van seguir vostedes instalados no seu discurso catastrofista e alarmista. Volverán preguntar, pero tamén desde aquí lles digo que dende o Grupo Parlamentario Popular tampouco cansaremos en responder.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Mouteira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da moción ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora Díaz Mouteira, vexo que lle agrada que traíamos estes asuntos a debate. Se lle gusta, seguiremolo facendo.

Di vostede que non se está tramitando ningún parque en espazos protexidos. Claro, se non protexen os espazos protexidos, ¿como vai haber parques? Vostedes paralizaron a ampliación da Rede Natura, paralizárona, cando era un mandato da Comisión Europea, é un mandato. E hai neste momento trinta e cinco parques previstos en espazos que debían estar protexidos; once deles no Suído, onde hai cincuenta e tres formacións de turbeira. ¿Como hai que dicirillo? Isto chámase «ecocidio», señora Díaz Mouteira, non se pode chamar doutra maneira.

Efectivamente, estamos á cola do Estado e de Europa en protección de espazos naturais mediante esta figura. Temos o 12 % protexido. ¿Sabe canto ten protexido Madrid? O 40 %. ¡Así nos vai!

E, claro, despois vostedes veñen con esta matraca de que grazas ao Partido Popular non se poden poñer parques en Rede Natura. Iso é falso. A prohibición de parques eólicos en espazos





de Rede Natura aprobouse no ano 2007 cun decreto aprobado pola Consellería de Industria. (*Murmurios.*) Non sei se teñen algo que comentar, poden saír aí fóra, que hai un sitio dedicado para iso. É que me estaba dirixindo aí á... En fin, que non contén esa mentira.

E xa que veñen aquí presumir de que teñen catro especies ameazadas protexidas de dúascentas unha, cando levan doce anos gobernando, cando se fixeron estudos por valor de 500.000 euros que están tirados, literalmente, ¿como veñen aquí dicir iso?, ¿como se atreven a dicir iso? Que nin sequera son catro, que son tres, que co oso pardo non acabaron o proceso de protección. ¿Como se atreven?

Di vostede que non nos gustan as súas respostas e que por iso traemos outra vez, e outra vez, e outra vez as iniciativas. O problema non é que non nos gusten a nós; o problema é que non lle gustan á xente. Non se entera, non lle gusta á xente que vive no rural e que se está vendo ameazada por estes proxectos. (*Aplausos.*) E, por certo, tampouco lles gusta a moitos concellos, que xa llo dixeron claramente.

E di vostede que teñen un compromiso co patrimonio, co patrimonio natural. ¡Mentira!, vostedes con quen teñen compromiso é co patrimonio das empresas do sector enerxético, (*Aplausos.*) con ese patrimonio si que teñen un bo compromiso.

E non sei que parte non entenden, pero está claro que hai unha revolta, hai unha rebelión, hai un clamor social... (*Murmurios.*) Si, vostedes ríanse, tómene a coña. Hai un auténtico clamor social en moitas zonas de Galiza, que se viu na manifestación do pasado día 5 de xuño. Pero estase vendo continuamente nas fins de semana, hai mobilizacións.

Estase vendo tamén en alegacións e en acordos plenarios dos concellos onde gobernan vostedes e das alcaldías do Partido Popular. Por algo será. (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara unha fotocopia da que le o titular.*) «Lalín pide una moratoria eólica». Estrañáballes á señora Marta Nóvoa o das moratorias. É que o Goberno de Lalín, que debe ser o goberno máis importante en número de habitantes que teñen vostedes, pídelles unha moratoria eólica, pídelles que cambien, a vostedes e ao Goberno central, hai que dicilo, aos dous, porque é o mesmo. Non vale *consejos vendo que para mí no tengo*. Para os dous. Pois ben, Lalín. (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara uns documentos.*) Teño aquí o acordo de Lalín, que —xa digo—, se llelo leo, cáelles a cara de vergoña.

(*O señor Bará Torres amósalle á Cámara unha fotocopia da que le o titular.*) «Curtis apoya las protestas vecinales y exige la supresión del parque eólico Pena Ombra». ¿Quen goberna en Curtis?

Ben, se lles leo o da alcaldesa de Oia, (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara unha fotocopia da que le o titular.*) pois tamén lles gustaría: «La reserva de la biosfera reclama analizar el impacto total de quince parques eólicos en su área». ¡Non digo máis!

(*O señor Bará Torres amósalle á Cámara unha fotocopia da que le o titular.*) «El rural gallego se moviliza como nunca antes contra megaproyectos eólicos que recorren toda la geografía».

(*O señor Bará Torres amósalle á Cámara unha fotocopia da que le o titular.*) «Unánime rechazo político y social a la implantación de parques eólicos en A Baña».



De todos os partidos políticos. (*O señor Bará Torres colle nas súas mans unha fotocopia.*) Gondomar.

(*O señor Bará Torres colle nas súas mans un documento.*) Teño aquí as alegacións de Cerdedo-Cotobade, outro dos seus concellos estrela, ¿non? ¿Saben o que din? Son vinte e catro alegacións. A primeira é: Estamos, por tanto, ante unha fragmentación irregular dos parques no que atinxe á tramitación ambiental. A primeira. Son vinte e catro. Podíalles seguir, pero non teño tempo.

(*O señor Bará Torres colle nas súas mans un documento.*) Teño tamén as alegacións do concello da Estrada.

¿Que ten que pasar para que vostedes caian do cabalo camiño de Damasco e asuman que así non? «¡Eólica si, pero non así!». Este é o lema que teñen que atender. (*Aplausos.*)

E xa lles digo que non é só a xente do rural, non son só os concellos; é tamén o Observatorio Eólico de Galiza, a Universidade de Vigo, que lles está dicindo que así non, que se están equivocando, que están indo en contra do medio, en contra do rural, en contra da xente. Estállelo dicindo tamén (*Murmurios.*) o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que lles chamou literalmente «agresores». ¿Que máis ten que pasar? Se o mesmo tribunal lles chama «agresores» ás empresas e á Xunta, e fala de desprotección ambiental.

Polo tanto, que lles quede claro que o BNG vai seguir na mesma liña de loita, de mobilización, ata que cambien este plan.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** Como dicía aquela canción de Lluís Llach, *L'estaca*, supoño que a coñecen: «*Segur que tomba, tomba, tomba / I ens podem alliberar*».

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** Pois así faremos nós.

Grazas. (*Aplausos.*)

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Martín Seco García.

Non se presentaron emendas.

Votamos.



*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dun novo modelo eólico para Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela.*

*Hai unha transacción á que chegaron todos os grupos. (O señor presidente amósalle á Cámara un documento escrito.) ¿Coñécena todos ou, se non, léoa? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Coñécena todos? (Murmurios.)*

*Ben, pois, entón, se a coñecen todos, votamos esta transacción. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*¿Perdón? ¿Queren votar por puntos?*

*¿Vostede acepta a votación por puntos?*

*¿Que puntos queren separar? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*Votamos, en primeiro lugar, os puntos 1 e 3.*

*Votación dos puntos 1 e 3 do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa participación equilibrada de homes e mulleres nos órganos da Administración e nos consellos de administración de sociedades.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos 1 e 3.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora o punto número 2.*

*Votamos.*

*Votación do punto 2 do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa participación equilibrada de homes e mulleres nos órganos da Administración e nos consellos de administración de sociedades.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado ese punto número 2.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio natural e a biodiversidade.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

*Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.*

**O señor PRESIDENTE:** Reiníciase a sesión co punto terceiro da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre o inicio polo Goberno galego, no último trimestre de 2020, do debate para a actualización do Pacto local de Galicia no seo da Comisión Galega de Cooperación Local**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Popular.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, uns novos puntos:*



«O Parlamento insta ao Goberno galego a:

- *Presentar no Parlamento de Galiza un proxecto de lei, consensuado coa Fegamp, regulador da participación dos concellos e entidades locais nos ingresos da Xunta de Galiza que conteña criterios obxectivos para o reparto e distribución das mesmas*
- *Promover a reforma do actual sistema de participación dos concellos galegos nos ingresos do Estado, a fin de que se teñan en conta os maiores custes de prestación de servizos na Galiza, ponderándose criterios como a dispersión e o avellentamento da poboación*
- *Presentar, previa deliberación coa Fegamp, e antes de que remate o seguinte período de sesións, un informe sobre a distribución de competencias entre as administracións territoriais no que se clarifiquen as que corresponden a cada unha das administracións públicas, así como que, no seu caso, conteña as propostas de modificacións normativas que se consideren para a atribución máis racional e eficaz das competencias.»)*

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Río, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de modificación.*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar impulsando os traballos de auditoría para determinar as competencias impropias que están asumindo a administración autonómica e os concellos, así como os custos económicos respectivos, co fin de contribuír á mellora do sistema de financiamento local, tal e como se acordou na reunión da Comisión Galega de Cooperación Local do 19 de febreiro de 2021.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Hoxe os socialistas traemos novamente unha iniciativa coa que buscamos acadar un consenso de todos os grupos parlamentarios sobre un acordo unánime de apoio ao municipalismo galego; un acordo que recoñeza o esforzo dos gobernos locais para melloraren a calidade de vida das persoas que viven no seu territorio. Os socialistas buscamos trasladar unha mensaxe inequívoca de recoñecemento aos gobernos locais galegos dende o Parlamento de Galicia. Por iso, os socialistas traemos unha iniciativa que reproduce as demandas aprobadas por unanimidade de todos os grupos políticos no seo da Federación Galega de Municipios e Provincias, e reiteradas unha e outra vez por todo o municipalismo galego.





Estes doce anos de goberno do presidente Feijóo na Xunta de Galicia caracterizáronse por moitos anuncios con moita publicidade e moita propaganda, empregando os medios públicos como se fosen propiedade do Partido Popular de Galicia, comprando vontades con cartos públicos en determinados medios privados, mentres que a xestión dos recursos, que son de todos e de todas as galegas, pode cualificarse como moi deficiente.

Para os gobernos de Feijóo, unha cousa é o que din e outra distinta o que fan. Fronte aos anuncios do Partido Popular de Galicia, os socialistas, cando gobernamos, cumprimos cos concellos e amosamos con feitos que somos un partido municipalista. Porque sabemos que os concellos son a administración máis cercana e que, por riba de sectarismos políticos, os gobernos locais teñen que atender a súa veciñanza. Porque os concellos galegos tiveron que atender a súa veciñanza asumindo os custos de competencias impropias que son da Xunta de Galicia, nomeadamente en educación, en sanidade ou en políticas sociais, entre outras.

Os concellos galegos tiveron que atender as novas necesidades xurdidas da xestión da crise da covid-19 incrementando exponencialmente os seus cometidos para evitar a propagación do virus, sen que a Xunta de Galicia lles transferise nin un só euro, cando a Comunidade Autónoma ten recibido do Goberno do presidente Sánchez máis de 1.258 millóns de euros para facer fronte ás consecuencias da crise sanitaria.

O Goberno galego recibiu xa en xuño de 2020 do fondo covid 735 millóns de euros; deles, 418 millóns para sanidade, 93 millóns para educación e 224 millóns para compensar a redución da actividade económica.

O Goberno galego recibiu do Estado, do Goberno de Pedro Sánchez, 17 millóns de euros do Fondo Social Extraordinario para becas comedor, moratorias no pago de alugueiros e préstamos e para bono social na subministración eléctrica.

O Goberno galego acaba de recibir en marzo deste ano do Goberno do Estado do Fondo Extraordinario covid 234,5 millóns de euros para proporcionar axudas directas a empresas e persoas traballadoras autónomas. E tamén grazas ás negociacións do Goberno en Bruxelas, Galicia pode dedicar 272 millóns de euros dos fondos Feder para financiar gastos sanitarios.

Mentres, dende a Fegamp, dende a FEM, dende a Delegación do Goberno en Galicia e dende varias deputacións téñense dirixido á Xunta de Galicia para solicitarlles que habilitasen de maneira inmediata un fondo covid extraordinario para as entidades locais, para que puidesen facer fronte ás necesidades postas de manifesto pola crise derivada da covid-19. E recibir tamén un 15 % dos fondos que as comunidades autónomas reciban de Europa a través dos fondos REACT-EU ou do Goberno do Estado en axudas directas para pemex ou autónomos.

Pero, claro, durante a xestión desta pandemia sen precedentes, o presidente Feijóo, no canto de poñerse ao carón do Goberno do Estado e ao carón dos concellos e sumar esforzos para loitar todos xuntos e saír o máis axiña posible e o menos desiguais posible desta tripla crise, pois decidiron unir esforzos con outros gobernos da súa mesma cor política, liderados pola súa homónima madrileña a señora Díaz Ayuso, para crispar, entorpecer e criticar ante unha situación de tanta gravidade xamais coñecida.



Miren: para o municipalismo galego non é igual cando governa o Partido Popular que cando hai un goberno socialista na Xunta de Galicia. Cando a Xunta de Galicia estivo gobernada polo presidente Emilio Pérez Touriño, aos poucos meses de chegar ao poder, en xaneiro de 2006, asinou o Pacto local galego, no que se recollían as demandas da Fegamp. Foi un dos acordos máis importantes para os concellos galegos, que supuxo un incremento na participación dos concellos nos ingresos da Xunta de Galicia, incrementando en máis de 28 millóns de euros o Fondo de Cooperación Local en tres anos; en doce anos de goberno de Feijóo na Xunta de Galicia cero euros de incremento no Fondo de Cooperación Local.

No Pacto local asinado por Touriño estableceuse por primeira vez que o mantemento dos centros de educación infantil e primaria, dos centros de saúde e dos xulgados do paz sexa a cargo da Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias exclusivas nesas materias. En doce anos de goberno de Feijóo, estes acordos aínda non foron hoxe desenvolvidos na súa totalidade.

Co presidente Touriño convocouse regularmente a Comisión Galega de Cooperación Local, tal e como se establece na Lei de administración local de Galicia, para que actuase como órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais galegas. En doce anos de gobernos Feijóo, durante oito anos non convocou nin unha soa vez a Comisión Galega de Cooperación Local.

Durante estes doce anos de goberno Feijóo, a Fegamp ten adoptado por unanimidade de todos os grupos políticos, tamén do Partido Popular, unha serie de acordos que reiteradamente teñen sido ninguneados polo presidente Feijóo, e as iniciativas traídas polos socialistas a esta cámara teñen sido rexeitadas unha e outra vez polos deputados e polas deputadas do Partido Popular.

Varios destes acordos adoptados pola Fegamp foron en febreiro de 2017, con materias para financiamento local, para reformar a Lei de facendas locais. En xuño de 2020, o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se pedían medias para saír o máis axiña desta crise sanitaria e sen deixar a ninguén atrás. As declaracións do propio presidente da Xunta de Galicia en maio de 2020, hai un ano, tras unha reunión que tivo co novo presidente da Fegamp e na que se comprometía a delimitar e a aclarar as competencias de cada administración. Ou a propia comparecencia do presidente da Fegamp na Comisión de reactivación neste parlamento, na que reiteraba unha vez máis a petición da lei de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, a revisión do Pacto local e o impulso dun novo pacto local.

Pero a realidade, unha vez máis, é que a Xunta de Galicia, moito anuncio e pouco traballo, moito pico e pouca pala. *(Aplausos.)*

Pois, hoxe, os socialistas traemos unha vez máis unha iniciativa que recolle os acordos tomados unanimemente no seo da Fegamp e reiterados ano tras ano á Xunta de Galicia de Núñez Feijóo. E vostedes, señores deputados e señoras deputadas do Partido Popular, poden decidir se seguen en contra do municipalismo galego ou se dunha vez van permitir que os concellos galegos reciban un financiamento máis axeitado ás necesidades orzamentarias que teñen para prestar con estándares de calidade os servizos da súa competencia a través



dunha lei pactada coa Fegamp. Vostedes poden decidir se queren que se integre parte das contías destinadas a concellos, a través de axudas, subvencións ou convenios no Fondo de Cooperación Local. E vostedes tamén son determinantes para que se pacten as normas e bases comúns que rexan as convocatorias existentes de subvencións e axudas aos concellos galegos. Ou, pola contra, van permitir que a Xunta de Galicia siga a distribuír parte dos fondos públicos a través dun sistema caciquil de dedazo, no que se favorecen algúns concellos locais que son da súa mesma cor política.

Esta distribución caciquil vai en contra da Lei de transparencia e bo goberno e vai en contra da Lei de subvencións de Galicia. E é unha afirmación que vou demostrar unha vez máis con datos:

Esta é unha repartición *(A señora Rodríguez Rumbo amósalle á Cámara un folio cun gráfico circular en cores.)* que hai das eleccións municipais de 2019, segundo o goberno que teñen as entidades locais. Estes son os convenios da Vicepresidencia *(A señora Rodríguez Rumbo amósalle ao mesmo tempo á Cámara outro folio cun gráfico circular con máis monocolorido.)* en dous anos, 2019-2020. Comparativamente é bastante esclarecedor.

Consellería do Medio Rural, 2019 e 2021, *(A señora Rodríguez Rumbo amósalle á Cámara outro folio cun gráfico para cotexar co primeiro.)* porque en 2020 non o houbo, para infraestruturas rurais. Simplemente a visión é bastante esclarecedora.

A Axencia Galega de Infraestruturas. *(A señora Rodríguez Rumbo amósalle á Cámara outro folio máis cun gráfico para comparar co primeiro.)* A diferenza é esclarecedora.

É dicir, simplemente con estes catro cadros que acabo de amosar, 29 millóns de euros repartidos a dedo desde distintas consellerías da Xunta de Galicia, nas que 8,5 de cada dez concellos beneficiados son do Partido Popular...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...e nove de cada dez euros repartidos son para concellos do Partido Popular, sen que esta repartición, polo sistema de dedazo, caciquil, responda a unha planificación para paliar os desequilibrios territoriais existentes nos concellos galegos en infraestruturas físicas, económicas e sociais que propicien un desenvolvemento equilibrado do noso territorio.

Pola miña banda, nesta primeira quenda, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Tabarés Pérez Piñeiro.

**O señor TABARÉS PÉREZ- PIÑEIRO:** Moitas grazas, señor presidente.



Señorías.

A raíz desta iniciativa, que, certamente —como dicía a señora Rumbo— non é moi novidosa e dos temas que na iniciativa se plantexan, tanto implícita como explicitamente xorden as seguintes preguntas: ¿consideran realmente que existe a necesidade de concretar e deslindar as competencias propias das impropias dos concellos respecto das que son da Xunta de Galiza? ¿Exercen os concellos competencias impropias que en boa medida os están a levar a unha situación de insostibilidade económica financeira? ¿Consideran axeitada e suficiente a participación das entidades locais nos ingresos do Estado e dos elementos que se integran para a súa ponderación e valoración da participación que teñen os concellos nestes ingresos do Estado? ¿Consideran que os recursos que destina a Xunta de Galiza e os criterios para a repartición e para o sistema da repartición deses fondos entre as diferentes entidades locais é xusto? E, por último, ¿existe realmente unha vontade de solucionar estes problemas?

Se estamos de acordo coas respostas a estas preguntas, ¿temos vontade real de cumprir coa nosa función, a función deste parlamento, a función como representantes políticos e dar solucións ás entidades locais, ou pretendemos que lexislatura tras lexislatura vimos a estes xogos florais, vimos a estas brillantes, se é o caso, exposicións, pero que realmente non teñen efecto práctico ningún e non melloran para nada a vida dos nosos e das nosas representantes?

Dende o BNG, e contestando á primeira pregunta, si, cumpre a determinación das competencias propias que condicionan, como demostrou esta pandemia, a situación económico-financeira dos nosos concellos.

Dende o Pacto local, asinado en nome do Goberno do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista hai quince anos, entre a Xunta de Galiza e a Fegamp, representada por un alcalde do Partido Popular, considerouse efectivamente que non procedía que os concellos continuasen co mantemento dos centros de ensino infantil e de primaria, nin coas unidades de asistencia e drogodependencia, nin cos conservatorios, nin cos centros sanitarios ou os xulgados de paz. Por certo, o mantemento dos xulgados de paz, se vai adiante a reforma que se está plantexando dende o Goberno do Estado, vai ser insostíbel para os concellos cando se transformen en oficinas municipais e xudiciais.

Durante a pandemia tamén se sentiu a necesidade de rematar con esa descoordinación que existía entre competencias locais e entre competencias da Xunta de Galiza. Así, se facemos un pouco de memoria, inicialmente a Xunta de Galiza, seguindo a liña que estaba e que xa empezara de botar balóns fóra e de repartir responsabilidades entre os demais, considerou que o control de determinadas medidas sanitarias correspondía aos concellos. O Consello de Estado díxolle que non, que lle correspondía á Xunta de Galiza. Ben, logo foi o Consello Consultivo e dixo que si podía corresponder aos concellos. E, finalmente, os xulgados están dicindo que, efectivamente, a competencia corresponde á Xunta de Galiza. En calquera caso, todo este caos, toda esta impugnidade respecto do control de medidas sanitarias ten que ser corrixido mediante unha determinación de que competencias corresponden aos concellos e que competencias corresponden á Xunta de Galiza.



Efectivamente, isto non é algo exclusivamente dos xulgados, non é algo exclusivamente do Consello Consultivo de Galiza, é algo recoñecido pola propia Xunta de Galiza, que entende e debe estar traballando —segundo manifestou— nesa auditoría, nese informe de determinación de que competencias corresponden a cadaquén.

Nós, na nosa emenda, o único que facemos é marcarlle un prazo, para que dentro dunha lexislatura, ou dentro de doce anos, ou dentro de quince anos, non teñan os nosos e as nosas sucesoras que volver repetir estes xogos verbais e xogos florais sen efecto práctico ningún. Marcámoslles o prazo: o 2021.

Igualmente, consideramos que cómpre revisar a participación dos concellos galegos nos ingresos do Estado, governe quen governe, governe en Madrid o Partido Socialista ou governe o Partido Popular. Non é xusto coa cidadanía galega, nin cumpre o sistema actual cos principios constitucionais, da sacrosanta Constitución, de autonomía e suficiencia financeira.

Hoxe, calquera cidadán de calquera concello galego está a percibir de media un 20 % menos que o que se percibe na media do Estado. Hoxe, co sistema actual nin sequera se está retribuíndo aos concellos galegos co peso poboacional que lles corresponde; peso poboacional respecto dos territorios de réxime común. Non se está a ponderar o custo real dos servizos públicos.

Non se ten en conta un elemento tan esencial como pode ser a dispersión ou como pode ser o avellentamento da poboación. Se recoñecemos —unha cuestión pacífica— que en Galiza existen a metade dos núcleos de poboación que no resto do Estado, é normal que ese elemento pondere á hora de valorar o custo dos servizos públicos. Ou incluso, por falar da miña provincia, se no 60 % dos concellos da provincia de Ourense a poboación maior de 65 anos sextuplica aqueles concellos que teñen unha poboación inferior a 16 anos, iso redonda nun maior custo dos servizos públicos. Custo que ten que ser compensando cunha maior participación e ponderación destes elementos nos ingresos do Estado.

Igualmente, entendemos que cumpre clarificar a participación anual e os criterios de repartición mediante unha lei de participación dos concellos galegos nos ingresos da Xunta de Galiza. Aquí, penso que tamén é unha cuestión que é evidente, e tamén falamos de marcar un prazo, para que, consensuadamente coa Fegamp, se presente neste Parlamento de Galiza un proxecto de lei de reforma da repartición —repito— dos concellos nos recursos da Xunta de Galiza.

Nos últimos anos, dende o 2009 ata o día de hoxe, o Fondo de Cooperación Local, o único que establece uns criterios obxectivos e uns criterios certos, o único que permite que os concellos poidan saber canto van recibir e que o van recibir, non medra, non varía —repito— nestes últimos quince anos. O único que medran son —e para iso tampouco moito— as achegas que son nominalistas, que son arbitrarias ou discrecionais. Subvencións finalistas que van en contra da autonomía local. Se esas subvencións son finalistas, realmente quen está determinando o destino desa partida non é a propia entidade local, senón que será a entidade concedente.





As achegas en concorrencia non competitiva non permiten a cohesión territorial, co que se afonda nesta fenda existente, que é que aqueles concellos que teñan unha maior capacidade organizativa ou mesmo unha mellor conexión a internet terán maiores posibilidades de recibir esas achegas que os concellos que non. Por tanto, no canto de ir camiño á cohesión territorial, imos no camiño contrario.

Os convenios e as achegas nominativas, que son as que están a medrar, xa sabemos, nomeadamente na provincia de Ourense, a utilidade que teñen para o Partido Popular. E eu non vou sacar ningún queixo, ningún debuxo, nin nada, simplemente vou lerlles algo que di o Consello de Contas respecto do exercicio do 2018: «O procedemento de concesión de subvencións máis empregados pola Deputación de Ourense foi a concesión directa nominativa nun 84 % dos casos. Nun 80 % dos casos de contratación son contratos menores, que nun 70 % van ás mesmas cinco empresas, nalgún caso cun importe de millóns de euros». Consello de Contas do 2018.

Pero, se imos exercicios para atrás, e non os do Bloque Nacionalista Galego, senón do seu socio de goberno de Democracia Ourensana —aquela persoa letal que puxeron como alcalde, coa que gobernaron, cogobernaron e seguen cogobernando—, di que o 75 % das obras do ente provincial a levan cinco empresas. O fraccionamento dos contratos permitiu que o Goberno provincial os outorgase a dedo. Antes do 2018. Por tanto, discrecionalidade e prevaricación posíbel no 2018 e tamén en exercicios anteriores. Exercicios anteriores e tamén exercicios recentes. Nesta vez, tampouco o Bloque Nacionalista Galego, senón a fundación Civio, que di a respecto da Deputación de Ourense: «*señala como la administración pública española con más concesiones de contratos públicos a dedo.*»

Por tanto, isto é o que pode pasar se non existe esta lei de financiamento que outorgue seguridade e transparencia á concesión de achegas públicas.

Por último e para rematar, xa que lles gustan tanto esas disxuntivas, nós plantexámoslles outra: opten entre xustiza e corrupción. E, por favor, esta vez muden non só de sede, senón tamén de opción.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Tabarés.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tabarés, falando de Ourense, eu quero felicitar a filla do alcalde de Verín, que acaba de sacar un dez nunha oposición convocada no concello de seu pai, e a verdade é que con moitísimos suspensos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, tamén podemos felicitar a señora Sonia Verdes, na Deputación de Lugo. A verdade é que eu lamento non ser





tan lista como as mulleres do Partido Socialista. *(Aplausos.)* A señora Sonia Verdes en Lugo e a filla do alcalde de Verín, eu felicito á filla, e felicito a seu pai tamén, porque ten unha filla a verdade é que moi lista. Falando de Ourense.

Falando de municipalismo, o primeiro que temos que dicir sobre este asunto, que non é ningunha novidade, é que somos conscientes da asunción de competencias impropias por parte das diferentes administracións. Por iso, señora Rodríguez Rumbo, está en marcha o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago, que foi asinado no mes de decembro do ano 2020, que conta tamén coa colaboración da Fegamp, nunha auditoría para a delimitación de competencias entre as administracións autonómica e local, identificando as posibles duplicidades funcionais e, sobre todo, identificando as competencias impropias que está asumindo cada administración, así como os custos económicos respectivos, con especial atención ao marco competencial relacionado coa xestión da pandemia provocada pola covid-19.

Señora Rodríguez Rumbo, por suposto que defendemos o municipalismo, o municipalismo galego. E o Grupo Parlamentario Popular, ao igual que a Xunta de Galicia, tamén defendemos a autonomía local e a suficiencia das facendas municipais. Compartimos, dende logo, a necesidade de avanzar nun novo modelo de financiamento autonómico, e tamén despois o local. Por iso, é unha proposta que foi no noso programa electoral do 12 de xullo, co que acadamos a maioría absoluta nas últimas eleccións autonómicas.

E tamén, señora Rodríguez Rumbo, eu non sei que levan facendo vostedes tres anos en Madrid, porque cando gobernaba o presidente Rajoy deixou xa feito un comité de expertos, que, por certo, Galicia foi representada polo señor Santiago Lago Peñas, no que acadaron un informe e se estaba xa negociando coas comunidades autónomas o novo modelo de financiamento autonómico, e vostedes frearon absolutamente todo. Dígame vostede que están facendo en Madrid; co apoio, por certo, do Bloque Nacionalista Galego *(Murmurios.)* Non, non, claro, é que vostedes puxeron este señor na Moncloa, é que vostedes se olvidan diso. *(Aplausos.)* Si, si, claro, si, si. E vostedes veñen presumir. Non, non, claro que si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* «El pacto de Ana y Adriana», por se vostedes non se acordan.

Ben, o que resulta evidente... *(Murmurios.)* Eu non interrompín a ninguén, non se poñan nerviosos, que aínda lles queda un pouco. Miren: cando foi Zapatero, que nos deixou na peor das situacións económicas de España, apoiaron cinco orzamentos consecutivos do Goberno de España do señor Zapatero, que foi o que nos levou á crise económica que vivimos despois. ¡Aínda lles queda un pouco de camiño por recorrer! *(Murmurios.)* Non se preocupen que han de vir momentos máis interesantes.

Pero o que resulta evidente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, eu non sei por que se poñen tan nerviosos. Gobernan con eles nas deputacións. Na Deputación de Lugo, onde pasan esas cousas, señor Tabarés, gobernan con eles. Na Deputación de Pontevedra gobernan con eles. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Rivas, por favor.



**A señora PRADO DEL RÍO:** Onde poden, gobernan co Partido Socialista. Así é que non veñan vostedes despois aquí poñéndose unha pel de cordeiro falsa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, silencio. Non lle entre, por favor. Hai que ser listos, non entren. *(Murmurios.)*

**A señora PRADO DEL RÍO:** É que están interrompendo constantemente, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Hai que saber escoitar. Eu creo que a miña obrigaón é que eu protexa a quen está nesta tribuna. Para iso teñen que colaborar todos vostedes.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Hai que ser tolerante, señor, tolerante, tolerancia. Escoite, agora toca escoitar. Eu xa escoitei. Cando estaba aí hai moitas cousas que tampouco me gustaron, pero escoitei, non interrompín.

O que resulta evidente é que o Goberno do presidente Feijóo fixo un importante esforzo durante os peores anos da crise económica para manter o financiamento dos concellos, independentemente da recadación. E na actualidade segue a traballar da man das entidades locais para seguir avanzando na coordinación entrambas as administracións para prestar máis e mellores servizos á cidadanía. E o actual Goberno actuou de forma exemplar na procura e mellora da situación financeira dos concellos.

Por suposto, señora Rodríguez, que non é o mesmo que governe o PP que que governe o PSOE. Baixo un goberno do Partido Popular, Galicia foi unha comunidade autónoma pioneira en fixar un modelo de participación estable das entidades locais nos tributos autonómicos de 2011, cunha garantía de mínimos. Unha verdadeira participación en ingresos, xa que está vinculado á recadación tributaria da Facenda autonómica. É un fondo obxectivo e incondicionado na súa aplicación. Por tanto, facendo unha firme defensa da suficiencia financeira das entidades locais, que consagra a Constitución. E o Fondo de Cooperación Local contémplase —como dicía— como un fondo incondicionado que opera para todos os concellos galegos por un importe que funciona como un recurso propio, e pode ser destinado ao que eles queiran, sen ter que xustificar os gastos. Trátase dun fondo garantido, posto que o seu importe non pode ser inferior en ningún exercicio ao que recibiron no 2010, aínda que baixen os ingresos na Comunidade Autónoma.

Lémbrolles a crise económica do ano 2010, do 2011, do 2012, do 2013 e do 2014, onde os ingresos da Xunta de Galicia baixaron estrepitosamente grazas á xestión que fixo o Goberno do señor Rodríguez Zapatero no Estado, e que nos deixou as arcas non só baleiras, senón con números roxos, señora Rodríguez Rumbo. Iso hai que recordalo tamén.

Ben, a Xunta distribúe cada ano máis de cento vinte millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local, este ano 122 millóns. Vostede di que non sobe. Eu non sei, eu non son tan lista como a filla do alcalde de Verín, pero 122 é máis que 120. E, concretamente, para este ano 2021 o fondo base de 112,9 millóns é un fondo adicional de preto de 9 millóns, dos que 268.907 euros se asignarán á Fegamp, e os restantes para financiar necesidades espe-



cíficas acordadas entre a Xunta e os concellos no seo da dita Subcomisión de Réxime Financeiro e Económico.

Di vostede que o PP non ten incrementado a aportación aos concellos dende o ano 2009. Pero as axudas da Xunta de Galicia aos concellos non se limitan unicamente ao Fondo de Cooperación Local, senón que, tendo en conta as demais transferencias ás entidades locais que figuran recollidas nos orzamentos para 2021, recibirán máis de catrocentos millóns de euros; isto é, 10,5 millóns máis que o ano pasado; ¡máis! E sigo dicindo que non serei tan lista, pero 400 é máis que 390.

E todos estamos de acordo na necesidade de incrementar o financiamento das entidades locais, pero unha proposta responsable debe realizarse en función dalgún índice de necesidade para asegurarnos que os cartos públicos se destinan a un uso prioritario, con independencia de quen os xestione. Efectivamente, seguen existindo eses postos nos que a distribución de competencias das administracións territoriais, non só dos concellos senón tamén a Xunta asume competencias impropias. Lémbrolles que está facéndose cargo de máis do 75 % dos cartos que ten que pagar na axuda á dependencia, cando o Goberno do Estado ten que pagar o 50 %. Entón, aquí todos están asumindo competencias impropias. Por tanto, é preciso unha maior concreción. E esta situación viuse agravada nos últimos tempos como consecuencia da pandemia ao xurdir novas necesidades que atender de xeito urxente e que levaban aparelados novos gastos que outras administracións tiveron que atender.

E dende a Xunta lévase anos reclamando reiteradamente ao Goberno central a definición dun novo modelo de financiamento autonómico e local, que dea certeza dos recursos cos que pode contar cada administración e que teña en conta as súas particularidades dos concellos galegos na súa distribución, como son os criterios demográficos e de dispersión xeográfica. Levan tres anos no goberno, señora Rodríguez Rumbo. Xa llo dixen: hai un informe dun comité de expertos que teñen vostedes nun caixón. Por favor, asuman a súa responsabilidade e fagan algo. Porque vostede vén aquí constantemente, tanto á comisión como ao pleno, reivindicar un novo modelo de financiamento local e de financiamento autonómico, cando vostedes en Madrid non están facendo absolutamente nada. Unha lei que está pactada entre a Fegamp e a Xunta que mentres non haxa un novo modelo de financiamento autonómico e, por tanto, de financiamento local dificilmente vai haber esa lei. E vostede pode traer aquí todos os acordos que queira, señora Rodríguez Rumbo, pero mentres en Madrid non se resolva este asunto é imposible abordar esta cuestión de xeito serio e responsable.

Dicía o señor Tabarés que se hai vontade real. Pois claro, señor Tabarés, se houbera vontade real o Goberno de España tería xa feita unha lei pero está enredando noutras cousas. Está enredándose noutras cuestións xurídicas que nada teñen que ver nin nada lle importan á cidadanía, nin nada favorecen a cidadanía. Iso si, favorecen que o señor Sánchez siga instalado na Moncloa. O tema dos indultos, por exemplo, teñen aí a toda a asesoría xurídica da Moncloa a ver como van facer iso. Pois destinen un pouquiño de tempo a facer unha lei de financiamento local e autonómico para resolver estas cuestións, que son máis importantes e chegan máis á cidadanía. *(Aplausos.)*



Señora Rodríguez Rumbo, mire, isto é caciquil e dedazo. *(A señora Prado del Río amósalle á Cámara un folio cunha gráfica circular en cores.)* Esta é a repartición da Deputación de Lugo dos convenios: o 72 % para concellos do PSOE, o 20 % do BNG e o PP un 4 %. Non me saque vostede quesitos. E sabe vostede que esta repartición caciquil dos fondos cogobernando co Bloque Nacionalista Galego liamos o outro día no periódico *(A señora Prado del Río amósalle á Cámara unha fotocopia.)* que o señor Caballero «el líder socialista defendió ayer junto al presidente provincial el modelo de la Diputación de Lugo frente a la Xunta de Galicia». ¿Este é o modelo que queren vostedes para a Xunta de Galicia, *(A señora Prado del Río amósalle á Cámara de novo o mesmo folio ensinado anteriormente cunha gráfica circular.)* o modelo da Deputación de Lugo? Pois, señora Rodríguez Rumbo, a verdade é que non.

E que veña vostede aquí darnos leccións cando vostede foi directora de Administración Local e asinou centos de convenios con alcaldías socialistas. Que hai compañeiros meus que foron alcaldes cando vostede era directora xeral e non a coñecían, señora Rodríguez Rumbo. E vén vostede aquí darnos leccións, ¿de que? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois pregúntelles. Aquí hai dous e os dous que hai non a coñecían. Resulta bastante sorprendente, coñecérona cando chegaron aquí... *(Murmurios.)* Dous de corenta e dous, a proporción... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, jé que eran de Ourense!... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eran de Ourense, señora Rodríguez Rumbo, e alí vostede non chegaba, porque alí hai moitos alcaldes do Partido Popular e vostede tiraba máis para outro lado. *(Murmurios.)* *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Traerei o quesito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non se preocupe, estouno a facer... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Están as dúas no debate. Un pouco de orde.

Tranquilidade. Estamos empezando...

**A señora PRADO DEL RÍO:** Vostede presume de que o Goberno de Sánchez lle deu a Galicia 735 millóns de euros. Pois aínda así nos deron 629 millóns de euros menos dos que nos corresponden.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Así que non presuma do que dá o señor Sánchez a Galicia, porque vostedes, os socialistas de Galicia, están única e exclusivamente defendendo ao señor Sánchez. Con independencia de que o señor Sánchez discrimine a Galicia, de que non lle dea os fondos que lle corresponden, porque llelos ten que dar a outros territorios para cumprir vontades políticas e seguir manténdose na Moncloa. E iso, señora Rodríguez Rumbo, nós, o Partido Popular de Galicia, non o imos consentir.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ¡Nin unha soa discriminación máis aos galegos e ás galegas! *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas do Partido Popular, vostedes son o grupo parlamentario que sustenta o Goberno e deben decidir se realmente son un partido municipalista ou van permitir que novamente os concellos galegos sexan os irmanciños pobres dentro da estrutura da administración que atendan a cidadanía á custa de diminuír recursos para outras necesidades, sabendo que as arcas municipais xa de por si están nunha situación de raquitismo orzamentario.

¿Vostedes van seguir permitindo que a Xunta de Galicia siga a distribuír fondos públicos a través dun sistema caciquil de dedazo, favorecendo algúns dos gobernos locais que son da súa mesma cor política, en contra da Lei de transparencia e bo goberno e da Lei das subvencións de Galicia? Eu xa sei que non lle gustan, señora Prado del Río, os meus *quesitos*, pero os meus *quesitos* veñen elaborados de datos, ¡de datos! E parece mentira que vostede un día nunha comisión me dixo que tiña moita cara, ou moito rostro, ou algo así, por levar uns datos. E a verdade é que hoxe me parece que iso podía aplicarse para vostede. Porque unha persoa que senta nesa bancada e que foi presidenta na Deputación de Lugo durante tres meses e medio fixo corenta e catro convenios; deles corenta e tres para o Partido Popular, por un importe de 5.365.000 euros, e un para o Partido Socialista, de 18.000 euros. Iso é o que é ter moito rostro. *(Aplausos.)*

E a súa defensa do municipalismo comprobámola cada vez que vén aquí e rexeitan as iniciativas traídas unha e outra vez por este grupo parlamentario, nas que recollemos as demandas da Fegamp. Recollemos as demandas da Federación Galega de Municipios e Provincias.

E vostede vén aquí a esta tribuna e pregúntame: vostedes, ¿que están facendo en Madrid? E eu pregúntolle: e vostedes ¿que están facendo en Galicia? ¡Levan doce anos gobernando! En tres anos dun Goberno de Emilio Pérez Touriño, 28 millóns de euros no Fondo de Cooperación Local. Doce anos gobernando Núñez Feijóo na Xunta de Galicia e cero euros de incremento no Fondo de Cooperación Local. *(Aplausos.)*

E, señora Paula Prado del Río, xa que se pon tan estupenda e fárame do total de convenios e subvencións, do total de créditos asinados pola Xunta de Galicia en 2021 para as entidades locais galegas, dígolle que no día de hoxe son máis de dezaioito millóns, menos do que consignaba o Goberno de Emilio Pérez Touriño no ano 2009. *(Murmurios.)*

E xa que vostede segue co que é a repartición das deputacións galegas, a verdade é que é bastante curioso que vostede empregue o das deputacións galegas, de verdade que si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si, non, tráiolle *quesitos*, *quesitos* avalados por





datos, señora Prado del Río. Mire, *(A señora Rodríguez Rumbo amósalle á Cámara un folio cun gráfico circular en cores.)* este é o plan único dos concellos das deputacións galegas: a Deputación da Coruña dedica 64,6 millóns de euros; a Deputación de Lugo, 21,5 millóns; a de Pontevedra, 42,5 millóns, e a Deputación de Ourense, 7,2 millóns de euros. Mire, *(A señora Rodríguez Rumbo adiante cara á Cámara ese mesmo folio cun gráfico circular.)* vese bastante claro. *(Murmurios.)* Os plans únicos da deputación son para todos os concellos en igualdade de condicións. *(Aplausos.)* Pero dígolle máis, voulle dicir a porcentaxe que utilizan do plan único respecto do orzamento total 2021 *(A señora Rodríguez Rumbo amósalle á Cámara outro folio cun gráfico circular en cores.):* a Deputación da Coruña, o 35 %; a Deputación de Lugo, o 23 %; a Deputación de Pontevedra, o 26 %, e a Deputación de Ourense, gobernada polo Partido Popular, o 9 %. *(Aplausos.)* ¡Isto si que é unha vergonza! *(Aplausos.)* ¡Unha vergonza! *(Aplausos.)* É máis, voulle dicir o importe medio por concello nos plans únicos das deputacións. *(A señora Rodríguez Rumbo amósalle á Cámara un novo folio cun gráfico circular en cores.)* ¡É que de verdade que vostede ten pudor! Na Deputación da Coruña dedícanse 695.000 euros de media por concello, na Deputación de Lugo, 321.000 euros por concello; na de Pontevedra, 697.000 euros por concello, e na de Ourense, 78.500 euros por concello.

Señora Prado del Río e señores deputados e deputadas do Partido Popular, a forma que ten de xestionar o Partido Popular onde goberna tamén o di o Consello de Contas. Porque o Consello de Contas acaba de facer un informe de 2018 sobre a Deputación de Ourense — que non do resto das deputacións galegas — e o que nos di é que presenta defectos que impiden consideralo como unha conta rendida; que o 84 % das subvencións concedidas no exercicio 2018 se fixeron como concesión directa nominativa, é dicir, a dedazo —esa repartición caciquil que tanto lle gusta ao Partido Popular—; que os contratos menores supuxeron o 80 % do volume contratado, e que o 70 % do volume dos contratos menores de obra se concentraron en cinco adxudicatarios. Iso si que é unha vergonza, ¡iso si que é ter rostro! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Un dedazo e unha repartición caciquil.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Os socialistas queremos reparticións con criterios claros para que os concellos poidan atender a súa poboación e o seu territorio, que son as funcións que lles corresponden.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre as emendas?

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** E non ser agraciados ou non polo goberno de vez, neste caso...

**O señor PRESIDENTE:** Señora Rodríguez Rumbo, por favor, sobre as emendas, ¿que me di?

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...do Partido Popular.





**O señor PRESIDENTE:** ¿Que me di?

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Sobre as emendas, señor presidente, aceptamos como engádegas a emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego e aceptamos como engádegas a emenda presentada polo Partido Popular de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Esperamos o seu voto.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** E así van demostrar se vostedes si son...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...uns deputados e deputadas municipalistas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...ou, coma sempre, prefiren o dedazo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...e a repartición discrecional.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas.

*(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da rebaixa ao 4 % do IVE sobre a electricidade**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Carlos Francisco Rivera, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*



«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Solicitalle ao Goberno do Estado que:

a) Continúe reformando un sistema herdado do PP que encareceu sistematicamente a factura eléctrica, incidindo nos conceptos fixos sobre os que ten competencia o Estado, co fin de abaratar o custe dunha tarifa que debe ser máis simple e adaptada o consumo real.

b) Continúe primando o autoconsumo e o despregue, penetración e integración das enerxías renovables que abaratan a tarifa eléctrica e actúan contra o cambio climático.

c) Impulsar a Estratexia Nacional contra a pobreza enerxética 2019-2024, revisando as categorías de consumidor vulnerable establecidas, de acordo cos novos indicadores de pobreza enerxética, reforzando e ampliando medidas como o recentemente creado bono social térmico e a ampliación do bono social eléctrico, así como actuacións extraordinarias para amortecer o impacto da covid-19, especialmente nos consumidores vulnerables, como son a prohibición do corte de subministracións, a prórroga automática do bono social eléctrico, a conxelación dos prezos máximos da bombona de butano e da Tarifa de Último Recurso de gas natural ou a ampliación do dereito a bono social para traballadores autónomos que cesen a súa actividade ou vexan reducida a súa facturación pola covid-19.

d) Impulsar a introdución de novos actores no mercado eléctrico, diversificando e favorecendo a aparición de máis empresas na xeración, produción e oferta de servizos enerxéticos como un elemento chave para a transición cara a un modelo máis eficiente e renovable.

e) Impulsar o proxecto de lei do Fondo Nacional de Sustentabilidade do Sistema Eléctrico e o Anteprojecto de lei de minoración de CO<sub>2</sub> que supoñerán, coa súa posta en marcha, unha redución de ata un 15 % da factura eléctrica en consumidores domésticos e industriais.

2º) Establecer novos mecanismos e campañas de asesoramento en apoio dos consumidores ante a implantación da nova factura eléctrica e a aparición de posibles casos de fraude e abuso por parte dalgunhas comercializadoras de enerxía eléctrica en Galicia, segundo as competencias en materia de defensa do consumidor e o usuario que ten Galicia establecidas no artigo 30.I.4 do noso Estatuto de autonomía.»)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señorías, gustaríame facerlles unha pregunta. Preguntarlles cantas racións de caviar tomaron hoxe. Supoño que ningunha. Ou preguntarlles se foron ultimamente ver algunha corrida de touros. O certo é que neste país moito de touradas, mal que lles pese a algúns, non somos; así que imaxino que a resposta é negativa. En todo caso, outra pregunta máis, unha hipótese máis plausible: ¿cantos cafés tomaron hoxe? Imaxino que para a maioría xa caeron algún que outro. ¿Saben vostedes que teñen en común estas tres cousas? O caviar, as corridas de



touros e o café teñen o mesmo tipo de IVE, o IVE do 10 %. Por certo, bastante máis baixo do que é a enerxía eléctrica, que no noso país se grava desafortunadamente cun 21 %.

E imaxino que por moi cafeteiros que sexamos algúns dos que estamos aquí, entre os que me inclúo, seríamos capaces de sobrevivir sen café. Imaxino que incluso moitos cafés que teñan tomado no día de hoxe, seguramente empregaron máis a enerxía eléctrica. Supoño que a maioría de vós, tamén as persoas que nos poden estar escoitando desde os medios de comunicación, por exemplo, que hoxe se levantaron e aínda que os días xa medraran moito, seguramente tiveron que prender a enerxía eléctrica; moitos deles precisaron esa enerxía para facer o almorzo, para ducharse, para abrir o garaxe, para imprimir unhas notas para este pleno, para tantas outras cousas.

Iso é así, porque hoxe en día é absolutamente imposible vivir cunhas condicións materiais de vida dignas sen subministración eléctrica. É unha condición imprescindible ademais para exercer outros dereitos fundamentais; pensemos na alimentación, na educación, no traballo, é imposible desenvolver iso sen enerxía eléctrica. Ou mesmo respecto da vivenda, non se pode considerar unha vivenda digna se non ten estas subministracións básicas: a enerxía e a auga, que tamén é un ben básico.

E con isto, o que quería expoñer con estes exemplos é ese disparate, esa anomalía de que algo tan elemental como a enerxía eléctrica teña un gravame coma se fose un produto prescindible ou de luxo. Algo ao que queremos poñer fin hoxe con esta iniciativa e que reflicte que hai dúas formas de concibir a enerxía: unha, como un ben público, como un dereito que debe ser fornecido a toda a cidadanía, ou outra, como un ben de especulación ao servizo do grande oligopolio eléctrico.

En resumidas contas, disto vai esta iniciativa: de decidirmos se a enerxía é un ben público e temos que lexislar e adoptar medidas para que sexa un ben público, ou se seguimos permitindo que sexa un ben de especulación.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, témolo claro: a enerxía é un ben elemental e, polo tanto, debera ter un gravame similar ao dos alimentos máis básicos ou dos medicamentos, un gravame do 4 %, e non ese abusivo 21 %.

E non é a primeira vez que desde o Bloque Nacionalista Galego defendemos unha proposta deste tipo, pero o certo é que no día de hoxe estamos vivindo un momento que a ninguén se nos debera escapar que é absolutamente crucial para millóns de persoas por dous motivos fundamentais:

Por unha banda, porque é evidente que estamos xa nunha crise económica, nunha crise económica que vai a máis ademais. E por poñer algún exemplo, un titular que podíamos ler na prensa de onte: «Máis de cento corenta familias piden axuda cada día», —repito— cada día, «á Xunta para comprar comida e medicinas». Hai unha estimación de que aproximadamente corenta e cinco mil persoas neste país se acollen xa a esta medida. E, jollo!, os perceptores desta axuda, desta medida non son nin as persoas que están cobrando unha risga, nin as persoas que están baixo a cobertura do ingreso mínimo vital. Co cal imaxinen, se sumamos eses



tres ámbitos de soporte social, o difícil para cantas familias é asumir neste país o pagamento dun ben tan elemental e tan necesario para a nosa vida como é a enerxía eléctrica.

E en segundo lugar, ademais desta situación económica e social, a ninguén se lle escapa que hai unha enorme escalada do prezo da enerxía eléctrica nestes últimos meses. Levamos todo un 2021 de incremento da factura eléctrica, e desde o Goberno central non se está querendo ou non se está sabendo tomar medidas. Quizais porque, unha vez máis, queda demostrado que a política enerxética que fornecen un ou outro partido, o Partido Popular ou o Partido Socialista, no Goberno central cando pasan por alí é absolutamente mimética, e o mesmo acontece respecto da política fiscal. Só así se pode entender que incluso nas circunstancias tan extraordinarias que vivimos por mor da pandemia non se arbitrase nin unha soa medida para reducir o gravame fiscal da enerxía eléctrica.

E desde o BNG, desde logo, non queremos simplificar o problema do prezo da luz. Somos conscientes de que o IVE e a abusiva fiscalidade non é o único problema, pero o certo é que é un problema enorme e que sería necesario, ademais destes cambios fiscais, unha enorme reforma no sistema de fixación do prezo eléctrico. A maior mostra é que son as tecnoloxías máis caras as que determinan cal é a composición final da factura. E o certo é que se ata o día de hoxe ningún dos dous gobernos máis recentes que tivemos do Partido Popular ou do Partido Socialista en momentos de incremento da factura da luz interviron neste aspecto é porque, ao final, temos que sacar a conclusión de que gobernan máis as eléctricas do que os propios consellos de goberno.

E tamén hai que dicir e poñer unha vez máis enriba da mesa que manda truco que nun país que é especialista en produción de enerxía eléctrica e que malia o peche de dúas centrais térmicas segue sendo excedentario, que continuemos sen ter o máis mínimo beneficio en termos de abaratamento. É un disparate que no día de hoxe non haxa neste país unha aposta unánime por unha tarifa eléctrica galega que compense esta situación. E o certo é que cada vez hai máis voces que claman neste sentido. Eu non sei se viron as súas señorías un artigo de opinión no xornal escrito de maior tirada deste país, que non é sospeitoso de ser voceiro do Bloque Nacionalista Galego, onde había unha columna de opinión neste sentido, e hai poucas semanas tamén o expresidente Laxe se pronunciaba neste sentido. Polo tanto, canto máis tarden uns e outros en asumir que esta debера ser unha demanda de país, máis tempo perderemos os galegos e galegas.

Pero volvendo á cuestión, o certo é que —como dicía— estamos nun momento de aumento do prezo da enerxía eléctrica, comezamos 2021 cun grave récord na nosa historia da fixación do prezo, tivemos o abril máis caro dos últimos anos tamén, e nos sete primeiros días de xuño, por poñer un exemplo, segundo as estimacións de FACUA, o prezo disparouse nun 42 %. Polo tanto, estamos nun momento de suba non-stop, con problemas que xa non son conxunturais, senón estruturais, como a cuestión do CO<sub>2</sub>, e agravado por un cambio de tarifas do Goberno, que penaliza tanto ás pemes como ás familias en plena crise. Por poñer algún exemplo, para os antigos consumidores con discriminación horaria, isto vai supoñer un incremento incluso dun trinta por cento. Por poñer outro exemplo, para as explotacións gandeiras, de ata un corenta por cento. Sectores —como estou indicando— amplamente danados ademais nunha crise sen precedentes como é a da covid-19.



Polo tanto, esta situación é insoportable e require de moitos cambios. Desde logo, rectificar ese proceso de factura ten que ser unha das medidas; apostar por que o noso país sexa compensado por este papel de produtor debera ser outra das medidas; pero, desde logo, hai unha cuestión que é urxente e que hoxe queremos poñer enriba da mesa, que é o abaratamento do imposto de valor engadido, por varios motivos:

En primeiro lugar, eu quero recordar que temos un dos IVE máis altos para a subministración eléctrica da nosa contorna europea, só por detrás dos países nórdicos, e que a isto hai que sumar outras cargas, como ese imposto especial de electricidade, que é dun 5,1 %, e que vén actuar como un duplo IVE; é dicir, temos unha dupla imposición que só se mantén no día de hoxe polo afán recadatorio do Estado. E nós podemos incluso entender que nun momento de crise económica o Estado pense en recadar, porque hai moitas necesidades, pero está claro que se equivoca de obxectivo.

E, por outra banda, hai que dicir tamén que unha mentira repetida mil veces non é unha verdade automaticamente, e que iso de que a Unión Europea non permitiría dar este paso é absolutamente falso, e temos exemplos moi cerca e vou poñer un, que é o portugués. En maio de 2019 rebaixou a parte do IVE da factura fixa ata un 6 % do 23 % inicial, e máis recentemente apostaron por un modelo progresivo. É dicir, ata os cen primeiros quilovatios por hora as e os consumidores teñen un tipo de gravame, e despois increméntase. Informou Europa neste sentido de que non tiña obxeccións á medida, que non distorsionaba os principios de neutralidade de competencia, e avanzouse nese sentido.

Polo tanto, esta cuestión do IVE da enerxía eléctrica, nun momento ademais onde politicamente temos debatido aquí moito sobre rebaixas a outros ámbitos da nosa sociedade, pois recorda un pouco esta cuestión do IVE das máscaras. O IVE das máscaras non se podía rebaixar, era absolutamente imposible, ata que a presión social e política foi tan grande que houbo que rebaixar ese IVE das máscaras e que foi posible.

A nosa aposta é clara, pois esta iniciativa urxe rebaixar o recibo da luz e democratizar o acceso. Entendemos que é unha proposta que debera ter a unanimidade da Cámara, que debera ser unha rectificación ademais polas dúas organizacións políticas que teñen presenza aquí, porque demasiados anos levamos soportando un IVE que é excesivo e que con ese imposto especial da electricidade fai que para moitos consumidores e consumidoras, con independencia de canta enerxía gasten, sexa practicamente inasumible soportar o pagamento da factura, porque en tres cuartos son política impositiva e moi superior ao que consomen. Polo tanto, esta é unha cuestión que tería un impacto directo na factura das e dos consumidores e que contribuiría tamén á xustiza social, toda vez que este é un imposto indirecto.

Polo tanto, estas cuestións entendemos que se onte eran razoables, á luz das ensinanzas desta crise deberan ser incuestionables, e que hoxe deberamos dar un paso colectivo a prol das maiorías sociais, a prol da democratización da enerxía e para combater que esta estafa continúe.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Efectivamente, este é un debate interesante, a baixada do IVE, o plantexamento que fai o BNG de baixar a recadación no que atinxe a factura da luz e, polo tanto, eliminar ou rebaixar o IVE do 21 % ao 4 %. Un debate complexo, evidentemente, porque ten que ver tamén coa regulación do mercado eléctrico; ten que ver coa democratización das subastas eléctricas; ten que ver coa necesidade de impulsar un cambio no modelo enerxético, polo tanto, impulsar as enerxías renovables; ten que ver en consecuencia con harmonizar un novo modelo enerxético, evidentemente.

Sendo o debate interesante, o que vostede plantexa aquí é unha medida que ten un custo. E nós o cuestionamento que inicialmente podemos facer a esta medida é o oportunismo que vostede fai cando plantexa este tipo de iniciativa nun momento onde vostede di que hai unha caída importante da recadación como consecuencia da pandemia, cando ten caído tamén no imposto do IVE a nivel estatal un 12 % no ano 2020, case oito mil millóns de euros no conxunto do Estado español. Un momento complexo, difícil, dramático, onde hai que soste o tecido produtivo, o tecido económico deste país, onde hai que pagar prestacións sociais como consecuencia da caída da actividade económica. E vostede plantexa, efectivamente, unha iniciativa que é deixar de recadar impostos. Está ben.

Vostedes desde o BNG son especialistas en plantexar nalgún caso iniciativas que teñen, evidentemente, moita receptividade social. ¿Como non? A min tampouco me gusta pagar o IVE na luz, e supoño que a ninguén, ou gustaríanos a todos que nos rebaixasen o IVE nesta factura. O que sucede é que, efectivamente, este tipo de plantexamentos, e vostedes xa fixeron plantexamentos nesta cámara ao longo destes últimos tempos que chocan un pouco co principio da realidade, como é aquela reclamación de vinte mil millóns de euros ao Estado en relación cos fondos europeos que teoricamente van vir ao conxunto do Estado español. Vinte mil millóns de euros. Efectivamente, ninguén pode dicir que non veñan vinte mil millóns a Galicia. ¿Quen se vai opoñer? Ninguén. ¿A quen lle parece mal que lle rebaixan o IVE da factura da luz? Eu entendo que a ninguén. Pero aquí a pregunta —sen escapar do debate, que igual é necesario e hai que dar no seu momento arredor da fiscalidade de determinados bens e servizos— que lle fago eu ao grupo nacionalista é: ¿canto supón en termos de recadación deixar ou baixar o IVE do 21 % ao 4 %? Pois xa llo contestou eu, máis ou menos cinco mil millóns de euros. Entón, a seguinte pregunta é: se baixamos na recadación cinco mil millóns de euros, ¿onde imputamos os cinco mil millóns de euros?, ¿onde recadamos os cinco mil millóns de euros? Ou a seguinte pregunta, que é: ¿que deixamos de pagar?, ¿que deixamos de financiar con eses cinco mil millóns de euros? E iso é o que hai que contestar.



Porque, efectivamente, o IVE é un imposto indirecto, un imposto que grava o consumo, un imposto ata certo punto inxusto, porque non ten en conta nin a capacidade de gasto nin a capacidade de renda, pero é un imposto que, en definitiva, permite recadar diñeiro para soste-ter os fondos públicos, as finanzas públicas e, polo tanto, os servizos públicos. E o debate e entón a alternativa é: ¿como se manteñen os servizos públicos?, ¿como se manteñen as con-tas públicas?, ¿como se cadra o déficit público? Porque, ao final, isto vai tamén de pagar. E iso é o que o BNG obvia na súa iniciativa.

E non escondemos que é necesario dar un debate neste país, no conxunto do Estado tamén, en Europa, arredor da fiscalidade, sobre a necesidade de facer que os impostos sexan máis progresivos e pague aquí o que máis ten, e, efectivamente, que haxa unha distribución das cargas en función dos ingresos de cadaquén. Polo tanto, que todos contribuíamos ao soste-mento das cargas públicas en función da nosa capacidade.

E este debate vaise dar, evidentemente, porque a relación de déficit en relación co PIB, o nivel de débeda en relación co PIB, no conxunto do Estado español, vai obrigar a esa modi-ficación, a esa reforma fiscal. E nesa modificación, nese novo modelo fiscal hai que abordar probablemente tamén a fiscalidade do IVE.

Agora ben, ¿é imprescindible rebaixar o tipo de IVE ou é máis importante revisar o abano de produtos e bens que se benefician dun IVE reducido e superreducido, e comprobar se os mes-mos en termos de equidade son beneficiosos para o conxunto da cidadanía? Pois igual isto é o que hai que facer, con independencia, evidentemente, de que nós non escapamos de que haxa que ter un debate acerca do IVE que afecta unha subministración básica como é a luz.

¿É posible baixar o IVE en España? Si, claro que é posible. ¿Ten sentido? Pois, depende. En termos de recadación, evidentemente, neste momento non. Pero en termos de facer asequi-ble a electricidade ao conxunto dos cidadáns, que tamén o están pasando mal, aos colectivos máis vulnerables, ao mellor neste caso non é igual rebaixar o IVE a ese conxunto dos cida-dáns, porque rebaixándolle a ese conxunto de cidadáns rebáixaselles a todos os cidadáns. Polo tanto, tamén aos que máis teñen, é dicir, aquí... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)*

Si, ¡home! si, xa. Todos buscamos a felicidade universal. Eu xa sei que vostedes neste tipo de cuestións son especialistas. E a fame no mundo hai que acabar con ela. Xa, ¡iso xa o sa-bemos!

En definitiva, que nós entendemos que diante dunha situación coma esta o que hai que aten-der, fundamentalmente, é que a xente que menos ingresos ten pois teña a capacidade de se-guir obtendo as subministracións enerxéticas fundamentais, e iso faise facendo dende o Estado política social, política de incentivos, políticas establecendo bonos sociais, bonos eléctricos, *(Aplausos.)* bonos sociais térmicos, prohibindo que se corten as subministracións a aquela xente que non pode pagalos.

En definitiva, actuando tamén sobre os custos fixos da factura, desprazando eses custos fixos, gravando igual o consumo e non tanto a potencia contratada, ou desprazando parte dos custos fixos da factura ao sistema nacional ou a un fondo que se acaba de crear, o Fondo



Nacional para a Sustentabilidade do Sistema Eléctrico, que vai ser financiado polas comercializadoras e non polos consumidores. Ou mesmamente introducindo unha regulación nova no mercado CO<sub>2</sub> que permita que aquelas centrais non emisoras de CO<sub>2</sub> vexan minoradas os seus dividendos, e como consecuencia obter por aí unha vía de recadación importante con que soste en parte o pago dos custos fixos da factura, especialmente aqueles vinculados ás renovables e mesmamente manter unha parte do custo do financiamento, neste caso das facturas relativas aos fogares máis vulnerables deste país.

En relación co IVE que se paga noutros países, dos que vostede acaba de citar o caso de Portugal, efectivamente, é así. Pero en Portugal o tipo ordinario do IVE é do 23 % para un abano inmenso de produtos, ¡inmenso! Polo tanto, cada país ten unha realidade fiscal e unha realidade económica. Efectivamente, en Francia a luz é máis asequible que en España, e a fiscalidade probablemente na parte fixa tamén o é. Pero a realidade enerxética de Francia é absolutamente distinta á realidade do Estado español, como vostedes saben. En Alemaña a luz é máis cara que en España; claro, a realidade económica e a realidade enerxética son distintas, houbo un apagón nuclear, descarbonizouse a economía e como consecuencia apostouse polas renovables, e iso ten un custo.

Ben, a partir de aí, señores do BNG, nós non negamos o debate. Nós temos unha emenda que entendo que é máis acaída neste momento que sacar do sistema cinco mil millóns sen dicir como se vai compensar esa caída de recadación económica e con que se van financiar os servizos públicos se quitamos do sistema o diñeiro obtido como consecuencia da recadación dos impostos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Francisco Rivera.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidente.

Teño que dicirlle, señor Rivera, que estiven tentado a renunciar aos meus dez minutos e pedirlle ao presidente que llos dera a vostede, porque estou seguro de que se lle deixan dez minutos máis acaban rompendo todos os gobernos de coalición que teñen vostedes co Bloque Nacionalista Galego en Galicia. *(Aplausos.)*

Eu quero aproveitar para pedirlle que lle traslade ao alcalde de Verín a nosa felicitación, especialmente pola súa filla, por ese dez na oposición convocada polo seu propio pai; un dez, non un 9,5, un 9,8, un dez de dez. Noraboa ao pai e á filla, na orde que vostede prefira: o pai ou a filla.

Entrando xa na cuestión, sentímolo moito, queremos pedir desculpas a todos os galegos, non debemos facer presidente a Pedro Sánchez. Así deberían comezar as intervencións de



todos os deputados do Bloque Nacionalista Galego nesta cámara, porque veñen a este pleno lavar as mans, señora Presas, tratar de ocultar a súa implicación directa na investidura deste goberno e deste presidente, e tratar de ocultar a súa corresponsabilidade coa suba da luz que acabamos de sufrir.

O Goberno máis centralista, máis lesivo para Galicia e que máis dano fixo e está facendo ás clases medias e ás clases baixas do noso país. Ese é o goberno que vostedes apoiaron. Ese é o presidente que vostedes investiron. Dende logo, dende o Partido Popular de Galicia podemos entender que foi un erro; estamos seguros que foi un erro. Talvez se equivocaron, creron na propaganda dos socialistas e pensaron que lles farían algo de caso; pensaron que o BNG pintaría algo ou que cumprirían cando menos unha das condicións do pacto. Talvez foron enganados, é outra posibilidade. Vostedes foron enganados. Sabemos que Pedro Sánchez mente permanentemente, trata de enganar a todos os seus socios, e os seus adversarios políticos tamén, e os cidadáns. Talvez non o puideron evitar, e ese pacto da vergoña entre Ana e Adriana foi un capítulo máis na longa historia da submisión do BNG ao Partido Socialista de Madrid.

Poderíamos entender todas estas situacións se aceptara as súas desculpas aquí nesta cámara. Pero o máis grave, señorías, é que xamais escoitaremos a ninguén do BNG arrepentirse, nunca. Xamais escoitaremos a ninguén do BNG recoñecer o gran dano que supuxo para Galicia e para todas as familias españolas entregarlle o Goberno ao Partido Socialista nas últimas eleccións xerais. Xamais escoitaremos a ninguén do BNG recoñecer que cometeron un erro ao investir presidente a Pedro Sánchez.

E non é só cuestión de arrepentimento. Hoxe mesmo o BNG ten ferramentas para presionar o Partido Socialista porque cogoberna con el en moitísimos sitios. Condicionen o mantemento deses pactos de goberno a que esta subida do prezo da electricidade non se faga efectiva. ¿Por que non o fan? ¿Non o fan porque non queren ou non o fan porque simplemente non pintan nada? Eu creo que son, exactamente, as dúas cuestións.

Dende logo, eu teño que dicirlle como teñen o valor de vir a esta cámara aquí facer exixencias ao mesmo goberno que vostedes investiron. E veñen aquí facerlle exixencias cando vostedes fixeron un acordo firmado entre Ana e Adriana para manter a ese presidente e para investilo. ¿Como teñen o valor de vir aquí e indignarse e pedir que actúe o mesmo presidente que vostedes manteñen no poder?

O BNG non ten lexitimidade para criticar nesta cámara as políticas do Goberno que vostedes mesmos sustentaron e sustentan. Non vou debater no fondo desta cuestión porque simplemente vostedes son corresponsables, corresponsables da subida da luz. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Exactamente iso.

Tampouco lles vou preguntar cal é o seu modelo enerxético para España e para Galicia. Non llelo vou preguntar porque vostedes están en contra das térmicas, queren pechar Reganosa, están en contra dos eólicos, están en contra tamén da eólica mariña. ¿Cal é o seu modelo? Facer lume con dous paus. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Ese é o BNG decimonónico que representa a señora Ana Pontón.



Di vostede, señora Presas, que gobernan as eléctricas. Gran titular: gobernan as eléctricas. Mire: gobernarán as eléctricas, pero quen sobe a tarifa é o Partido Socialista, e vostedes apóíanos. Esa é a realidade. Fagan o que poidan facer, en vez de vir aquí dicir que temos que reclamar, fronte a un goberno que o investiron vostedes. Pero ¿que tomadura de pelo é esta? Vostedes no fondo veñen aquí lavar simplemente as mans, dicir que non son responsables do que está sucedendo. Pero toda Galicia sabe perfectamente que é o Bloque Nacionalista Galego da señora Ana Pontón.

Respecto da emenda do Partido Socialista, señor Francisco Rivera, a verdade é que é interesante a súa intervención. Interesante porque vostede comezou dicindo que este debate era interesante e logo acabou dicindo que o Bloque Nacionalista Galego, os seus socios, son oportunistas. Póñase de acordo consigo mesmo. Dende logo, o papelón que lle fan facer nesta cámara é francamente —como diría vostede— interesante.

Mire: se o BNG é culpable desta situación, o do Partido Socialista e o PSdeG-PSOE é de xulgado de garda; esa é a realidade. Ao seu partido enchéuselle a boca criticando a subida da electricidade do Goberno de Mariano Rajoy, un 7 %; agora vostedes calan cando sobe, cando menos, un 35 %. Vostedes agora calan. Claro, ¡todo o mundo sabe que é máis un 7 % que un 35 %!; esa é a realidade.

Vostedes aseguraron que cando chegaran ao goberno de España plantarían cara ás eléctricas, dixeron con toda heroicidade, e que por fin habería un goberno que pensara nas persoas. Pero a realidade, coma sempre, impúxose sobre a propaganda e as mentiras socialistas.

Señorías, dende que Pedro Sánchez chegou ao goberno a factura media da luz subiu un 40 % en menos de tres anos, e esa é a realidade. E disparouse o prezo nas franxas diúrnas. Señor Francisco Rivera, é que os españois van ser mouchos para poder usar a electricidade doméstica. ¿Sabe vostede que, por certo, a lavadora non se pode poñer en concellos como Vigo ou na Coruña logo das dez da noite? ¿Sabe que a tarifa «valle» empeza ás doce da noite e acaba ás oito da mañá? Pero ¿vostedes para quen gobernan? ¿Quen vai poder pagar a electricidade neste país que vostedes están deseñando?

Dende logo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, demagogos si, pero non puido rebater nin refutar ningún dos argumentos da nosa defensa e da nosa crítica.

Señorías, esta subida non é unha casualidade ou unha circunstancia conxuntural como pretende facernos ver o señor Francisco Rivera; forma parte dun plan estruturado e calendarizado do Goberno do Partido Socialista. E non un plan secreto, nin unha teoría da conspiración, non; recóllese detalladamente no Plan de recuperación presentado polos socialistas en Bruxelas. Esa é a realidade. Ata o día de hoxe, os socialistas subiron unha ducia de figuras tributarias: o IRPF, os impostos sobre o aforro, o IVE das bebidas azucradas, as primas dos seguros, as execucións de dividendos, as plusvalías, os impostos sobre residuos —alégrome de que lle dea á cabeza—, os impostos sobre envases de plástico, o imposto sobre transaccións financeiras ou os impostos sobre determinados servizos dixitais. Esas xa son subidas aplicadas por vostedes.





E a estas subidas hai que engadir-lles as que teñen planificado no futuro, que veñen detalladas nese plan remitido a Bruxelas: as cotizacións máximas á Seguridade Social, un imposto do traballo que pagan tanto as empresas como os traballadores, as cotizacións aos autónomos, a supresión da dedución por tributación conxunta, da que se benefician 3,5 millóns de familias do noso país, ou o pago polo uso das estradas do Estado.

E ante esta subida histórica da presión fiscal ás familias e o enorme incremento da factura da luz, ¿que di o Partido Socialista? Pois o mesmo que escoitamos aquí ao señor Francisco Rivera: ben, é un tema interesante. ¿Como interesante? ¿Que di a súa ministra, a ministra Ribera? ¿Que di a ministra Ribera? «*La subida se notará muy pouco. El recibo subirá solo unos cuantos euros, o apenas 4 o 10 euros*».

Pero, señores do Partido Socialista, ¿cren que lle poden tomar o pelo a todo un país? ¿Verdadeiramente cren que se poden rir de todos os españois e que ninguén se dá conta do que está pasando en España? O lamentable é que o que está pasando, está pasando grazas a que estes señores os apoiaron na investidura e convertéronos no lamentable Goberno de España, que tivo que malxestionar unha pandemia e agora, lamentablemente, unha crise económica. Probablemente por iso as enquisas lle van tan mal ao Partido Socialista.

Son vostedes o Goberno máis caro da historia da democracia no noso país, e permítense seguir subindo os impostos, e ademais seguir subindo o prezo da electricidade, a todos, non a quen máis ten como di vostede. Non, non, aquí a electricidade sóbeselles a todos os españois, indistintamente dos seus recursos, a todos. Esa é a realidade.

Iso si, vostedes non poñen límites a isto dos ministros, dos asesores, dos organismos externos; niso si que son vostedes os campións. Esa é a dobre moral do Partido Socialista nestes momentos.

Di vostede que pague máis o que máis ten. Pero se vostedes lles soben a electricidade a todos. ¿E cal é a nosa postura sobre este asunto? Levámola nunha iniciativa e na nosa autoemenda. Esa é a nosa proposta, señores do Bloque Nacionalista Galego, e teremos ocasión de debatela. Pero nós, dende logo, o que lles dicimos é que non conten con nós para lavar a cara, porque teñen vostedes moita responsabilidade co que está acontecendo en España, co que está acontecendo en España e tamén en Galicia. Porque a toda esta dobre crise que estamos a vivir hai que engadir-lle este ataque permanente do Goberno socialista á industria galega, un ataque por *tierra, mar y aire*, que o Bloque Nacionalista Galego, ou aplaude, ou mira para outro lado. Esa é a realidade.

Nós o que lle pedimos ao Bloque Nacionalista Galego é que se queren ter credibilidade cando falan destes asuntos, rompan ou condicionen o apoio ao Partido Socialista alí onde están — ¡tamén en Verín, por certo! —, ou condicionen os cambios das políticas para seguir pertencendo aos gobernos do Partido Socialista. Todo ao contrario, son fogos artificiais. Non conten con nós para lavar a cara...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...ante esta dramática situación.

Nós, lamentablemente, cremos que España merece outro goberno. Este, dende logo, ten demostrado ser xa un fiasco. Este, dende logo, foi posible grazas á colaboración evidente, contundente e determinante do Bloque Nacionalista Galego. Son vostedes tan responsables como o Partido Socialista da suba da luz que afecta a todos os españois.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, ao final non me quedou claro se vostede estaba enfurruñado porque só o Partido Popular pode presentar propostas que vaian dirixidas ao Goberno central, ou se vostede estaba enfurruñado porque ía saír evidentemente neste debate, que vostedes seguen sen ter unha aposta clara pola rebaixa do IVE. Por iso presentan iniciativas con autoemendas *(Risos propios.)* *(Aplausos.)* para poñer que hai que revisar. Claro, hai que revisar porque supoño que o señor Casado lles deu permiso para facer un pouco de oposición desde o Parlamento galego a ver se así autoesculpan o que non fan dende a Xunta, pero non o suficiente permiso como para que poidan pedir unha rebaixa do IVE ao 4 %. Non se enfade.

Só vou recordar unha vez que as dúas leis do sector eléctrico que houbo no Estado español foron manobra do Partido Popular, e que o Goberno do Partido Socialista nunca as cambiou, *(Aplausos.)* nin onte, nin hoxe, nin parece que as vaia cambiar. Porque se algo quedou claro neste debate é que, lamentablemente —e por iso si que eu pido desculpas aos galegos e galegas—, desde o Bloque Nacionalista Galego intentámolo, pero nin sequera o Partido Popular de Galiza ou o Partido Socialista de Galiza fan de deputados de Galiza no propio Parlamento galego, senón que defenden a política enerxética que fan os seus partidos en Madrid. *(Aplausos.)*

En todo caso, se a vida fose tan fácil, señor Tellado, rompíamos os gobernos, independencia ao socialismo en dous minutos, pero non é así. *(Risos.)* *(Protestas.)* Se vostedes queren, sumen os deputados que teñen en Madrid sen defender os intereses de Galiza ao deputado que temos nós, e serán máis votos en defensa deste país. Cando queiran, aí estarán as nosas iniciativas para que as poidan apoiar.

En todo caso, señor Rivera, con todos os respectos, oportunismo o que ten a súa ministra Ribera —con be—, cando despois de aplicar un tarifazo que vai repercutir nos sectores sociais máis castigados deste país, colla e lance o globo sonda de que agora, tres anos e sete días despois da moción de censura a Mariano Rajoy, de repente o Partido Socialista vai intervir nos beneficios chovidos do ceo. Desde logo, cando o fagan, igual que cando derroguen a reforma laboral do Partido Popular, o Bloque Nacionalista Galego estará aí para apoialos e



para aplaudilos. Pero, desafortunadamente, non ten credibilidade a esta altura da partida; máis ben parece un globo sonda para distraer sobre este acontecemento. Non sei se aserada por Felipe González ou por algún outro. *(Aplausos.)*

En todo caso, indo á cuestión do debate. Mire: eu pago con gusto o IVE; eu pago con gusto o IVE porque afortunadamente nestes momentos eu teño un salario digno que me permite facelo. Pero eu xa experimentei o que era cobrar menos do SMI e ter que enfrontar o pagamento da factura eléctrica con dificultades nos meses de inverno. E a cuestión é que neste momento, coa situación económica que hai, cada vez son máis persoas nesa situación, e estamos falando dun ben básico. Se a auga ten un gravame do 10 %, ¿non entendemos por que non podemos entrar a discutir cal é o gravame á enerxía eléctrica?

Efectivamente, é un problema de recadación, pero xa sen entrar en... Ben, en fin... Recadación do IVE na que despois secuestra o Goberno central tamén a parte que lle corresponde a Galiza cando lle apetece. *(Murmurios.)* Ese é outro debate.

En todo caso, indo á cuestión, pois haberá que facer reformas para que outros produtos que si son de luxo e que si son prescindibles teñan un gravame maior, e que non o teña un elemento como é a enerxía eléctrica, que xa só con ese imposto especial á electricidade recada máis de mil millóns de euros. ¿Non van sacar agora mil millóns de euros de ir a polos beneficios chovidos do ceo das eléctricas? Pois, entón, fágase unha compensación e revívese esta cuestión. Porque tamén habería que comparar as coberturas sociais que ten o Estado español coas coberturas sociais que teñen outros estados de Europa, que teñen un IVE similar ou un IVE menor, porque nesa comparación tamén levaríamos sorpresas.

Eu non sei se o socialismo portugués está fóra da realidade. Nós aquí o problema que vemos é que quen está cada vez máis fóra da esquerda é o socialismo español e tamén o socialismo galego. *(Aplausos.)* E iso é un problema, porque despois, claro, vén a dereita falar aquí a este hemicio e quere subscribir a intervención do Partido Socialista. Desde logo, deu un receptor aquí completo para a cuestión da factura eléctrica. Eu mesma dixen na miña intervención que non quería simplificar a complexidade, porque é certo que a fiscalidade non o é todo, que hai outros elementos que hai que discutir, pero, desde logo, nós apelamos a que o apliquen.

Miren: eu, que son repetidora nesta lexislatura, despois da moción de censura do señor Rajoy, desde as filas socialistas cando tiñamos debates longos e tendidos sobre a cuestión enerxética ao fío da cuestión industrial, etc., pediannos paciencia. Nós tivemos paciencia. Os galegos e as galegas tiveron paciencia. Pero o tempo pasa e non hai cambios.

Polo tanto, con esta cuestión, nós basicamente o que queremos é poñer de relevo unha vez máis que a enerxía é un ben de primeira necesidade. E nun sistema fiscal racional, equitativo e minimamente xusto non pode ter un gravame superior ao do caviar, ao das corridas de touros, ao do café ou ao de tantas outras cousas que son prescindibles na nosa vida. Non é oportunismo, é xustiza social, e, desde logo, seguiremolo defendendo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta a emenda do PSOE?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as condicións laborais e salariais do persoal do Sergas**

**O señor PRESIDENTE:** Non hai emendas a esta proposición.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Hoxe o BNG trae aquí unha iniciativa na que demanda a mellora das condicións laborais e salariais do persoal da sanidade pública galega. Demanda na que levamos insistindo dende hai moito tempo, porque nos parece realmente de xustiza que a uns profesionais aos que se lles ten exixido, e os que teñen dado un gran sobre esforzo, teñen dado todo e máis, e a cambio o Goberno galego... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —jah!, *(A señora Prado Cores retira a máscara da súa faciana.)* está ben que me queirades ver a cara, *(Risos propios.)* graciñas por avisar— ...e dicía que a cambio de todo ese esforzo o Goberno galego o único que fai é maltratalo.

Unha situación laboral que vén sendo obxecto de preocupación dende hai tempo, porque os doce anos de goberno do Partido Popular só supuxeron retroceso das condicións laborais, perdas de dereitos e precarización. Política de costas viradas aos profesionais, ouvidos xordos, prepotencia, ordeno e mando, imposición, aínda que no discurso pareza que a situación é outra.

Temos un Sistema sanitario público galego totalmente infradotado de persoal, cunha parte importante do que ten en situación de precariedade. Para exemplo, a situación do persoal de enfermería, onde o 40 % dos profesionais son eventuais, e ademais levan nesa situación a inmensa maioría máis de dez anos. Un persoal que leva sufrindo anos de precarización, de temporalidade, anos de saturación, que está farto de que lle fagan soflamas do importante que son, do importantísimo labor, do bo traballo que fan, pero que iso non se converta en absolutamente ningún recoñecemento dos seus dereitos, e que sigan mantendo a súa situación nunha posición límite.

Non é unha situación nova, —como dicía antes— sobrevida da última hora por unha situación excepcional como é a pandemia, senón consecuencia de doce anos de ir tomando medidas en contra deste persoal.



Levan realizados esforzos, sacrificios, para que a situación de deterioración da sanidade pública de Galiza non sexa aínda máis evidente. Lévanse afanado para que esta situación non se teña trasladado con máis intensidade aos doentes. E por parte do Sergas, na vez de terlles compensado ese esforzo, non fixo máis que maltratalos, ningunealos e desprezalos.

E os profesionais da sanidade pública galega precisan recoñecemento, pero que sexa real, non soamente de titular e de discurso de tribuna do Parlamento. E o primeiro que necesitan son condicións laborais dignas. Por iso na iniciativa que hoxe trae aquí o Bloque Nacionalista Galego o que demandamos é rematar coa política de precariedade, de explotación na contratación, ofertando contratos dignos para evitar que sigan marchando profesionais, ben cara á privada ou cara ao estranxeiro.

Condicións laborais dignas que eviten, por exemplo, que os profesionais MIR que remataron a súa formación este ano 2021

non queden no Sergas. Condicións laborais dignas para que, de 70 profesionais de familia e comunitaria que fixeron a súa formación en Galiza durante os últimos catro anos, soamente quedaron en atención primaria 30, ¡30 de 70! Debería explicar o Partido Popular que está facendo, que política de contratación, que contratos lles está ofertando para que de 70 profesionais formados soamente 30 queden en atención primaria. É unha das cuestións que me gustaría que logo aclarase o Partido Popular. E falo dunha atención primaria que está realmente necesitada deses profesionais; profesionais, traballadores e traballadoras, que unha parte moi importante deles están nesas chamadas listas de contratación. Calcúlase que arredor do 30 % que están nesas listas e que son susceptibles de ser chamados piden suspensión de chamadas porque teñen ofertas mellores fóra de Galiza ou na sanidade privada.

Demandamos tamén na iniciativa que presenta o BNG contratos pola causalidade que os orixina e por todo o seu tempo. ¿Por que reclamamos isto? Pois porque se un profesional colle unha ILT, desfruta de vacacións ou ten un permiso por maternidade, a persoa que se contrata debe contratarse para cubrir integramente esa situación e para facer as mesmas funcións, e debe deixar de contratarse de luns a venres para non pagar a fin de semana ou deixar de contratar para traballar unhas horas na vez da totalidade da xornada; cuestións que nos parecen básicas para que os profesionais queiran traballar no Sergas.

A pandemia evidenciou máis que nunca o baixo rateo de profesionais que hai na sanidade pública galega, a pesar da demanda crecente de coidados, e isto asociado ao envellecemento, ao crecemento das enfermidades crónicas e á discapacidade. Galiza ten unha poboación moi envellecida, con pluripatoloxías, dependencia... E agora, con toda a atención derivada da situación de pandemia, non se adecuaron os rateos de profesionais. Outro exemplo referido ao persoal de enfermería: Galiza, 5,3 enfermeiras por 100.000 habitantes; no Estado, 6,5; e na Unión europea, 8,3. É dicir, en Galiza faltarían moitas profesionais de enfermería para chegar a esa media. E as matronas advertiron de que no prazo de corenta anos se van xubilar o 75 % das que están en activo. Pois non sabemos cal é a planificación do Sergas para cubrir esas prazas.

Hai permanentemente uns rateos totalmente insuficientes nestes doce anos; e nestes dezaís meses de pandemia púxose en evidencia con toda claridade, e neste verán que vén a si-





tuación, dende logo, non vai facer máis que empeorar. ¿E cal é a alternativa do Partido Popular diante desta falta de persoal? Manter a precariedade laboral, volver insistir nas inter-substitucións, que significa que un profesional faga o seu traballo e o doutro ou doutra; é dicir, o de dous, tres, catro ou ata cinco profesionais, os que cadre. E, por exemplo, na Guarda, de 8 profesionais, levan case todo o ano estando 3, pero para o Sergas e para o Partido Popular non pasa absolutamente nada.

¿Que seguen ofertando? Prolongacións de xornada. ¿Que significa? Que despois dunha xornada de 7 horas teñen que seguir traballando outra xornada laboral. Iso si, non lles pagan as horas como horas extras, senón que son horas pagadas como valor ordinario e co valor do ano 2008. Desde o ano 2008 está sen actualizar ese valor de xornada, e, como digo, non son pagadas como horas extras.

¿E cal é a outra alternativa que propón o Partido Popular e que leva a cabo? Pechar os centros de saúde pola tarde, incluso en concellos onde non só non van ter menos poboación durante o verán, senón que van ter máis, porque son concellos onde hai afluencia turística, como pode ser Sanxenxo, como pode ser Cambados ou como pode ser A Garda. A decisión do Partido Popular diante da falta de profesionais é pechar os centros de saúde pola tarde. E así pechan, como digo, Cambados, Sanxenxo, A Guarda, Burela... Non abren os consultorios que pecharon durante a pandemia, e a solución dos hospitais é pechar quirófanos ou pechar camas; solucións magníficas para baixar as listas de espera e para que a poboación galega estea atendida. Centros de saúde pechados e sen cobertura de profesionais, esa é a alternativa que propón o Partido Popular.

E a situación límite na que estaba especialmente a atención primaria vai agudizarse durante o verán: non substituír o persoal, centros de saúde pechados e manter a campaña de vacinación. Isto vai ter como consecuencia o aumento desas listas de espera —que lles lembro que en moitos dos centros de saúde xa é superior a dúas semanas—, desatención da poboación e esgotamento do persoal. E o Partido Popular parapétase continuamente detrás de que non hai médicos para contratar, e non di que é pola súa política de contratación. Mais ¿cal é a escusa para non contratar matronas, fisios, PSG ou celadores —que hai de sobra nas listas de contratación e que a política do Partido Popular é non substituílos nin contratar para este verán—? Tamén me gustaría que nos desen algunha explicación.

Cremos tamén que o recoñecemento do persoal ten que significar rematar coa discriminación salarial, porque o persoal do Sergas cobra un complemento específico de menor contía que o que se contempla na orde de nóminas para o resto de persoal da Xunta.

Por iso demandamos que se inicien de inmediato todas as actuacións para a equiparación do complemento específico e de dotación continuada do persoal do Sergas; complemento que ten como obxectivo retribuír a penosidade, a prestación de servizos traballados a quendas, domingos, festivos, os 365 días do ano, 7 días á semana e 24 horas ao día. E ao persoal sanitario no ano 2010 impúxoselle a conxelación salarial e paralizáronselle uns acordos xa asinados e publicados no DOG que significaban ir aumentando o seu salario, porque están á cola tanto no que respecta ao resto da Xunta de Galiza como no que respecta ao resto do Estado.



¿E que significa ter un complemento específico máis baixo, un complemento de produtividade ou roubar eses salarios? Que, por exemplo, un médico cobre 302 euros menos ao mes; que as enfermeiras, fisioterapeutas ou matronas cobren 304 euros menos ao mes; que un técnico cobre 274 euros menos ao mes, que o persoal auxiliar de enfermería cobre 231 euros menos ao mes e que os celadores cobren 151 euros menos ao mes. Por iso, parécenos de xustiza que isto se subsane.

E, por último, demandamos información, queremos que se saiba, que haxa un sistema de identificación das prazas para saber cal é a situación do persoal, para saber como están as prazas: cales son estruturais, cales están cubertas por interinidades, cales están sen cubrir, e así saber cales son as medidas que hai que tomar. Porque a situación do persoal é como o que vive ao día, sen ningún aforro nin colchón; e en canto ten un imprevisto, algo que altera a situación, aínda que sexa minimamente, a ese día a día xa non poden facerlle fronte. A situación do persoal laboral do Sergas é exactamente así...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...deixaron os cadros de persoal ao mínimo, só para ir tirando, e cando xorde calquera imprevisto a situación xa non se pode afrontar, só co sobre esforzo do persoal ou deixando a poboación sen atender.

Polo tanto, queremos que esta iniciativa que presenta o BNG, que é de mínimos, sexa apoiada polo resto dos grupos da Cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

Nós imos votar a favor da iniciativa que se presenta, non hai ningunha dúbida, como vimos facendo habitualmente coas cuestións sobre recursos humanos no Sergas, que probablemente é un dos eixos clave que explican moito a situación que temos dende os últimos anos. É unha iniciativa clara e estratéxica moi directa. Leva unha coma polo medio, moi clara... Di a señora Prado que é de mínimos. ¡Oxalá eses mínimos foran tomados como base estratéxica!

¿Por que este debate é a clave do sistema? Porque basicamente o problema que ten o noso sistema sanitario público para ser máis eficiente do que xa é grazas aos profesionais e a pesar dos seus dirixentes ten que ver coa política de recursos humanos en dúas claves que están, evidentemente, moi relacionadas ou intimamente relacionadas: unha é o déficit de



recursos humanos. Por poñer un exemplo, dende o 2009 a hoxe —orçamento do 2009 e orzamento do 2021, por coller a mesma fonte—, hai algo máis de mil profesionais menos en atención primaria —só en atención primaria— no sistema sanitario público de Galicia — máis de mil profesionais menos; 1.061, se non me saen mal as contas—. E en doce anos non é que aumentemos moito, non é que aumentemos pouco, non é que manteñamos, é que perdemos máis de mil profesionais. Este é un problema do déficit de profesionais. Todos somos conscientes de que hai algunhas especialidades, algunhas áreas, onde existen máis dificultades de profesionais, pero é ben certo que o sistema contrata pouco e mal, e ese —que é o segundo problema, que é o sistema de reivindicacións laborais, o sistema de contratación— é probablemente un dos outros problemas, porque formamos profesionais. Probablemente formamos algúns menos nunhas especialidades que necesitamos e outras satúranse nalgún punto, pero, en realidade, formamos un número relativamente satisfactorio de profesionais; sempre axustable, pero nin sequera sería necesario axustar en grandes números.

¿Cal é o problema? O problema está en que non contratamos establemente, o problema está en que non hai políticas que miren a longo prazo. Por poñer un exemplo relativamente claro —ou cremos nós que é claro—, no Sergas hai aproximadamente 40.000 profesionais, e isto, se non existira máis que unha distribución estandarizada normal de idades, diría que, xa que hai 40.000 profesionais, máis ou menos se xubilárian mil ao ano aproximadamente. Non é así en realidade, porque o sistema está formulado pola súa evolución administrativa e hoxe en día hai moitos máis profesionais de máis idade que de menos; digamos que a pirámide poboacional é maior. Pero, aínda xubilándose 1.000 profesionais ao ano, non existe planificación no Sergas, non existe, ninguén puxo ese obxectivo nos últimos anos para entender que deberíamos ir substituíndo. Por iso estamos tendo un problema que se agrava e que nalgúnhas categorías sabemos xa que é moito maior. Evidentemente, é moi sinxelo e hai centenaes de posibilidades, e todos temos os datos, porque para saber cales son as idades de todas as profesións, sabemos a ciencia certa cales profesionais se van xubilar o ano que vén, dentro de dous, dentro de catro e, se non cambia a normativa, dentro de seis e de dez e de vinte, porque, canto máis nos vaíamos, ten algún axuste, pero moi pouco.

Por tanto, sabemos cantos profesionais necesitamos, sabemos onde están, pero —déixenme poñer o exemplo— nos últimos doce anos en Galicia non formamos a 150 profesionais de medicina de familia comunitaria porque non se quixo. Estaban as prazas, estaban habilitadas, había titores e había lugares, pero Galicia non as convocou; e, claro, agora temos 150 profesionais menos, é certo que despois non se contratan os suficientes. E nos cinco anos seguintes a acabar o MIR quedan en Galicia de maneira estable un 20 % —e nin chegan— dos profesionais; este é o problema. Por tanto, o déficit ten un elemento estrutural que é complicado, pero pódese traballar e incidir sobre el.

En segundo lugar, está o volume e a capacidade de contratación, a precariedade. A precariedade é o elemento central, lamentablemente, do sistema sanitario de Galicia no que ten que ver cos recursos humanos especialmente, como é obvio. Nos recentes días, desafortunadamente, como tantas veces, o señor Feijóo, que falaba de sanidade, apuntaba erroneamente e acusaba os profesionais indirectamente —ou non tan indirectamente—; pedíalles que deixaran as súas reivindicacións laborais para centrarse na asistencia. Dificilmente se poden separar as dúas cousas, pero, por se acaso non o entendeu, imos intentar dar a nosa pers-



pectiva para ver se contribuímos a que o comprenda. É imposible separar as condicións laborais dos profesionais da capacidade e da calidade asistencial, ¡imposible! Porque ¿que significa un problema de eventualidade no Sergas? Pois, miren, en principio, ten que ver, por exemplo, coa saturación dos profesionais. O Sergas empeza a falar agora de 8 ou 10 minutos por consulta en atención primaria. ¿Onde está a reclamación dos 10 minutos por consulta dos profesionais de primaria? Pero o problema non está en poñer unha cifra aí, iso é unha consecuencia, non o punto de inicio, porque se seguen tendo 50 persoas en cita, como viñan tendo prepandemia, 8 ou 10 minutos colócaos nun rango de entre case 7 horas ou algo máis de 8 horas en citas todos os días. Porque 8 minutos por persoa a 50 pacientes —que é un dato bastante frecuente en primaria en Galicia— son 6.40 horas sen parar. ¿Onde quedan as visitas domiciliarias? ¿Onde quedan as citas por teléfono para renovar receitas? ¿Onde quedan os plantexamentos de saúde comunitaria? ¿Onde quedan as reunións de traballo? ¿E xa non digamos o descanso do persoal? Por tanto, é inseparable a calidade asistencial coa calidade laboral. Cando o señor Feijóo di que os médicos se olviden das súas reivindicacións laborais, o que lles está dicindo é: sexan vostedes escravos do sistema e non protesten moito, que non lles queremos facer caso. Porque ten que ver tamén con que non poden existir enfermeiras que hoxe teñen un contrato en urxencias ou que están saíndo cunha ambulancia do 061, mañá estean traballando en neonatos e ao día seguinte traballando na planta cos internistas. Non pode ser, porque non hai a capacidade de adecuarse, de traballar, de coordinarse correctamente se cada día teñen que estar traballando nun servizo distinto.

¿Con que ten que ver tamén a eventualidade para que o señor Feijóo entenda que as condicións laborais son claves? Ten que ver, por exemplo, con que o ano ten 365 días. Se lle quitamos 104 de fins de semana, e mais os 10 festivos, poñeríamos uns 250 días laborables ao ano, 251 se somos específicos. Hai neste país persoas que asinan 270 contratos ao ano; é dicir, 251 días laborables e 270 contratos ao ano. ¿Que significa iso laboralmente no Sergas? Significa que hai persoas que están traballando máis do que o Estatuto dos traballadores di que deben traballar, ou que están asinando máis dun contrato ao día, e isto é inaceptable nun sistema sanitario, ¡inaceptable! (*Aplausos.*)

As condicións laborais teñen que ver coa calidade asistencial en cuestións coma esta, pero tamén en que neste país o Sergas, a Consellería e o señor Feijóo chámalle estabilidade a dicirlles aos profesionais «debedes calar porque cobrades moito», que se usou aquí perversamente en recentes debates parlamentarios, ¡perversamente!, ¡perversamente! —insisto—, porque é un debate bastante perigoso empezar a entrar nos salarios dos profesionais sanitarios, ¡eh!, bastante perigoso. Eu déixoo aí porque creo que foi un erro e, por tanto, a ver se somos capaces de reconducir esa idea, non vaia ser.

Pero, ademais diso, a estabilidade do sistema, a estabilidade dos profesionais, ten que ver co feito de que ao que se lle chama estabilidade agora é a ofertar contratos publicitariamente dun a tres anos. A realidade é que son dun, dun ano, para traballar non se sabe que días, non se sabe onde e sabendo que ao día seguinte un pode ter que desprazarse moito máis lonxe do seu espazo de traballo. Ten que ver co feito de que aqueles e aquelas profesionais que están no sistema sanitario dependendo das listas de contratación para facer substitucións non poden planificar vida, teñen que estar sempre pendentes do teléfono. Aí está a desconexión que lles pedimos e da que tanto debatemos hoxe. ¡Imposible!, porque, se o te-



léfono soa, hai que collelo, tanto os luns, os mércores, os sábado, os domingo..., ás 8 da mañá, ás 7 da tarde, etc., e moitas veces para incorporarse no mesmo día. Xa cada un arraxará se pode, se ten nenos ou nenas pequenas, unha persoa a cargo ou se está a 50 quilómetros. Hai que estar porque, se non, acaban abaixo da lista. Este é o problema da estabilidade das profesionais. Estamos tratando así os profesionais; este sistema trata así os profesionais aos que aplaude, pero iso non son aplausos, iso son bofetadas, e iso non pode ser aceptable.

Por tanto, este debate é imprescindible, e non é porque non o trouxeramos unha, dúas ou dez veces, e seguiremos. Nós mañá interpelaremos o conselleiro precisamente sobre isto. ¿Por que? Porque queremos saber basicamente se a política deste conselleiro ten que ver coa resposta máxica —e digo «máxica» por non dicir un cualificativo máis negativo— que deu o anterior conselleiro sobre isto. E lémbrolla porque é bastante triste. Dixo nunha entrevista literalmente: «Éche o que hai». Esa non pode ser a nosa política sanitaria, porque, ademais de aplaudir, hai que ofrecer, e porque, ademais de darlles moitas flores, logo hai que poñer cartos enriba da mesa, recursos para os profesionais. Non se lles pode dicir, como dixo o señor Feijóo —unha vez máis, metendo a pezuña—, que deixen de lado as súas reivindicacións laborais, porque a reivindicación laboral dos profesionais sanitarios é a garantía da nosa mellor sanidade. E se non o entenden, é que non están entendendo onde está o mellor da sanidade, que igual cren que son vostedes, pero son os profesionais, aos que vostedes maltratan. Así que imos ver se resolvemos o problema.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Señorías, na exposición de motivos da súa PNL, comezan dicindo que o Bloque Nacionalista Galego leva anos denunciando as políticas de recortes e de deterioracións da sanidade pública levadas a cabo polo Partido Popular. E eu estou totalmente de acordo, ese é o seu mantra. Levan anos na mesma dinámica, é o seu discurso, pero permítanme que dubide de se vostedes mesmos o cren, porque, señorías, é moi difícil manter este discurso coa realidade que hoxe vivimos. E a maiores teñen un problema, e é que, despois de tantos e tantos anos coa mesma leria, os galegos, que son un pobo intelixente, non llelo compran. Os galegos saben e ven acotío que Galicia hai anos que conta cunha sanidade pública galega, universal, gratuíta e de calidade.

Tamén din vostedes que a pandemia ocasionada pola covid-19 puxo límite ao noso sistema sanitario, e tamén concordo, é verdade. Tamén concordo con que isto, evidentemente, fixo





que se viviran momentos moi difíciles, con moita tensión; e iso puxo a proba o sistema sanitario. Pero, señorías, afortunadamente, Galicia estaba preparada cun sistema sanitario forte, que ano tras ano mellora e cun sistema público de calidade. Vostedes, coma min, tamén viven aquí e saben que en Galicia o sistema resistiu a crise, que resistiu e saíu con nota, que ninguén quedou sen hospitalizar por falta de camas, que as nosas unidades de coidados intensivos sempre tiveron medios e que fomos quen de ofrecer, nos peores momentos da pandemia, axuda a outras comunidades e tamén ao país veciño, a Portugal.

Cansaron de protestar pola falta de camas, pola falta de medios, por déficits na vacinación, porque non ía haber persoal suficiente, pero nada do que vostedes vaticinaron aconteceu, máis ben todo o contrario: non faltaron medios, o persoal respondeu de maneira impecable, a vacinación estase facendo en todas as áreas axeitadamente e, salvo vostedes, o resto dos galegos séntense orgullosos da sanidade que temos.

Tamén din que é preciso investir en saúde. Evidentemente, si, e así o está facendo o Goberno da Xunta de Galicia, que ano tras ano incrementa o presuposto de sanidade. Dende hai doce anos, como vostede dicía aquí, o Partido Popular tomou as rendas da sanidade pública; doce anos de xestión, de melloras e de crecemento. Aínda cando a situación económica era a máis complicada vivida nas últimas décadas —estou a falar do ano 2009—, a Xunta de Alberto Núñez Feijóo foi quen de librar esa tremenda crise e de xestionar para seguir mellorando o sistema sanitario.

Señorías, este ano de pandemia contamos cos orzamentos máis elevados de toda a historia da comunidade. En sanidade, 4.587 millóns de euros; 476 millóns máis que o ano anterior. E se falamos de recursos para o persoal sanitario, incrementan en 154 millóns, un 8,5 % respecto do ano pasado. Claro que a vostedes, señores da oposición, pouco parece importar-lles, xa que se opuxeron a estes orzamentos, uns orzamentos que duplican o investimento sanitario en Galicia; iso si, opuxéronse a estes orzamentos na nosa comunidade autónoma, pero ao mesmo tempo aplaudiron uns orzamentos que reducen nun 11 % os investimentos do Estado en Galicia. E non criticaron que o Goberno de España invista 104 millóns de euros menos en Galicia, pero non lles gustou que o gasto sanitario da Xunta aumentara en 478 millóns de euros. E hai que recordar, señorías, que no orzamento deste ano en sanidade se conta con máis de 150 millóns para contratos de reforzo para novas prazas, para a carreira profesional e para os contratos de continuidade.

A directora xeral de Recursos Humanos contestábanos hai poucas semanas na Comisión 5ª a este mesmo tema, e alí falou desas 17 medidas vinculadas á covid-19, co Plan de continxencia acordado, e da negociación conxunta entre o Sergas e as organizacións sindicais Comisiones Obreiras, CSIF, SATSE —a CIG non estaba—, que asinaron un acordo o 27 de novembro de 2020 con esas 17 medidas pactadas. E, señorías, así foi como se acordou ese Plan de continxencia en materia de recursos humanos para a covid-19. No día de hoxe prorrogáronse todos os contratos que foron necesarios. Tamén se falou das medidas que levan importantes incrementos retributivos, como a carreira profesional, que xa se aboou neste mes de maio, un proceso que se mantivo este ano, a pesar da pandemia, e que supón un investimento de 10 millóns de euros para este ano e doutros 10 para o próximo ano.



Falouse das medidas de estabilización, das OPE anuais, dos concursos específicos e dos concursos de traslados anuais. E onte mesmo o *Diario Oficial de Galicia* publicaba o nomeamento dos aspirantes á última oferta pública de emprego do Sergas. Supoñen un total de 1.474 aspirantes, que se incorporarán a partir de hoxe mesmo ao cadro de persoal fixo do sistema público de saúde galego.

Hai incrementos de prazas nas áreas sanitarias, con máis de 700 creadas en dous anos, o que supón unha mellora tamén nas ratios profesionais das prazas dirixidas a colectivos específicos, como o persoal de médicos especialistas, coas convocatorias das OPE e a entrada en vigor das listas e dos acordos de estabilización; as melloras retributivas recollidas no ámbito da maternidade, co recoñecemento dos complementos de atención continuada e as gardas en situación de adaptación ao posto por embarazo; a creación de novas categorías no sistema de hospitalización a domicilio e de técnico en dietética e nutrición; as prazas MIR, señor Torrado. Están vostedes como para falar das prazas MIR co lío que teñen coa adxudicación desas prazas en Madrid. Temos ese contrato de continuidade, que non lle gusta a vostede, pero que permite unha estabilidade; un contrato laboral de entre un e tres anos, tanto para médicos como para enfermería e que foi aceptado por todos os sindicatos, excepto pola CIG.

Tamén coñecemos hai uns días que as fundacións de investigación biomédica dos centros sanitarios públicos de Galicia e os comités de empresa representantes do persoal acaban de acordar de xeito unánime un convenio colectivo que vai regular o labor dos seus traballadores, con importantes melloras e, ademais, con efectos retroactivos.

Problemas, señorías, hainos, hainos en todos os eidos, pero o importante non son os problemas, o importante é detectalos e resolvelos, e o Goberno do Partido Popular non os esquivou, failles fronte. Sabemos que hai falta de médicos de diferentes especialidades, fundamentalmente da primaria e de pediatría. Por certo, é unha falta que non só atinxe á nosa comunidade, e saben que desde hai anos se está pelexando por resolver.

Pediuse tamén por activa e por pasiva a eliminación da taxa de reposición, pediuse tamén —e aínda hai poucos días o pediu o presidente— formar a máis médicos de familia cun MIR especial para eles.

¿Temos problemas? Continuamente, non o imos negar, pero temos unha consellería que se preocupa e que se ocupa. Xa antes da pandemia se detectaron eses problemas na primaria, buscáronse solucións e traballouse nun plan de atención primaria que foi consensuado cos profesionais da primaria, cos obxectivos pactados por eles, que é o Plan galego 2019-2021, e hai datos: creáronse 45 novas prazas no 2019, 102 no 2020 e 161 prazas para este 2021. En total, señorías, 306 novas prazas en atención primaria e un investimento de 8,6 millóns de euros executados.

Quero recordar tamén ese Plan de saúde mental, unha das prioridades fundamentais para o Sergas, con eses 120 profesionais comprometidos para os anos 2020 e 2021, ou esa Estratexia galega para a atención á cronicidade.



Estes, señorías, son os tremendos recortes dos que vostedes falan; ese retroceso, esa precariedade, ese desprezo e ese maltrato.

Por último, quería falar do punto primeiro da súa PNL, que lle escoitamos falar á directora de Recursos Humanos que este mesmo ano ía iniciarse a renovación tecnolóxica dos sistemas de información de recursos humanos e que a implantación dun novo sistema vai permitir a xestión integrada das prazas dos cadros de persoal, dende a creación ata a amortización da praza, a xestión das solicitudes de cobertura e as súas amortizacións, así como o seguimento da súa cobertura por un profesional, tendo en conta os distintos sistemas de provisión, ben sexan OPE, concursos de traslado, interinidade ou outros. Todos os que estabamos alí o escoitamos. Eu non sei se todos o entendemos, pero claro que ás veces a aposta pola tecnoloxía non lles interesa. Tampouco lles interesaba o Telea, esa plataforma de monitorización do Servizo Galego de Saúde que acaba de ser escollida como unha boa práctica por parte da Comisión Europea na convocatoria anual e que moitos países da nosa contorna se mostraron interesados por ela.

Como lles comentaba ao inicio da miña intervención, vostedes seguen instalados no negacionismo dos feitos, dándolle á roda do catastrofismo, pero a realidade é que hoxe a maior parte dos galegos están satisfeitos coa sanidade que teñen e, como di o refrán, o mundo acaba poñendo a cada un no seu lugar. A bos entendedores, poucas palabras.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Amigo.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Eu primeiro lugar, quero agradecer ao Partido Socialista a súa disposición a votar favorablemente esta proposición non de lei que presenta o Bloque Nacionalista Galego.

E logo quixera dicirlle á deputada do Partido Popular que a verdade é que as aportacións que fixo na súa intervención son de renome. Primeiro, é un detalle recoñecer que lle pagan ao persoal —que lle dean a cantidade que significa pagarlle o salario ao persoal—, tamén que convocan un número de prazas totalmente insuficiente e que crearon 306 prazas en atención primaria. Pero o que non di é cantas están vacantes, porque, claro, dicindo así 306 parece que «es una cosa...». O que non di é cantas quedan vacantes cada ano e que están sen cubrir; é dicir, iso é o que lle esqueceu.

E tamén a verdade é que que veña presumir aquí do convenio acadado polos profesionais das fundacións biomédicas cando levan tres anos pelexando para conseguir ese convenio —que o trouxemos dúas veces a este Parlamento e que vostedes votaron en contra de que o tiveran—, *(Aplausos.)* ¡manda truco!, ¡manda truco na Habana! Porque lle lembro que o



Partido Popular votou dúas veces en contra neste Parlamento á iniciativa traída polo BNG para que acadaran ese convenio, e agora vén presumir de convenio. Bueno, está ben, de algo hai que presumir.

Mire, vostede di que os profesionais están encantados coa política do Partido Popular. Voulle ler un par de cuestións de prensa. Esta é unha carta dun médico do 30 de maio, publicada en prensa, que di: «O meu nome é Álvaro Lamas, son médico de atención primaria no Centro de Saúde da Guarda» —está dirixida ao presidente do Goberno, a Núñez Feixóo—. «Como saberá —porque así llo terían feito chegar— trátase dun centro con oito prazas de medicina de familia e dúas de pediatría. Comentaríalle, imaxino, que ao longo do último ano o número de prazas cubertas de forma continuada foi de en torno a catro, incluso tres ou dous médicos unicamente en diferentes períodos» —pode ir tomando nota do contidos que están algúns profesionais—. «E, efectivamente, afirmou vostede —referíndose ao presidente da Xunta— «que os doentes teñen dereito a que nos absteñamos de reivindicacións laborais. Co debido respecto, debo corrixilo. As pacientes teñen dereito a que nos posicionemos canda elas, do seu lado, exixindo o persoal necesario, os recursos materiais necesarios, para podermos ofrecer uns servizos de calidade». Di máis cousas, e logo di: «A atención primaria asume máis funcións ca nunca, pero con menos persoal».

Tamén lle quero sinalar, señora deputada, titulares de prensa: (*A señora Prado Cores amosa un titular de prensa.*) «Máis da metade dos MIR non queda nos centros de saúde». Dígoo porque, se teñen unha magnífica política sanitaria, desmentirán este titular e dirán que é mentira, que a maioría queren quedar porque están encantados con ese contrato de substitución. Como é tan fantástico, por iso non queda ninguén; só quedan 30 de 70. Digo que deberían, polo menos, miralo, e deberían de analizar por que, de 70, só quedan 30.

Nós demandamos outra política de contratación porque mire os titulares de hai uns días: «Francia busca médicos de primaria: 8.000 euros ao mes, 25-30 pacientes diarios, horario só de mañá de luns a venres». ¡Se se poden facer cousas para que os profesionais queiran traballar no sistema sanitario! É só ofrecerlles unha condicións laborais acordes, porque parece que o que fai aquí o Partido Popular é o único que se pode facer, e non, pódese facer outra política de contratación, outra política laboral, para que os profesionais non se sintan explotados e marchen, fuxan correndo, do sistema sanitario público porque aquí están explotados.

Mire, nós demandamos a contratación pola causalidade do contrato. Outro titular de prensa: «Condenan o Sergas a pagar as fins de semana unha enfermeira eventual que contrataban só de luns a venres». Isto é dunha que foi aos xulgados, pero podían ir miles. Podían ir miles porque esta é a política da contratación do Partido Popular: contratar de luns a venres para non pagarlles a fin de semana, contratalos de 10.00 a 13.00 para non pagar de 8.00 a 10.00 ou de 13.00 a 15.00 porque teoricamente de 8.00 a 10.00 e de 13.00 a 15.00 hai menos demanda asistencial e con que traballen esas «horitas» poden facer o traballo de sete horas. Esa é a política de contratación do Partido Popular.

Ou unha profesional que publica un día: «...67 doentes, 49 de axenda e 18 diso que chaman vostedes intersubstitución, que son 18 pacientes que teñen que atender dos outros profe-



sionais que non están e que teñen que ver para que a xente teña un mínimo de atención. E, seguramente, despois destes 67 —que algunhas veces poden achegarse a 80 e a 90, como teñen denunciado—, aínda teñen que facer prolongación de xornada para que poidan ter asistencia noutros sitios, porque non se cubriron con ningunha substitución de profesionais. E podíamos seguir así indefinidamente.

Por iso, señoras e señores do Partido Popular, eu dicía que a iniciativa que trae aquí o BNG é de mínimos, porque pide rectificar esta política de contratación. Pedimos información e identificación das prazas porque vén o Partido Popular insistindo, como, efectivamente, dixo a directora xeral, en que van poñer en marcha un sistema técnico. ¡Coma se o problema fose técnico! É un problema de vontade política, porque saber identificar cal é a situación laboral é unha decisión política de querer poñer luz e taquígrafos sobre a situación, e o Partido Popular non quere. Por iso, falta persoal e faltan condicións dignas para dar unha asistencia ao conxunto da poboación, para garantir a continuidade asistencial e para que non teñan os doentes un profesional cada día. Insisto, as decisións tomadas polo Partido Popular fixeron que durante a pandemia estivese desatendida a poboación galega; estiveron desatendidos fundamentalmente en atención primaria, e esta política de non substituír...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...de pechar centros de saúde polas tardes e de non abrir os consultorios este verán vai significar — aínda se é posible— peor asistencia sanitaria para os galegos e galegas, así de claro. Por iso, se tiveran un pouco de decencia, votarían a favor desta iniciativa, que, insisto, é de mínimos.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central de atención ás alegacións presentadas pola Xunta de Galicia respecto do proxecto de orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular, unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:*





1º) Solicitalle ao Goberno do Estado que:

a) Continúe reformando un sistema herdado do PP que encareceu sistematicamente a factura eléctrica, incidindo nos conceptos fixos sobre os que ten competencia o Estado, co fin de abaratar o custe dunha tarifa que debe ser máis simple e adaptada o consumo real.

b) Continúe primando o autoconsumo e o despregue, penetración e integración das enerxías renovables que abaratan a tarifa eléctrica e actúan contra o cambio climático.

c) Impulsar a Estratexia Nacional contra a pobreza enerxética 2019- 2024, revisando as categorías de consumidor vulnerable establecidas, de acordo cos novos indicadores de pobreza enerxética, reforzando e ampliando medidas como o recentemente creado bono social térmico e a ampliación do bono social eléctrico, así como actuacións extraordinarias para amortecer o impacto da covid-19, especialmente nos consumidores vulnerables, como son a prohibición do corte de subministracións, a prórroga automática do bono social eléctrico, a conxelación dos prezos máximos da bombona de butano e da Tarifa de Último Recurso de gas natural ou a ampliación do dereito a bono social para traballadores autónomos que cesen a súa actividade ou vexan reducida a súa facturación pola covid-19.

d) Impulsar a introdución de novos actores no mercado eléctrico, diversificando e favorecendo a aparición de máis empresas na xeración, produción e oferta de servizos enerxéticos como un elemento chave para a transición cara a un modelo máis eficiente e renovable.

e) Impulse o Proxecto de lei do Fondo Nacional de Sustentabilidade do Sistema Eléctrico e o Anteprojecto de lei de minoración de CO<sub>2</sub> que supoñerán, coa súa posta en marcha, unha redución de ata un 15 % da factura eléctrica en consumidores domésticos e industriais.

2º) Establecer novos mecanismos e campañas de asesoramento en apoio dos consumidores ante a implantación da nova factura eléctrica e a aparición de posibles casos de fraude e abuso por parte dalgunhas comercializadoras de enerxía eléctrica en Galicia, segundo as competencias en materia de defensa do consumidor e o usuario que ten Galicia establecidas no artigo 30.I.4 do noso Estatuto de autonomía.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de substitución.*

*Substituír o texto do punto 1 polo seguinte:*

«1. Dirixirse ao goberno central e demandar a retirada do Proxecto de orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021 para abrir un novo proceso que permita acometer con garantías, técnicas, sanitarias e económicas os cambios que nela se propoñen e se deben incluír, restituíndo temporalmente a situación previa».



*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto 2 bis co seguinte texto:*

*«2 bis. Reconsiderar repartición de custos e peaxes, singularmente na tarifa 2.o TD de forma que o impacto nos consumidores domésticos con consumos térmicos a base de efecto joule, explotacións gandeiras e sectores como a hostalaría ou as PEMES non sufran o impacto que o actual deseño tería».*

*Emenda de supresión.*

*Suprimir o punto 4.*

*Emenda de adición.*

*Engadir dous novos puntos, que serían o 6 e o 7 co seguinte texto:*

*«6. Solicitar que no marco das modificacións do cálculo dos cargos do sistema eléctrico o goberno central acompañe o proceso da reconsideración dos impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a revisión do tipo aplicado no imposto de valor engadido.*

*7. O Parlamento de Galiza insta a Xunta a elaborar, ao abeiro das súas competencias, un estudo propio sobre o previsible incremento da factura da luz para determinados sectores económicos fundamentais para Galiza (consumidores domésticos, agrogandeiro, hostaleiro e PEMES) por mor das peaxes aprobadas na circular 3/2020 da CNMC e polo proxecto de cargos do sistema que elabora o goberno central. Con dito estudo a Xunta de Galiza dará soporte argumental a aquelas accións necesarias para que o proxecto de orde sexa corrixido».)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:*

*«O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as medidas necesarias dirixidas a reducir o impacto negativo da nova tarifa eléctrica na economía das familias e na competitividade das empresas a través do impulso, como mínimo, medidas:*

*1º.- Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, así como da supresión do gravame do imposto sobre a produción de electricidade.*

*2º.- Traspasar aos Orzamentos Xerais do Estado algúns dos custos regulados da tarifa eléctrica, a débeda do sistema eléctrico e os custos extrapeninsulares.*



3º.- *Revisar a tributación que soporta a factura eléctrica e impulsar unha reforma fiscal que harmonice fiscalidade que esta factura soporta en España cos gravames medios dos países do noso entorno.*

4º.- *Co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo, conceder máis peso específico ao termo de enerxía que o de potencia.*

5º.- *Simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión, e poñer en marcha de inmediato unha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisións e permita un consumo máis eficiente para evitar o encarecemento da subministración eléctrica.*

6º.- *Ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor (PVPC) ata potencias iguais ou inferiores a 15 kW para o consumidor doméstico, coa fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Hoxe, que neste pleno se falou moito de Ourense, quero, como ourensá, aproveitar para felicitar o alcalde socialista de Verín pola consecución da súa filla no posto de traballadora social, despois de superar un duro exame: ¡38 preguntas!... (*Murmurios.*) Fixo correctamente as 38 preguntas, cando o seu inmediato competidor tan só foi capaz de sacar 15. Pero tamén aproveito para felicitar o BNG, que leva a área social no Concello de Verín, e que dende agora terá unha traballadora social amiga alí para facelo moito mellor.

Miren, señores e señoras, o Grupo Parlamentario Popular trae hoxe aquí unha proposición non de lei de rabiosa actualidade e nada oportunista sobre o cambio do sistema de tarifas de luz por parte do Goberno central que nos afecta a meirande parte dos consumidores españois. Unha iniciativa que emendamos porque a orixinal xa foi debatida e aprobada aquí no mes de abril e xa advertía do problema que habería no incremento do prezo da luz nas horas que máis consumo hai.

Desgraciadamente, señorías, esta suba da luz indiscriminada afecta todos os españois, incluídos os que votaron a un goberno social, progresista. Porque non olvidemos que esta subida do prezo da electricidade se produce baixo un goberno inclusivo, posmoderno, resiliente e con perspectiva de xénero, polo que moitos e moitas pagarán esta subida da luz moito máis a gusto e moito menos indignados que cun goberno de dereitas; iso si, totalmente agraecidos, señores do BNG e do PSdeG ao goberno máis social e progresista da historia, que leva no seu lombo o prezo da luz máis alto da historia. A realidade é que pechamos o mes de maio co prezo da luz máis elevado dos últimos 32 meses, cunha subida interanual dun 45,4 % para un usuario medio, que se traduce nunha factura mensual de máis de 86, euros, case 30



euros máis cara que no mesmo mes do ano anterior. Como comprenderán, unha subida inasumible pola meirande parte das familias, que hoxe, nun contexto de crise provocada pola pandemia da covid-19, ven con dificultade como chegar á fin de mes.

Hai pouco máis de tres anos, cando a luz subía un 4 %, os actuais gobernantes —daquela na oposición— poñían o grito no ceo. No ano 2017 viamos como o BNG e o PSdeG enchían o rexistro deste Parlamento con iniciativas sobre o prezo da luz ou a pobreza enerxética, que, por certo, agora parece que é un tema solucionado. Sorprende que nun contexto de subida da luz dun 45 % —máis o que nos espera, por este cambio de tarifas— as manifestacións dos grupos da oposición en Galicia sexan pola implantación de enerxía renovable da nosa comunidade e non para defender o dereito de todos e todas a ter un prezo da luz razoable.

Ben, pois sumado a este prezo da luz ascendente que levamos sufrindo xa varios meses, aparece a fabulosa idea do Goberno central de cambiar o sistema de tarifas de electricidade; unha decisión política que vén imposta pola ideoloxía recadatoria dun goberno que coloca o prezo punta da luz no momento de maior consumo diario de enerxía, e só cun único afán, o recadatorio. Un tarifazo eléctrico, señorías, que afecta 29 millóns de consumidores españois, subindo o prezo da luz no momento de maior consumo. Como ven, *(A señora Nóvoa Iglesias amosa unha gráfica.)* teñen aquí a gráfica de consumo de enerxía do noso país. Nela vese que o maior consumo se produce nos tramos horarios de 10.00 a 14.00 da tarde e outra vez pola tarde de 18.00 a 22.00 da noite; oito horas de prezo punta, que é máis do dobre que no prezo «valle», e que, obviamente, non se compensa cambiando os hábitos de consumo, o que demostra, señorías, o único afán desta proposta, o afán recadatorio e abrasar a todos os españois.

Dende o pasado 1 de xuño dinnos que hai que lavar, planchar e cociñar de noite para lograr que a factura quede como estaba, pero é que isto tamén é falso, porque saben que, ademais de imposible de facer, hai unha alta porcentaxe de consumo continuo na nosa tarifa e que, polo tanto, non se vai poder compensar.

Os que avogan polo teletraballo soben a luz polo día, que é cando se traballa; os que din ser defensores das pequenas empresas lles poñen aos hostaleiros, perruqueiros ou talleres a luz ao triplo de coste nas horas que teñen abertos os seus negocios; os que defenden o rural, pretenden que, por exemplo, se ordeñen as vacas de noite, non cando toca; ou aos que por necesidade médica teñen que estar conectados todo o día a unha máquina lles soben a luz de forma desorbitada; e aos que defenden a electrificación da economía e acaban de aprobar unha lei de cambio climático nos soben a luz —insisto— nas horas de maior consumo; consumo da enerxía por necesidade e non por gusto, señorías. *(Aplausos.)* E o peor, o peor de todo, é ter que escoitar que o problema é de quen plancha, ou que a suba da factura será de só «uns euriños», declaracións de dúas vicepresidentas que, se non fose polo drama que viven algunhas familias, poderían resultar graciosas.

O problema, señorías, é que milleiros de españois viron mermados os seus ingresos a raíz dunha crise, están en ERTE ou sen traballo e teñen un goberno que os abrasa a impostos, que acaba de subir a luz e que xa avisa de que o diésel subirá en breve, todo para manter un gasto público desorbitado a custa do español que traballa, das familias, dos autónomos e das microempresas.



Por iso, este grupo, visto que este goberno vai por libre, vese na obriga de traer unha iniciativa de forma que obligue o Goberno central a rebaixar o prezo da luz de forma inminente.

Por iso, antes de comezar, gustárame mostrarlles un gráfico para que vexan como está composta a nosa factura da luz. *(A señora Nóvoa Iglesias amosa un gráfico.)* Neste gráfico ven, nunha factura de 100 euros, como temos un 1,14 euros en concepto de peaxes, uns 37,48 euros tan só de enerxía e uns 21,38 euros de impostos.

Ben, nos nosos puntos da emenda 1 e 3 pedimos que se revisen os tramos da factura e se suprima o imposto de electricidade, e tamén que a fiscalidade sexa revisada en consonancia cos países europeos do noso contorno. Como saberán, a parte impositiva da factura da luz é unha das máis elevadas de Europa. Pois ben, a nosa proposta é eliminar o imposto do 5,1 % á xeración eléctrica, que grava a potencia e a enerxía consumida; supresión, como xa se fixo por un tempo, que se traduciría nunha rebaixa do prezo da luz, ademais de situar no mesmo rango de competitividade, por exemplo, a España con Portugal, que, como saberán, comparten mercado de electricidade. É dicir, o custo da enerxía é o mesmo en España e en Portugal —85 euros megavatio/hora, por exemplo, onte—, pero cun prezo, ao final, ao consumidor moito menor, grazas a unha menor fiscalidade e a que non teñen este imposto de electricidade e grazas tamén a que non teñen todos eses custos varios regulados.

En canto á fiscalidade, o IVE da enerxía que grava toda a factura eléctrica en España é dos máis elevados de Europa. Portugal ten entre un 13 % e un 23 % —un 13 % para a maioría dos consumidores—; Italia, un 10 %; Grecia, un 6 %; e Francia, entre un 5,5 % e un 20 %, dependendo do consumidor.

Por iso propoñemos revisar e harmonizar —iso si, á baixa—, na liña cos países europeos do noso contorno, a fiscalidade da enerxía, porque si que se pode actuar no IVE, señores do PSdeG, señor Francisco Rivera, e así o confirmou a Unión Europea, que, evidentemente, si que rebaixa a factura do consumidor. O colmo é xa que os integrantes de Podemos —antes na oposición e agora no Goberno— digan que a baixada do IVE non garante a rebaixa da factura, cando o pedían constantemente cando estaban na oposición.

E, señores do PSdeG, xa lles digo, xa lles adianto, que se veñen aquí dicir que non se poden manter os servizos sociais, eu o que lles digo é que utilicen a suba de recadación de impostos de emisións de CO<sub>2</sub> que o Goberno central vai recadar este ano 2021 —que son 2.200 millóns de euros e que é máis do dobre que os anos anteriores—, que se poderían adicar a compensar a baixada da fiscalidade na factura eléctrica. Porque, señorías, unha transición enerxética desordenada e sen planificación como está a levar a cabo o seu Goberno de Madrid non pode provocar abrasar os consumidores. Se o prezo da luz sobe polo custo de CO<sub>2</sub>, o Goberno pode compensar os consumidores na parte impositiva da luz porque recada máis vía imposto de CO<sub>2</sub>.

Sobre os custos, os extracustos, dos que falaba antes, que temos na nosa factura —uns 41,4 euros nunha factura de 100 euros, un caixón de xastre—, o que propoñemos é traspasar unha boa parte destes custos aos presupostos xerais do Estado, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o que provocaría tamén un descenso notable no importe da luz, pois os





custos extrapeninsulares de enerxía deberían estar financiados polos orzamentos estatais e non polos consumidores; o mesmo que os erros anteriores na planificación enerxética, o coñecido «déficit de tarifa» xerado no Goberno de Zapatero, todo un despropósito de débeda de 30.000 millóns de euros, que tamén pagamos os consumidores na nosa factura e que será un erro, señorías, como vostedes pretenden, traspasar ao Fondo de Compensación do Sistema Eléctrico que prepara o Goberno, porque só vai conseguir desviar subidas de prezos aos carburantes ou ao gas, que xa son moi elevados.

En canto á proposta de simplificar a factura, vai ser máis necesario ca nunca, porque se xa lles parecía complexa a actual, prepárense para o que se avestiña, porque si, traerá moita máis información a factura, pero unha persoa normal terá que facer un máster para poder comprendela.

Vostedes, que suelen solicitar constantemente información sobre os cambios ou medidas, entendo que botarían en falta campañas informativas, porque nada se soubo de como ía ser isto ata o mesmo día en que se implantaron as novas tarifas. A información veu grazas ás campañas voluntariosas dos medios de comunicación, porque, por parte do Goberno, cero información.

E o colmo xa é que, retomando a importancia nun contexto de crise como o actual e tendo que protexer os máis necesitados, poidan quedar fóra do bono social eléctrico debido a este cambio de sistema de tarificación eléctrica, xa que, por ter que incrementar a súa potencia nos momentos máis baratos para poder poñer varios electrodomésticos á vez, poidan pasar dos 10 quilovatios/hora e así poidan quedar sen bono social, que ten nesa potencia o seu límite.

A redución diaria de oito horas no «período valle» non se compensa con establecer como «valle» as fins de semana, porque o consumo se realiza maioritariamente durante a semana, e, sobre todo, os equipos adaptados á discriminación horaria, como son os de calefacción, non poden acumular en fin de semana para toda a semana —e hoxe estamos a piques de entrar no verán, pero veremos o que pasa cando veña o inverno e todos acendamos a calefacción—.

En aras de potenciar o autoconsumo, debería ter máis peso específico a parte de enerxía que a de potencia, para así amortizar de forma máis rápida o investimento nas instalacións de autoconsumo. Ese é o punto catro da nosa emenda.

E remato. Agardo o seu voto favorable, porque, se non, de novo, o que demostrarán aquí tanto o Bloque Nacionalista Galego como o PSdeG é o servilismo a Madrid; iso si, cando lles interesa; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o que lles interesa e cando lles interesa. E o que ocorre é que teñen unha desconexión total da realidade da vida dos consumidores, tanto na súa forma de vida como nos problemas económicos que hoxe están a padecer, nun lamentable contexto de crise económica. Por iso, agardo o voto favorable do PSdeG e do BNG á nosa iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Nóvoa.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

De verdade que o mínimo que se pide cando se fala dunha persoa, como vostedes falan da filla do alcalde de Verín, é que teñan a información axeitada e non fagan acusacións en van, e menos por parte —que o vin anteriormente— dunha persoa que se estivo laiando moito tempo dun proceso xudicial cando saían certas gravacións falando de regalos que daba unha empresa. E agora fala dunha praza, que non é unha oposición; é unha praza de seis meses, cun proceso que está paralizado, precisamente, e cunha comisión formada por todos os sindicatos do Concello, que van avaliar se ese proceso foi legal, señora Nóvoa. Non ría; primeiro infórmese e logo faga acusacións. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Gustaríanos vir aquí debater con seriedade sobre as reformas que necesita o sistema eléctrico, sobre como implementar medidas a nivel autonómico para promover o autoconsumo en certas actividades económicas, como son as explotacións gandeiras, pero o único obxectivo do Partido Popular é, unha vez máis, buscar como confrontar co Goberno socialista de Pedro Sánchez, aínda que os problemas actuais da factura da luz proveñan, como todos sabemos, esencialmente dos prezos da enerxía no mercado, non do modelo da factura.

Todo vén derivado dunhas regulacións do anterior Goberno de Mariano Rajoy no Estado, que non se preocupou nunca, absolutamente nunca, por levar a cabo modificacións na regulación que abaratasen a factura eléctrica, nin moito menos que protexesen os colectivos máis vulnerables. Só hai que recordar no 2013 a introdución do imposto do 7 % á produción eléctrica introducido polo seu ministro Nadal e que agora, cunha desfachatez terrible, votades piden eliminar nesta iniciativa.

Non entendemos como o Partido Popular, co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo, solicita que se conceda máis peso específico ao termo de enerxía que ao de potencia, cando este é, precisamente, un dos motivos da nova factura eléctrica, que é darlle máis peso específico ao termo de enerxía —que é variable— que ao de potencia —que é fixo—, nunha proporción do 75 % ao 25 %, e corrixindo xustamente o que fixera o seu goberno, señora Nóvoa. Pero, unha vez máis, o Partido Popular pide na oposición xusto o contrario do que facía no Goberno.

Cando piden ampliar o dereito de poder acollerse o pequeno consumidor ao prezo voluntario, ata potencias iguais ou inferiores a 15 quilovatios para o consumidor doméstico, entendemos que, ideoloxicamente, un pequeno consumidor para o Partido Popular é alguén que poida ter contratados 15 quilovatios de potencia. Pero, fíxense vostedes, unha vivenda dúplex de 250 metros cadrados, con todos os electrodomésticos eléctricos, calefacción, auga quente e cociña ten suficiente con 9,2 quilovatios. Para necesitar 15 quilovatios hai que posuír un casoplón, cunha piscina calefactada, algo que de pequeno consumidor ten máis ben pouco.



Quizais esta solicitude está pensada, señora Nóvoa, para ese sector dos «Cayetanos» que tanto peso ten no seu partido. *(Aplausos.)*

O máis curioso de todo isto é que a nova tarifa só afecta os que desexan acollerse ao prezo voluntario, ao pequeno consumidor; un sistema ao que están acollidos actualmente uns 11 millóns de usuarios, quedando fóra deste sistema uns 18 millóns, que están nunha modalidade de tarifa plana que ten multitude de operadores. É dicir, están afectados o 38 % dos 29 millóns de consumidores domésticos deste país, que, se nalgún caso cren que este sistema non os beneficia, sempre poden optar por unha tarifa plana.

Ademais, cando falamos da variación da tarifa, hai que dicir que esta supón o 30 % do total da factura eléctrica, xa que o resto do prezo depende do mercado e tamén da parte impositiva.

Señores do Partido Popular, vostedes saben que esta modificación vén determinada polas exixencias das directivas do Parlamento Europeo e do Consello Europeo, polo cal se fixo este decreto que establece a división de competencias entre a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e o Goberno de España. Nesta repartición, á Comisión correspóndelle regular a parte das peaxes —é dicir, as partes reguladas de transporte e distribución de enerxía eléctrica— e ao Goberno, regular os cargos —é dicir, os custos asociados ás políticas enerxéticas—, como son as primas ás renovables, o custo nos territorios non peninsulares, a coxeración e residuos e o déficit de exercicios pasados.

Resulta tamén importante resaltar que a parte non regulada, é dicir, o custo da enerxía, se regula polo propio mercado; non a establece o Goberno —nin este, nin a establecía o anterior— nin se soluciona tampouco cunha empresa pública galega. A isto hai que sumarlle a parte impositiva.

¿Que se pretende coa nova factura? Pois, fundamentalmente, incentivar o traslado do consumo eléctrico dende horas de máxima demanda, chamadas «horas punta», nas que as redes de distribución e transporte están saturadas, a outras «valle» nas que non o están. Isto por vía de tres tramos horarios: «valle, llano e punta». E tamén se establece por primeira vez a capacidade de contratar dúas potencias diferentes en período «valle e punta», para facilitar un abaratamento da factura para as necesidades de potencia máis elevadas en período «valle».

Con estas modificacións conséguese que o peso da enerxía que consumimos teña máis peso que a parte fixa da factura, promovendo tamén o autoconsumo, que pode ser esencial para reducir o consumo en certas actividades económicas.

A nova tarifa vén acompañada de maior información para o consumidor —a vostede parécelle unha broma isto—, xa que informará da potencia real demandada sobre o consumo en cada un dos tres períodos dos derradeiros 14 meses, e tamén se inclúe un código QR para acceder de forma sinxela a un comparador de ofertas de enerxía —jo mesmiño que facían vostedes, señora Nóvoa!—. Con este novo formato o consumidor pode axustar a potencia, acompañar os consumos nos diferentes períodos e acceder a posibles novas ofertas. ¡Xusto o mesmo que facía o Partido Popular!



A nova factura é unha oportunidade para os consumidores que desexen ser máis eficientes e mellorar o seu gasto enerxético. Este novo sistema supón un descenso do 2,7 do custo regulado.

Segundo moitas revistas especializadas e empresas do sector, nos vindeiros anos o custo da enerxía eléctrica no mercado maiorista será inferior ao de países como Francia e Alemaña, derivado das medidas que está a levar a cabo o Goberno actual, aínda que agora esteamos pasando un momento fatal polos custos do CO<sub>2</sub> e por un posible abuso das empresas do sector, que se pediu que fose investigado polo regulador ante as novas medidas do Goberno, que quere actuar contra os privilexios das enerxéticas con iso que chaman «beneficios caídos do ceo», que poden supoñer máis de mil millóns para as compañías enerxéticas e que se busca que afecten as facturas dos usuarios.

O Goberno está traballando en novas medidas para a redución da factura. A suma do Proxecto de lei do Fondo nacional de sustentabilidade do sistema eléctrico e do Anteproxecto de lei de minoración do CO<sub>2</sub> suporá, coa súa posta en marcha, unha redución de ata un 15 % da factura eléctrica en consumidores domésticos e industriais, e, como dicía antes, o Goberno xa iniciou a tramitación deste anteproxecto de lei para compartir o beneficio do custo do CO<sub>2</sub> entre todos os consumidores e reducir así a factura.

A xeración de enerxía eléctrica nas centrais non emisoras de CO<sub>2</sub> xera menos custos debido a que non teñen que internalizar o prezo do CO<sub>2</sub>. Con todo, o funcionamento do mercado fai que sexan retribuídas ao prezo da última tecnoloxía que entra no sistema, que adoita ser o gas, que si leva incorporado o prezo do CO<sub>2</sub>. Este diferencial recíbeno as non emisoras, obtendo este «beneficio caído do ceo». Esta norma fará que se reduza este beneficio e que se reparta entre todos os consumidores. Estímase que a medida provocará un descenso do prezo da factura eléctrica de arredor dun 4,8 % para os consumidores domésticos e dun 1,5 % para a gran industria.

O obxectivo da proposta é que unha parte do dividendo do carbono poida beneficiar todos os consumidores, reducindo o custo da transición enerxética. Este mecanismo, compatible co marco normativo nacional e comunitario, favorecerá a descarbonización ao fomentar a electrificación da economía grazas ao descenso do prezo da factura, e contribuirá a protexer os colectivos máis vulnerables.

Tamén aprobou o Consello de Ministros a remisión ao Congreso do Proxecto de lei de creación do Fondo Nacional para a Sustentabilidade do Sistema Eléctrico, unha medida coa que o Goberno pretende seguir avanzando na implantación das enerxías renovables no noso país, equilibrando o sistema e contribuíndo a reducir tamén a factura da luz para consumidores e empresas. Calcúlase que, cando estea plenamente operativo, dentro de cinco anos, permitirá reducir un 13 % a factura. Ao longo de todo este tempo de goberno —que vostede fala coma se non se fixera nada—, tamén se desenvolveron medidas para protexer os consumidores máis vulnerables. Gustaríame saber que fixeron vostedes na crise de 2009, señora Nóvoa, máis que triplicar o prezo da electricidade sen mirar os máis vulnerables.

Este goberno creou o bono social térmico, a ampliación do bono social eléctrico, así como actuacións extraordinarias para amortecer o impacto da covid-19, especialmente nos con-



sumidores vulnerables, a prohibición de cortes e subministracións, a prórroga automática do bono social eléctrico, a conxelación dos prezos máximos da bombona de butano e da tarifa de último recurso do gas natural, ou a ampliación do dereito do bono social para traballadores autónomos que cesen a súa actividade ou vexan reducida a súa facturación pola covid-19. Isto é facer política social, señora Nóvoa.

Dende o Grupo Socialista, pedímoslle ao Goberno galego que estableza novos mecanismos e campañas de asesoramento en apoio dos consumidores coa implantación da nova factura eléctrica ante a aparición de posibles casos de fraude e abuso por parte dalgúns comercializadoras de enerxía eléctrica en Galicia, segundo as competencias en materia de defensa do consumidor e usuario que ten Galicia establecidas no artigo 30 do noso Estatuto de autonomía; que lle solicite ao Goberno do Estado continuar reformando un sistema herdado do Partido Popular que encareceu sistematicamente a factura eléctrica, incidindo nos conceptos fixos —sobre os que ten competencia o Estado— co fin de abaratar o custo dunha tarifa que debe ser máis simple e adaptada ao consumo real; continuar primando o autoconsumo e a despregadura, penetración e integración das enerxías renovables que abaratan a tarifa eléctrica e actúan contra o cambio climático; impulsar a Estratexia nacional contra a pobreza enerxética 2019-2024, revisando a categoría de consumidor vulnerable establecida de acordo cos novos indicadores de pobreza enerxética —reforzando e ampliando as medidas antes enumeradas—; impulsar a introdución de novos actores no mercado eléctrico, diversificando e favorecendo a aparición de máis empresas na xeración, produción e oferta de servizos enerxéticos como un elemento chave para a transición cara a un modelo máis eficiente e renovable; e, por último, impulsar o Proxecto de lei do fondo nacional de sustentabilidade do sistema eléctrico e o Anteprojecto de lei de minoración de CO<sub>2</sub>, que suporán, coa súa posta en marcha, unha redución de ata un 15 % na factura eléctrica...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SECO GARCÍA:** ...en consumidores domésticos e industriais.

A isto é ao que está o Goberno, mentres vostedes están única e exclusivamente a confrontar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Seco.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Noa Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, eu, escoitándoa a vostede, pensaba naquilo que din as e os xornalistas de que o lector non ten memoria. Porque vostede veu aquí e fixo unha escenificación que parece que o Partido Popular acaba de nacer no planeta, que nunca xamais gobernou, que non go-





bernaron en época de crise económica, que non deseñaron as dúas lexislacións estatais do sector eléctrico que tivo o Estado español e incluso parece que cando gobernaba o Partido Popular tres cuartos da factura non eran impostos. Debían de ser unicornios, señora Nóvoa. (*Aplausos.*) De verdade que o lector non ten memoria, e as e os deputados do Partido Popular pois ás veces non se sabe moi ben se teñen escrúpulos, porque, de verdade... Logo acusan os demais de lavar as mans.

Vostede veu aquí facer un exercicio de amnesia colectiva, incluso olvidando que esta iniciativa xa a levaron vostedes á Comisión e que presentamos, ademais, unha emenda para melloralala desde o Bloque Nacionalista Galego —porque cando a levaron á Comisión xa era extemporánea e xa era insuficiente—. Rexeitaron a emenda do BNG, non quixeron tan sequera negociar o máis mínimo, e, aínda así, apoiamos a súa iniciativa. Vostede veu aquí dramatizando como que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nesta cuestión non estaba nin se esperaba, e que nin presentaba iniciativas respecto do prezo da electricidade. ¡Menos mal que hai aproximadamente 50 minutos estabamos debatendo unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego respecto do prezo da electricidade! (*Aplausos.*) Porque quen a escoite illadamente pois, desde logo, terá unha composición diferente da realidade. Pero, nada, vostedes teñen maioría absoluta e vostedes deciden o que é a realidade, o que é a verdade, e suponse que os demais temos que calar. Pero, en fin, permítanme matizar algunha das cuestións.

Aquí o problema de fondo —e quizais por iso vostede veu tan chea de razón— é que, como xa dixen no debate anterior, a política enerxética do Partido Popular e do Partido Socialista no Estado é exactamente a mesma e que os problemas que derivan dela son os mesmos. Agora, ¿que pasa? Que vostedes están na oposición contra o Goberno do Estado e que, polo tanto, teñen que empregar este Parlamento non para falar doutras cuestións, senón para intentar lanzar iniciativas a ver se así fan oposición ao señor Sánchez.

Pois naqueles puntos nos que coincidamos nós imos votar con vostedes, non se preocupen. Pero hai varias cuestións sobre este asunto que hai que poñer enriba da mesa, porque, ao final, o que vén vostede expoñer aquí tan vehementemente parece unha cousa e o que di a súa iniciativa é outra. Porque, ao final, na súa autoemenda, claro, como non lles deben deixar demandar unha rebaixa concreta do IVE, veñen dicir xeneralidades e din «revisar». E así, bueno, pois todo son declaracións de intencións buenistas, porque, ao final, saben vostedes que, se estivesen gobernando, farían o mesmo. Polo tanto, mire, o de sorber e soprar non pode ser.

En todo caso, sobre a iniciativa concreta, evidentemente, temos un problema co prezo da enerxía que deberíamos tomar en serio desde este Parlamento. E hai un problema: as medidas que non toma o Goberno central e as medidas que está tomando e que, efectivamente, están causando un problema importante no noso país. Hai factores —xa o dixen antes— como esa evolución do prezo do CO<sub>2</sub>, que xa é unha cuestión estable, un problema recorrente e que, polo tanto, non se pode esperar a que se solucionen por arte de maxia. Estamos vendo que fundamentalmente isto está acontecendo porque son as grandes eléctricas as que están deseñando ese marco de transición enerxética, que non está sendo nin xusto nin transición nin nada polo estilo. E agora, por riba, aínda queren empregar os fondos de resiliencia para enriquecer as súas arcas.



Pois, diante desta cuestión, nós insistimos en que habería que ir a unha reforma grande e complexa do sistema de tarificación que hai no Estado español. Evidentemente, hai tecnoloxías que xa teñen amortizados os seus custos de produción e que, polo tanto, terían que estar con base nos custos recoñecidos da CNMC, pero que non pase como agora, que son as tecnoloxías máis caras das que inflúen no prezo de fixación da tarifa. E así ocorre con moitas outras cuestións nas que habería que intervir.

Evidentemente, nese sentido, nós apelamos unha vez máis a que se sumen a esas voces que cada vez máis reclaman desde este país que, como produtores, loxicamente, deberíamos ter algún tipo de compensación, porque somos nós quen temos o impacto social e ambiental. Polo tanto, señora Nóvoa, lean a Laxe, lean tamén os «opinólogos» de *La Voz de Galicia* e a ver se así se lles contaxia un pouco. Porque ultimamente están vostedes tan entusiasmados con isto da oposición ao Goberno central que eu non perdo a esperanza. A verdade é que, cando vexo a súa autoemenda, son consciente de que non deixa de ser un «facer que fan», pero no fondo seguimos tendo algo de esperanza desde o Bloque Nacionalista Galego de que nalgún momento, máis alá da escenificación, se lles vaia un pouco das mans e se poñan de verdade a defender os intereses deste país.

Efectivamente, esta reforma para nós non é positiva, nin é positiva para Galiza nin para as maiorías sociais, porque como concepto podería a priori partir dunha boa intención, pero na concreción ten importantes sectores da nosa sociedade damnificados. Ademais, o enfoque é alucinante, porque, en lugar de ir a por unha maior eficiencia enerxética, non se interesa en que haxa menor consumo, senón en que se consuma a outras horas. O mercado manda e o consumidor pequeno ten que adaptarse.

Pero a cuestión é que na aplicación hai uns danos colaterais que non nos podemos permitir como país —e menos nun momento de crise económica—. Por unha banda, é o caso do consumo doméstico, singularmente daqueles que anteriormente estaban adheridos ao que se coñecía como «discriminación horaria». Falamos de fogares que teñen calefacción, auga quente e cociñas eléctricas —en Galiza hai máis de medio millón—, que van ter que ver como a súa factura supera máis dun 30 % o total. Non é que esta xente teña casoplóns, senón que teñen a súa economía doméstica acomodada a un sistema tarifario que estaba consolidado e que agora muda. É o caso tamén do impacto en determinadas actividades, como as explotacións agrogandeiras, que é unha das actividades que ten forte implantación no noso país e nas que sabemos que os momentos de alto consumo enerxético coinciden cos períodos máis caros. Eu non sei, efectivamente, se a señora Teresa Ribera ten tamén idea de cales son os horarios mellores para muxir as vacas, pero, desde logo, creo que non falou cos gandeiros deste país á hora de facer este deseño, que terá un incremento de máis dun 40 %. En Galiza —creo recordar— existen máis de dez mil explotacións que van ser afectadas por estes cambios. De igual forma vemos sectores altamente damnificados pola covid sobre os que non deixa de ser irónico que, por unha banda, se fale de intentar reducir o IVE de determinadas actividades económicas e que, por outra banda, se aplique este tarifazo a estes sectores, como moitas pemes —singularmente, a hostalaría— que van estar damnificadas.

Por iso desde o BNG insistimos en que esta é unha mala orde e en que, ademais, foi un procedemento atrapallado —xa se demorou pola irrupción da pandemia, pero despois, malia



que continuaba a pandemia, continuou o proceso e sen un trámite suficiente—. Polo tanto, coincidimos en que habería que revisalo e en que, se é unha mala orde en xeral, para Galiza, polo peso destes sectores, máis aínda. E tamén o é pola situación industrial, porque estamos vendo como o resultado dese estatuto electrointensivo, evidentemente, foi un fiasco. Non se tiveron en conta as demandas que se mandaban desde Galiza e, desde logo, agora prevese un incremento —hoxe mesmo sae na prensa a industria deste país— dun 40 %. Polo tanto, imos a un disparate. E o disparate maior é que un país especialista en produción de enerxía eléctrica agora vai ver como todo son sobrecustos nas pemes, nos consumidores domésticos, no sector primario e no sector industrial. E, desde logo, isto é insoportable.

Polo tanto, nós compartimos o fondo, con independencia da incoherencia intrínseca do Partido Popular e con independencia tamén da vehemencia en determinados argumentos exaxerados que solapan outras cuestións que se queren eludir do debate. Pero, desde logo, insistimos en que a alternativa que se presente ten que ser seria. Por iso entendemos que sería mellor aceptar a nosa emenda, que se abra un novo proceso para estas tarifas, que haxa un cambio máis global, que nese sentido se avance nas tecnoloxías que deben ser retiradas do cómputo da factura, que se avance na cuestión do IVE —cara a un IVE superreducido— e que se elimine ese imposto especial da electricidade e se eliminen os aspectos máis lesivos da nosa tarifa. Pero tamén —non enganamos— entendemos que a longo prazo hai que facer valer a posición deste país e que non estaría de máis que nos sentáramos a dar un debate racional en dous sentidos. Por unha banda, é necesario apostar polo control público do sector enerxético. Aquí ninguén dixo que a creación dunha empresa pública rebaixe por arte de maxia os prezos da factura, pero si que axuda a intervir no mercado, si que axuda a planificar e si que axuda a evitar esas prácticas fraudulentas —que, por certo, o Goberno central non quere investigar a través dos reguladores— que fan que se inflen os prezos da enerxía. A iso si que axudaría. E, por outra banda —como xa insistíamos no comezo do debate—, non deixa de ser dramático que este país, que xera tanta enerxía eléctrica, non se poida permitir pagar a factura á fin de mes.

Polo tanto, estas son as cuestións que queríamos poñer enriba da mesa, porque, con independencia do proceso de amnesia selectiva que practican uns e outros, este é, desde logo, un tema que para o BNG é un tema de país. E non deixaremos de insistir ata que cada vez máis persoas e máis axentes políticos e sociais sexan conscientes de que deberíamos aproveitar as oportunidades que nos dá a nosa posición estratéxica en lugar de simplemente esperar a que gobernen uns e outros para empregar esta cuestión como ariete social e en lugar de intentar buscar unha solución a medio e a longo prazo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.



Boas tardes de novo, señorías.

Señora Presas, a amnesia é a súa, porque neste Pleno, na pasada lexislatura, viviamos case en cada comisión unha iniciativa de pobreza enerxética. ¡Para amnesia, a súa! Non veña aquí disfrazada de cordeiro, porque, a verdade, a realidade, é que vostedes son o lobo coa pel de cordeiro, señoría. *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡Non, mire...! *(Murmurios.)* Vostede presentou unha emenda. A amnesia tamén a ten vostede, porque é que presentou unha emenda que di: «Eliminar o imposto da electricidade e a revisión do tipo do imposto do valor engadido». ¡É que a que ten amnesia é vostede!

Mire, claro que estou orgullosa das reformas do sector eléctrico que fixo o Goberno de Rajoy e os anteriores, porque viñeron poñer orde e, sobre todo, crear superávit. Non como vostedes, que crean déficit no sector eléctrico que despois temos que pagar todos durante... ¿cantos anos?, ¿durante vinte anos, señora Presas? *(A señora Presas Bergantiños nega coa cabeza.)* Bueno, a verdade é que hai que ter un pouco de pudor.

Señor Seco, a verdade é que vostede o obvia, pero o bono social eléctrico reformulouno o Goberno de Rajoy —e, por certo, co apoio do Partido Socialista—. Reformulouno porque non funcionou. Cando o crearon vostedes, non funcionou o bono social eléctrico, e tívoo que reformular Rajoy, señor Seco. E de 10,35 quilovatios pásase a 10 quilovatios; polo tanto, fóra do bono social eléctrico. E esa potencia téñena moitas familias en España.

Miren, o que se demostra con este cambio de tarifas, señorías, é que o Goberno central ou non coñece a realidade do consumo enerxético en España —que é pola mañá e pola tarde, a partir de media tarde— ou, o que é peor, que si que o coñecen e que nos toman por tontos a todos, señorías. Tómannos a todos por tontos. Os autónomos que rexentan cafeterías, restaurantes, peluquerías ou talleres non abren ás tres da mañá para traballar. Os españois e as españolas non poñen a lavadora nin encenden o forno ou a vitrocerámica de madrugada, porque a esa hora están durmindo para descansar e poder traballar polo día.

Por iso, pedímoslles aquí que revisen os tramos e baixen a factura e non a suban. Levan tres anos gobernando e demostrando total ausencia de planificación enerxética. En materia industrial, afogan a nosa industria electrointensiva, que paga, que ten que sufrir, un prezo da enerxía 30 euros por enriba de Francia ou Alemaña. Pechan as centrais sen alternativa, aproban unha lei de cambio climático para electrificar a economía, pero queren pechar toda a industria do mar, e agora aproban unhas tarifas que parten dun prezo da luz un 40 % maior que hai un ano, e resulta que provocan que boa parte do día, cando máis enerxía consumimos por traballo e por necesidade, paguemos a maiores —seguro— un 30 % máis, sumado a ese 40 %. Onte, 82 euros o megavatio/hora.

A realidade é que o único que queren conseguir con isto, señorías, é abrasar os españois para despois malgastar, e, o peor de todo, para despois botarlles a culpa a todos os consumidores, porque despois, cando nos suban a tarifa da luz, dirannos: ¡Oian, é culpa súa, que non puxeron a lavadora, a vitrocerámica pola noite e que non traballaron pola noite! ¡Traballen pola noite! ¡É culpa súa que lles faga a tarifa! ¡Un pouco de respecto, señor Seco! *(Aplausos.)* E iso, oia, pagarémolo con gusto porque nos goberna un goberno social e progresista, entón,



pois nada de manifestacións. A camiseta quitouna. Levábaa pola mañá e quitouna agora. *(Murmurios.)* ¿Vale? Nada de manifestacións.

Miren, non veñan dicir aquí que non se poden compensar custos por recadación, porque o imposto de CO2 duplica o dos anos anteriores. Pois pódense compensar rebaixas na factura xa, e non esperar a dicir aquí anuncios como que vén a ministra anunciar... ¿Para dentro de cantos anos vai rebaixar a factura da luz?

Por certo, que veremos, veremos o que pasa con ese imposto que lle van poñer á nuclear e á hidráulica. Imos ver se non ocorre como coas térmicas. Anuncian o peche das nucleares, pero despois imos ver como temos enerxía de respaldo, señor Seco. É que é unha planificación...; é desplanificación. Non é planificación enerxética. É que pecharon as térmicas sen ter alternativa, e agora queren pechar tamén as nucleares. Conseguirán que pechen as nucleares antes de tempo, señorías.

Miren, ¿como van garantir a subministración enerxética? Xa ocorreu no mes de xaneiro, que se tivo que activar a das Pontes, porque, se non, había un apagón eléctrico en España. Pero diso non dicimos nada.

Mire, a realidade é que aqueles que nunca permitirían que a luz nos subira aos españois e que poñerían firmes ás eléctricas están todos escondidos hoxe e desdicíndose do que dixeron cando estaban na oposición. E, ben, o BNG vén aquí de salvador. ¡Un pouco menos de hipocrisía, señora Presas!, porque o fixo na anterior iniciativa e séguelo facendo agora. Goberna co Partido Socialista alá onde perden, alá onde perden; e en Madrid apoiaron o señor Sánchez. ¡É que non teñen pudor para vir aquí e pedir iso! A min daríame vergonza, de verdade. *(Murmurios.)* Se eu votara en Madrid o señor Sánchez e agora vir aquí pedir unha rebaixa da factura da luz para todos os consumidores... ¡Un pouco de pudor! *(Aplausos.)*

Miren, se non apoian esta iniciativa tal cal a presentamos —e posiciónome sobre as emendas, señor presidente; evidentemente, obviamente, non imos aceptar as súas emendas—, que busca reducir de forma inminente a factura da luz de todos os consumidores, quedarán retratados unha vez máis no seu servilismo ao Goberno do señor Sánchez, que, de momento, o único que conseguiu nestes tres anos de goberno foi que a luz subise ata o de agora un 44 %. Imos ver nas seguintes facturas o que pasa a partir deste mes de xuño polo incremento destas novas tarifas.

Pola miña parte, nada máis, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Nóvoa.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereja Fraiz e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co deseño e presentación oficial do Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022**





**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Vereia Fraiz.

**O señor VEREA FRAIZ:** Grazas, presidente.

O pasado marzo a ministra de Industria convocou nunha reunión a todos os representantes autonómicos con competencias en materia de turismo; unha reunión que foi, cando menos, peculiar ou pouco habitual. Xa a mesma convocatoria foi apresurada e sorpresiva para un tema tan importante como era o anuncio do Plan nacional turístico para o Xacobeo, e non se tivo a posibilidade de ter actuacións previas, de analizar a documentación... O propio desenvolvemento da reunión tamén foi peculiar, pouco habitual. Non se lles permitiu quenda de palabra aos representantes autonómicos e, polo tanto, consistiu nun monólogo, nun esbozo dun documento finalmente vacío, sen compromisos reais e, por suposto, sen ningún tipo de compromiso económico. Isto o que xerou foi unha nova decepción en todo o sector. Un sector, o turístico, o hostaleiro, o cultural, que leva tempo observando as actuacións do Goberno central. E en aspectos como as axudas directas, o Goberno central non estivo presente. Si que activou ferramentas útiles, como foron os ERTE ou os ICO, pero non o completou con esas axudas directas que servirían para facer unha actuación de política económica eficiente ao longo da crise económica. Si o fixo a Xunta de Galicia a través deses plans de rescate e tamén, hai que dicilo, algunhas administracións locais.

Solicitamos tamén a baixada do IVE turístico e non houbo resposta por parte do Goberno central. A ministra unicamente respondeu a través desa famosa entrevista no xornal ABC, onde dixo que non baixaba o IVE turístico porque unicamente beneficiaría a hostalería e o sector turístico. Deixounos sorprendidos porque, precisamente, o que queríamos coa baixada do IVE turístico era reactivar sectores que estaban colapsados nese momento.

Non está tampouco o Goberno central nas axudas ao Xacobeo, iso tamén o está vendo todo o sector. Os orzamentos xerais do Estado non tiñan nin unha soa partida específica para o Xacobeo, cero euros para o Xacobeo. E o documento que acabamos de mencionar, como dicimos, é un documento sen investimentos, un documento sen cronoloxía, sen actuacións e, polo tanto, un documento vacío, como dicía antes, que ten como maior mérito o propio título e a súa propaganda.

Isto contrasta co compromiso da Xunta de Galicia; un compromiso político e institucional desde o primeiro momento co Xacobeo e que, ademais, ten a súa consecuencia económica, con eses 85 millóns de euros que están orzados para o ano 2021 e que afectan diferentes aspectos, como o tema da seguridade, que vai ser fundamental no futuro pospandemia. A variable da seguridade vai ser un dos primeiros aspectos que vai valorar o consumidor turístico. E isto enténdese tamén en senso contrario: se un destino é inseguro sanitariamente, vai ter moitos problemas para reactivarse. Unha das misións principais deste orzamento do Xacobeo é blindar esa seguridade. Tamén haberá investimentos en infraestrutura, en patrimonio cultural, en mellora da paisaxe, en promoción —o que é lóxico nun contorno tan competitivo— e investimentos en programación; unha programación que ten que ser flexi-



ble, que ten que ser dinámica e que ten que ir adaptándose constantemente ás circunstancias sanitarias.

O que pedimos ao Goberno central é, precisamente, iso, un compromiso político e institucional e, ao mesmo tempo, un compromiso económico. O Goberno central tamén é o Goberno de todos os galegos, o Goberno central tamén ten responsabilidade no Xacobeo como evento turístico nacional e con proxección internacional. E o que vemos é que non hai compromisos económicos concretos, pero tampouco ese compromiso institucional ou ese compromiso político.

Polo tanto, o que temos agora mesmo é unha promesa, unha promesa que custou arrancarlle ao propio Goberno central a través da presión política e da presión do propio sector como consecuencia dese fracaso coa presentación do Plan nacional, e é que antes do verán haberá unha presentación do Plan nacional con partidas específicas, con actuacións concretas e con investimentos. Esa promesa non dubidamos de que se vaia cumprir nos vindeiros días e nas vindeiras semanas, pero entendemos que chega tarde. Chega tarde, e ademais, o que é máis triste, chega obrigada. Chega tarde porque, se non houbese ampliación do Xacobeo, xa practicamente non habería financiamento estatal para o Xacobeo. E entendemos que, ademais, chega obrigada polo que acabamos de dicir, porque, a raíz desa presentación fallida do Plan nacional, o sector e a presión política obrigaron a sacar este compromiso.

Como dicíamos, este grupo parlamentario si quere o apoio do Goberno central para o Xacobeo. O Xacobeo necesita o Goberno central. Vai ser un mellor Xacobeo se participamos todos: as administracións locais, a Xunta de Galicia, por suposto, pero tamén a Administración central. E, nese contexto, o presidente Núñez Feijóo solicitoulle ao presidente Pedro Sánchez esa partida de 100 millóns de euros en dous grandes bloques: 70 millóns para a rehabilitación e a posta a punto de todos os bens de interese cultural que están ao longo dos camiños, e eses 30 millóns que xa debatemos nalgunha ocasión para a programación, que, evidentemente, terá que ser flexible e adaptable ás restricións sanitarias.

En todo caso, é unha nova oportunidade para conseguir unha unanimidade, para trasladar unha mensaxe sólida, unha mensaxe contundente, de que en Galicia queremos que o Goberno central participe no noso Xacobeo; unha oportunidade que perdemos hai uns meses e que volvemos traer a esta sesión plenaria para intentar conseguir esa unanimidade. Ademais —e insisto— confiamos en que o Goberno cumpra a súa palabra e en que antes do verán —é dicir, nos próximos días— presente ese plan nacional coas partidas específicas e coas actuacións concretas. Polo tanto, solicitamos tamén poder participar nesa elaboración, no deseño dese plan e, por suposto —porque os xestos en política tamén son importantes— esperamos que acepte a invitación que se lle ofreceu de que a presentación dese plan nacional se leve a cabo en Galicia.

Nada máis; só insistir na necesidade de conseguir esa unanimidade para mandar unha mensaxe única, e gustaríame trasladar que será un mellor Xacobeo se é un Xacobeo de todos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Vereas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.

Boa tarde, deputados e deputadas.

Isaura, sei que estás aquí con nós e sei que me estás dando ánimos, como sempre. Grazas, Isaura. *(Aplausos.)*

Ben, agora imos falar do Xacobeo e do Goberno de España.

Pois ben, o Goberno de España considera a celebración do Xacobeo 2021-2022 como un evento moi importante para promover e aumentar o coñecemento e a notoriedade do Camiño de Santiago nos mercados internacionais, polo que colaborará coa Xunta de Galicia na súa celebración.

O compromiso do Goberno de España co Xacobeo para os próximos anos supera os 90 millóns de euros. Son proxectos nos que están implicados diferentes ministerios e que permiten abordar a rehabilitación de edificios con interese arquitectónico, así como a restauración de obras de interese cultural e a mellora das infraestruturas que se atopan en numerosos concellos ao longo dos diferentes camiños de Santiago.

En total, hai unhas cento cincuenta actuacións en proxecto e en execución, coas que o Estado chega a máis de 60 concellos en toda Galicia.

No ano 2020, houbo axudas por un importe de 20,5 millóns, e este ano prevese unha axuda governamental por un importe de 40,5 millóns. En total, 61 millóns de euros aos que os concellos de Galicia poden acollerse para financiar proxectos relacionados co Camiño de Santiago.

O Ministerio de Transporte, Mobilidade Sostible e Axenda Urbana acomete un plan de acción sobre seguridade viaria no Camiño de Santiago, cun investimento global de 12,5 millóns.

En canto ao Programa de rehabilitación arquitectónica, tamén do Ministerio de Transportes, inclúe accións como a restauración da escaleira e a cripta do Obradoiro da catedral de Santiago, que ten un custo de 1,4 millóns, e xa está en execución.

Un dos ministerios máis implicados, sen dúbida, é o de Cultura. Este ministerio investirá 30 millóns de euros para ter o mellor Xacobeo 2021-2022. O Programa Xacobeo para a conservación e mellora de bens culturais supón un investimento, entre 2019 e 2022, de, como dixeran, 30 millóns de euros, e está composto por máis de trinta actuacións.



Dentro desta iniciativa están en marcha proxectos por valor de 3 millóns de euros, a maioría correspondentes a diversas actuacións na catedral de Santiago. O Goberno de España, a través de diferentes ministerios, investiu 20 millóns de euros na catedral de Santiago nos últimos anos. No mes de decembro produciuse unha das recuperacións patrimoniais máis importantes do mundo, a rehabilitación da basílica da catedral de Santiago. A rehabilitación da catedral de Santiago estana facendo dende o Goberno de España, dese goberno que din que non fai nada en Santiago, nin no Xacobeo, nin no Camiño. (*Aplausos.*) Pois aquí están 20 millóns para a catedral de Santiago.

A maiores, o pasado 27 de maio, coa rehabilitación da contorna da igrexa de San Xulián do Camiño, en Palas de Reis, volveuse reforzar o compromiso do Goberno de España co Camiño de Santiago e co Xacobeo; iniciativa que financia o Ministerio de Transportes, cun investimento de 323.000 euros. Tamén o Ministerio de Cultura realizou o primeiro *Escape room* do Camiño, que está aberto dende hai unhas semanas en Palas de Reis, e está prevista a inauguración doutro similar nas próximas datas en Sarria.

A Secretaría de Estado de Turismo, á marxe da promoción que o Camiño de Santiago leva a cabo con Tour España, en colaboración coa Xunta de Galicia, creou un grupo de traballo en xullo de 2019, baixo a supervisión da Conferencia Sectorial de Turismo, que xira arredor da colaboración da Secretaría de Estado de Turismo no Xacobeo. O dito grupo, no que están todas as comunidades autónomas polas que pasa o Camiño de Santiago, reuniuse o 16 de xullo, e máis tarde, o 18 de setembro, co fin de revalorizar conxuntamente iniciativas e accións de promoción no marco do Xacobeo 2021-2022, despois da crise da covid-19. Nas diferentes reunións mantidas por este grupo de traballo, a última, o 16 de novembro, propuxéronse e debatéronse a accesibilidade, a sinalización e a difusión e promoción dos diferentes camiños e rutas. As liñas de traballo establecidas foron: a inclusión do Camiño no Plan de márketing 2021; a creación dunha APP sobre o Camiño de Santiago; a coordinación da Estratexia de promoción e información do Camiño de Santiago e Xacobeo 2021-2022 co resto das comunidades autónomas; o estudo e a mellora da sinalización das distintas estradas; ampliar o campo de acción en Portugal; e traballar na accesibilidade do Camiño a través do acordo asinado coa Once.

Como pode comprobar, as comunidades autónomas xa están participando no Xacobeo, que é unha solicitude que tiña na súa proposición non de lei. As comunidades autónomas xa están colaborando, opinando e participando xunto co Goberno central.

A maiores, o pasado 4 de marzo, a ministra de Industria, Comercio e Turismo, a señora Reyes Maroto, participou no encontro para preparar o Plan nacional de turismo 2021-2022 do Xacobeo, que ten como obxectivo servir de palanca para reactivar este destino turístico e promocionar os Camiños de Santiago, xerando un produto único. A ministra explicou as principais accións que terá o plan, como a rehabilitación de bens inmoables do patrimonio histórico cun uso turístico para facelo sostible, accións de sustentabilidade turística dos destinos, medidas para promover e priorizar plans nos destinos que forman parte dos Camiños de Santiago; e ademais, ampliárase o modelo da rede de destinos turísticos intelixentes e levaranse a cabo accións de promoción do Xacobeo 2021-2022, tanto a nivel nacional como internacional.



O Goberno de España actualmente ten programadas 103 accións asociadas á promoción do Camiño de Santiago e do Xacobeo 2021-2022. Destacan, por exemplo, a exposición fotográfica do Camiño de Santiago prevista en Oslo para os meses de xuño e xullo, a presentación para a prensa sobre o Xacobeo prevista en Chicago, presentacións específicas do Xacobeo para axentes previstas en Roma, París e Lisboa, campañas locais en Italia, Irlanda e Brasil, formación de axentes en México e Rusia, 36 viaxes internacionais de prensa e 21 viaxes de axentes, dúas delas especialmente orientadas ao turismo accesible en Dublín e Tokio. E hai que mencionar, especialmente, a conversión da oficina de turismo en Roma, situada na céntrica praza de España, nun centro multimedia interactivo que inclúe un punto de información do Xacobeo e que pode ser escenario de varias actividades dirixidas á prensa, aos axentes e ao público en xeral.

Como poden comprobar, hai moitos investimentos e moitas accións do goberno do Estado para o Camiño de Santiago e para o Xacobeo. O Goberno de España está apoiando, e continuará apoiando tanto o Camiño de Santiago como o Xacobeo. A implicación do Goberno de Pedro Sánchez é total co Xacobeo e co Camiño de Santiago. Aínda que vostedes repitan unha e outra vez que o Goberno de Pedro Sánchez non fai absolutamente nada nin no Xacobeo nin no Camiño, aquí están todas as cousas que se están a facer, e virán máis. Eu tampouco me cansarei de repetir todas as actuacións que está facendo o Goberno central.

Iso si, aínda non sabemos que se vai facer cos 85 millóns de orzamento que ten o Goberno de Feijóo e están pedindo 100 millóns. ¡É increíble! De verdade que é increíble que non se saiba que se vai facer cos 85 millóns, *(Aplausos.)* porque non hai programación, non hai unha programación no día de hoxe, e piden máis cartos. ¡É increíble, de verdade! O único que sabemos é que hai 8 millóns para unha xigantesca campaña promocional e esta fin de semana dixeron que ía haber uns concertos. ¡Home!, espero que haxa algo máis, porque 85 millóns parécenme moitos millóns só para estas cousas. Entón, esperemos que haxa unha programación. A min gustaríame que alguén, algún día, me dixera en que vai consistir esa programación, porque o levamos preguntando en varias ocasións, tanto en comisión como en pleno. ¿Que se vai facer con eses 85 millóns de euros? Por favor, se alguén me pode responder, eu estaría encantada.

O Goberno de España seguirá apoiando o Xacobeo con todas as actuacións que se están executando e que se van executar ao longo deste ano. E xa lle digo que imos votar a favor desta proposición non de lei, porque nós si pensamos en mellorar o futuro do turismo. Nós si pensamos en mellorar a sociedade, non como outros. Entón, votaremos a favor desta proposición non de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Pérez López.





**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

A presente iniciativa do PP non deixa de constituír un paradoxo. Dende o Grupo Parlamentario do BNG —e tamén do PSOE, é certo— levamos dende o comezo do curso político presentando iniciativas nas que solicitamos o acordo dos grupos da Cámara para instar a Xunta a que explique —ou que explicase— en que ía consistir a imprescindible reorientación do Xacobeo no contexto de pandemia, e a resposta da Xunta unha e outra vez durante estes meses foi botar balóns fóra e, neste caso, nalgúñas ocasións, con maior ou menor elegancia.

Dende o BNG xa advertiamos alá polo mes de setembro do ano pasado que era imprescindible esa redefinición do Xacobeo. A situación pandémica a nivel galego, español e internacional aconsellaba, aínda que só fose por prudencia, dar un xiro á concepción tradicional que o Goberno galego ten do Xacobeo. Esa concepción tradicional apostou sempre por actos multitudinarios, concentrados en Santiago de Compostela, de innegable repercusión mediática, pero tamén dun gasto económico elevadísimo e dun retorno económico descoñecido pola opacidade das contas da Xunta.

É innegable que o Xacobeo estivo e está sobrevalorado, dende o punto de vista orzamentario, pola Xunta de Galiza. Incluso nun ano de absoluta incerteza sobre a evolución da pandemia, como foi o ano 2020, a Xunta non mudou o paso neste sentido.

Este evento contou cunha importante partida orzamentaria no ano 2020, 82 millóns; ano no que, debido á pandemia, foi case imposible desenvolver practicamente ningunha actividade. ¿E que fixo a Xunta con este orzamento? Pois á pregunta deste grupo dende Vicepresidencia indicouse que, no relativo ás partidas orzamentarias destinadas ao Xacobeo, o que se ía gastar no ano 2020 e non se puido gastar pola pandemia dedicárase a ter preparadas as vías do Camiño de Santiago para cando chegasen os peregrinos. ¡Aí queda iso! Cando peor o estaba a pasar o sector turístico —que durante meses, os máis duros da pandemia, nos que as restricións da actividade, de mobilidade foron maiores; meses nos que non contaron con axudas nin dende a Xunta de Galicia nin dende o Estado—, dende a Vicepresidencia descolgábase cunha afirmación así, e esta afirmación, dende logo, elegante non foi; máis ben foi certamente censurable e irresponsable.

Que o Goberno español non cumprise é malo, pero que a administración máis próxima aos galegos e ás galegas, como é a Xunta, non articulase liñas de axuda directas durante nove meses, como demandaba o sector, e se dedicase cos cartos do Xacobeo a tapar baches é, desde logo, para poñerse colorados. Cando o sector turístico en xeral, aló polo mes de setembro, clamaba por axudas de todas as institucións, cando todos asistimos ao peche de centos de negocios que vivían do turismo, o Goberno galego mantivo un plan xacobeo que xa tiña previamente á pandemia; plan inservible e desfasado e afastado da realidade, atendendo á nova realidade marcada pola covid-19. ¿Que supuxo isto? Que non dedicaron nin un céntimo deses cartos do Xacobeo a socorrer un sector que agonizou durante meses, e isto é inxustificable.



A Xunta de Galiza do señor Feijóo dedicou esa partida orzamentaria do Xacobeo a preparar os Camiños para a chegada de visitantes no ano 2021, neste ano; sendo agora —nove meses despois desas gloriosas declaracións— cando timidamente se empeza a notar a chegada de peregrinos —case todos nacionais, claro—. Polo camiño quedaron centos de negocios asociados ao Xacobeo e ao turismo. Tamén se dedicaron parte deses cartos a un evento de tremenda repercusión a nivel mundial, cun *feedback* económico brutal para todos os galegos.

O que está claro é que o Xacobeo para o PP é moi importante, de aí que estea dopado dende o punto de vista orzamentario. E pola importancia que ten para o PP, a Xunta negouse a levar a cabo unha necesaria reformulación do Xacobeo durante o ano 2020, esperando unha mellora da situación epidemiolóxica que nunca chegou.

¿E por que é tan importante para o Partido Popular? Porque, tradicionalmente, no Xacobeo as campañas de autobombo do PP e da Xunta mestúranse de tal maneira que é moi complicado saber onde acaban unhas e onde empezan as outras. Hai unha clara instrumentalización política do Xacobeo, unha instrumentalización que o PP e o Goberno galego realizan de xeito descarado. E tamén é importante porque a Xunta, no contexto actual, fiou todas as expectativas de recuperación económica ao Xacobeo 2021 e respirou aliviada cando acadou esa prórroga que supuxo estender o Xacobeo ata o ano 2022, dende a óptica relixiosa, e, claro, tamén económica.

Pero o problema está en que ese inmovilismo e esa falta absoluta de cintura do Goberno galego para reorientar o Xacobeo supuxeron para o sector turístico perder moitos meses; meses nos que pecharon moitísimos negocios que dependían da actividade xerada por este evento. Cando a evolución da pandemia e o avance da vacinación nos fan ver un pouco a luz, dende a Xunta presentouse un cartel de concertos do Camiño, «O son do Camiño-Perseidas», un formato que reparte unha serie de actuacións en tres semanas de xullo e agosto e que, unha vez máis, se circunscribe a unha localización xeográfica concreta, neste caso, o Monte do Gozo. Seguramente, estas actuacións xerarán certo movemento na cidade de Santiago de Compostela, pero pouco máis.

En resumo, a actuación da Xunta relativa ao Xacobeo durante o ano 2020 e o que vai do ano 2021 limitouse a acondicionar o Camiño de Santiago para uns peregrinos, que é agora cando empezan a chegar a contagotas, así como a iniciativa promocional «Acende o Camiño». E hai uns días houbo un anuncio tamén dunha campaña promocional para traer turistas a Galiza no que queda do ano 2021 e durante o ano 2022, dotada con nada máis e nada menos que 8 millóns de euros, e para isto si que non se escatiman cartos. Está claro que a promoción é importante, pero estamos falando de 8 millóns de euros.

Moito anuncio e promoción que amosan o que dende o BNG levamos denunciando dende hai meses: que o Xacobeo precisa de planificación na súa programación e de clareza nos seus investimentos. Non pode limitarse a ser pura propaganda.

Volvemos dicilo, o Xacobeo é un gran produto, mais non vai ser a solución ao turismo nun ano tan complicado como está a ser este. Pode axudar, pero non vai ser suficiente para acadar a reactivación do sector, atendendo a que o turismo internacional vai tardar aínda bastante en activarse.



E, por iso, dende a Xunta tiña que terse apostado por diversificar a oferta para complementar este evento. Pero, desgraciadamente, do publicado nos últimos días pódese concluír que a aposta da Xunta non pasa por esa tan necesaria diversificación; volven repetir o modelo. E o problema é que este modelo do Xacobeo do PP incide —e repite— no mesmo erro: carencias de planificación e carencias de investimento turístico en cuestións fundamentais para Galiza, como pode ser o turismo náutico, o turismo cultural, urbano, termal, e mesmo a ordenación de espazos.

Os investimentos do Xacobeo deberían centrarse en cuestións que sirvan tanto ao sector do turismo como á poboación local —xa o dixemos máis veces, e seguiremos insistindo—, non só de Santiago e dos lugares polos que discorre o Camiño, senón tamén do resto do país, porque hai moitas zonas do país que non se benefician do Xacobeo, tal e como o concibe o Partido Popular.

Para que o Xacobeo tivese un efecto expansivo e positivo ao longo do noso país sería necesario que os investimentos destinados a este evento xerasen máis oportunidades laborais, con empregos dignos, estábeis e non precarizados, e que eses investimentos mellorasen as infraestruturas para a sociedade e o nivel de vida para a poboación local en xeral, e non só para os que viven preto dos diferentes Camiños. E iso só se pode conseguir coa diversificación da oferta turística, repartindo os investimentos por todo o país e, sobre todo, cambiando a concepción de pura propaganda que o Partido Popular ten do Xacobeo.

Como dicía ao comezar a miña intervención, esta iniciativa é un paradoxo, porque pide do Estado o que dende o BNG levamos pedindo hai meses da Xunta de Galiza: planificación e concreción das accións do Xacobeo, e planificación e concreción na aplicación dos recursos económicos destinados ao Xacobeo.

Dun xeito sintético, con esta iniciativa o PP pide do Estado que se lle teña en conta no deseño da estratexia turística dese Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022 e que se lle dea cancha para aplicar os recursos económicos que ese plan destinará a Galiza nos próximos anos. Pero para iso sería preciso facer un traballo previo a nivel institucional e ter peso político nas decisións que adopte o Estado e que atinxan a Galiza, o cal só se pode conseguir afondando no autogoberno e asumindo todas as competencias que lexitimamente lle corresponden ao noso país; xusto o que non fixo o PP, que dende o minuto un da lexislatura estivo máis ocupado en buscar a confrontación política e o desgaste do Goberno central que en crear espazos de entendemento que facilitasen que dende Madrid se adoptasen medidas que mellorasen a grave situación na que se atopan moitos sectores produtivos do noso país, e, nomeadamente, o sector turístico.

Pero tamén hai que dicir que dous non se pelexan se un non quere, e o Goberno do Estado entrou nese xogo estéril e indecente nun momento de crise como o que vivimos, adoptando decisións lesivas para o noso país, como os criterios de repartición dos fondos europeos, que dende o BNG criticamos unha e outra vez de forma clara.

A pesar de que esta iniciativa hai que marcala unha vez e máis nese toma e daca entre Xunta e Goberno central, o que se está solicitando realmente é que o Goberno galego poida parti-



cipar no marco dese Plan estratéxico, nas decisións do Goberno español que afectan a Galiza e na xestión dos recursos económicos que poidan chegar do Estado.

Por iso, apoiarémola, e exixiremos no seu momento do Goberno galego que os recursos económicos que poidan chegar —se chegan— se destinen a investimento turístico en cuestións fundamentais para Galiza, como as que xa dixemos antes, o turismo náutico, o cultural, o urbano ou o termal, que complementen o Xacobeo e ao mesmo tempo permitan avanzar na diversificación da oferta turística e nun modelo máis distributivo e xusto para o conxunto do noso territorio. Un modelo turístico sustentábel e xerador de riqueza para o noso país pasa por que exista unha planificación do retorno económico.

Para o BNG, o turismo en xeral e o Xacobeo en concreto non poden entenderse como un gasto —xa remato, presidente—, ten que haber unha planificación do retorno económico que permita saber canto se vai recadar por cada euro investido. O resto será propaganda e falla de planificación. Non está Galiza para propaganda, o que precisa o sector turístico neste momento crítico son certezas, non políticas orientadas á promoción do PP e do señor Feijóo, sexa aquí, no país, en Madrid ou no Vaticano.

Nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez López.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Borja Vereá.

**O señor VEREÁ FRAIZ:** Grazas, presidente.

Hai unha pregunta que segue sobrevoando constantemente cando analizamos a cuestión do Xacobeo, e é: ¿por que o Goberno socialista do presidente Sánchez non apoia o Xacobeo? Calquera decisión política, por acción ou por omisión, ten que ter unha motivación, ten que ter unha explicación racional, ten que ter algunha argumentación. E xa non digo supostos administrativos, convocar unha subvención, quitar unha resolución ou adxudicar unha obra, que, por lei, teñen que ter esa motivación, pero as estritamente políticas tamén deberían de ter unha argumentación racional detrás. Incluso a nivel local, se un dirixente local critica un alcalde porque non atende as demandas duns veciños, hai unha argumentación detrás, ou cando un grupo político defende determinada política enerxética dun goberno. Co que nos atopamos aquí ante esa pregunta de por que o Goberno de Pedro Sánchez non apoia o Xacobeo é con que non hai resposta, porque, ademais, o que hai son promesas sen cumprir. E mentres non teñamos unha explicación racional e non se concreten esas promesas —que, insisto, confiamos en que os vindeiros días, como prometeu o Goberno do presidente Sánchez, se anuncie ese plan nacional con partidas específicas e con actuacións concretas—, mentres non chegue ese momento, só nos queda a imaxe dun goberno prisioneiro que segue discriminando a Galicia e que, ademais, segue menosprezando o Xacobeo.

Podemos facernos outra pregunta: ¿se o Xacobeo se levase a cabo noutra cidade, ou outra comunidade autónoma fose a protagonista dun fenómeno como o Xacobeo, como un evento



turístico nacional e con esta proxección internacional, estaríamos ante a mesma pasividade do Goberno central á hora de participar, de implicarse e de ser parte deste fenómeno do Xacobeo? Ben, non sabemos a resposta, pero intuimos que non sería tan pasivo e que tería unha maior proactividade.

Hai seis meses non conseguimos esa unanimidade, pero os que apostamos por seguir insistindo, por exixir este compromiso ao Goberno central, demostramos que tiñamos razóns. Agradezo o apoio da PNL do Grupo Socialista. Imos esperar que se concreten esas promesas en feitos, en actuacións concretas, en investimentos reais, e que consigamos entre todos —como dicíamos antes— que o mellor Xacobeo, sen dúbida, sexa o Xacobeo de todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Borja Vereja.


Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás sete e vinte e catro minutos da tarde.*







PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

